

SESION ORDINARIA DE 31 DE XULLO DE 2018

(Acta Número 09)

Sr. Presidente:

Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo
D. Alvaro Santos Ramos
D. Lino Rodríguez Onega
D. Eduardo Vidal Baamonde
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Angel Sotuela Vega
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D^a. Sonsoles López Izquierdo
D^a. M^a. Elena Candia López
D. Xosé Ferreiro Fernández
D. Manuel Martínez Núñez
D. Juan Carlos Armesto Quiroga
D. Antonio Veiga Outeiro
D. José Antonio García López
D^a. M^a. Angeles Teijeiro González
D. Ramiro Moure Ansoar
D. José Ulla Rocha
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José Manuel Yanes Ginzo
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Pardo Lombao
D. Jesús Carreira Ferreiro
D. Jesús Manuel Núñez Díaz

Secretario:

D. Cristobal Victor Fraga Bermejo

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **trinta e un de xullo de dous mil dezaoitto**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. Cristobal Víctor Fraga Bermejo, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE XUÑO DE DOUS MIL DEZAOITO.**

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación a acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de xuño de dous mil dezaeito.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Esta acta en principio non ten ningún problema, está correcta, incluso recollido con puntos e comas exhaustivamente como sempre se veu facendo, pero acórdase que no debate desta sesión vostede comprometeuse a que quedara recollida a proposta que eu facía que non era outra que se adaptara á realidade a acta, que figurara na acta o que se dixo que nesa acta non figuraba, e que se revisaría a acta.

Eu a día de hoxe non teño coñecemento de que se teña revisado esa acta, refírome á acta do mes de maio, polo cal eu o que propoño é que se revise esa acta, que se modifique o texto que estaba mal transcrito, e que mentres non se mande esa acta corrixida, que é o que se fixo sempre en tódalas Institucións polas que eu pasei e tamén se facía nesta Institución ata esta acta de maio, e que quede sobre a mesa esta acta porque a outra aprobámola condicionada a que se modificara a mesma; eu descoñezo que se teña modificado porque non a recibín. Cando hai unha Xunta de Goberno onde hai erros mándase de novo corrixida e non hai ningún problema. Esta eu non a recibín, e como teño a dúbida e obviamente eu, aínda que o dí aquí e se compromete vostede de palabra e figura na acta que se vai corrixir, non a recibín e por tanto comprenderá que gato escaldado foxe da auga, e non me podo fiar da súa palabra; e en todo caso eu pediría que se votara o deixala sobre a mesa ata que se envía a outra corrixida”.

Intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Creo que deixei claro aquí que se ía mirar a acta, e que se transcribira tal e como se acordou”.

O Presidente manifesta que queda sobre a mesa o presente asunto ata que se envíe corrixida a acta da sesión de 29 de maio de 2018.

PARTE RESOLUTIVA

COMISION DE DE COOPERACION E ASISTENCIA A CONCELLOS E MEDIO AMBIENTE

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DA ALCALDÍA DO CONCELLO DO INCIO, SOBRE PRÓRROGA PARA ADXUDICAR A OBRA NÚM. 31 DO POS DE 2016.

Visto o escrito da Sra. Alcaldesa do Concello de O INCIO, RXE nº 20535, no que solicita unha nova prórroga para a adxudicación e execución da obra incluída co *nº 31 no POS de 2016 "Mellora de camiño de acceso a Toldaos, p.k. 0+000 a 0+490"* e indica que se atopa a espera da declaración de urxente ocupación por parte da Xunta de Galicia [no marco dun procedemento expropiatorio para a obtención dos terreos necesarios.

No POS da anualidade de 2016, que foi aprobado polo Pleno desta Deputación con data 26 de xullo de 2016, figura incluída co nº 31 a obra citada, pertencente ao Concello de O INCIO.

No devandito acordo estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras ou o acordo da súa execución por administración, debería estar adoptado na data límite do 30 de novembro de 2016.

No Pleno de data 29 de novembro de 2016 concedeuse, previa petición do Concello, a través de escrito nº 873 de data 4 de novembro de 2016, unha prórroga ata o día 30 de agosto de 2017 para a adxudicación da obra, ao ser necesario a tramitación do correspondente expediente de expropiación forzosa por non dispor da preceptiva cesión dos propietarios dos terreos afectados.

No Pleno de data 26 de xullo de 2017 concedeuse, previa petición do Concello, a través de escrito nº 22561 de data 17 de xullo de 2017, unha segunda prórroga ata o día 30 de xuño de 2018 para a adxudicación da obra e ata o 30 de agosto de 2018 para a execución e xustificación, ao ser necesario a tramitación de correspondente expediente de expropiación forzosa por non dispor da preceptiva cesión dos propietarios dos terreos afectados.

A Alcaldesa do Concello de O INCIO, a través de escrito nº 20535 de data 11 de xullo de 2018, solicita unha nova prórroga para a súa adxudicación e execución das obras ata o día 30 de xuño de 2019 e a súa execución ata o 30 de setembro de 2019, dado que o Concello non dispón dos terreos para a execución das obras e están a espera da declaración de urxente ocupación dos terreos por parte da Xunta de Galicia

Non estamos ante o suposto de unha prórroga, posto que os prazos vencidos non poden ser prorrogados nin ampliados, tanto no réxime da Lei 30/1992, do 26 de novembro, como no réxime da Lei 39/2015, do 1 de outubro: artigo 49.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro e artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Desta sorte un prazo vencido non pode ser obxecto de prórroga.

Non obstante o anterior, ambas normas fixan, no ámbito da ordenación do procedemento, un determinado réxime relativo ao cumprimento de trámites: artigo 76.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro e artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Así o artigo 76.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro dicía:

“”3. A los interesados que no cumplan lo dispuesto en los apartados anteriores, se les podrá declarar decaídos en su derecho al trámite correspondiente; sin embargo, se admitirá la actuación del interesado y producirá sus efectos legales, si se produjera antes o dentro del día que se notifique la resolución en la que se tenga por transcurrido el plazo””.

Agora o artigo 73.3 da Lei 39/2015, di:

“”3. A los interesados que no cumplan lo dispuesto en los apartados anteriores, se les podrá declarar decaídos en su derecho al trámite correspondiente. No obstante, se admitirá la actuación del interesado y producirá sus efectos legales, si se produjera antes o dentro del día que se notifique la resolución en la que se tenga por transcurrido el plazo””.

Non se efectuou, por parte da Deputación, ningún trámite relativo á declaración de perda do trámite de comunicación da adxudicación ou da execución das obras.

Polo tanto podería efectuarse ese trámite pendente mentres non se formalice a declaración desa perda: nese período de tempo e no que se pide a prorroga que se ven non se accede a ela formalmente, dadas as razóns concorrentes nada impide que se fixe un novo prazo para a adxudicación das obras e a súa xustificación. Doutra parte, este ven sendo o criterio flexible que se adopta ante este tipo de peticións por outros Concellos (regra do precedente administrativo). Enténdese que se debe aplicar o principio de proporcionalidade que rexe en materia de subvencións, posto que para este tipo de plans a Disposición Adicional Oitava da Lei Xeral de Subvencións (Lei 38/2003, do 17 de novembro) prevé a súa aplicación supletoria. Neste senso cabería acudir aos artigos 17.3.n e 37.2 desta LXS; e mesmo ao artigo 28 da Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación.

Obsérvase a documentación achegada polo Concello de o Incio, como reveladora de que se teñen efectuados diversos trámites para obter a dispoñibilidades dos terreos necesarios para executar as obras, por vía de procedemento expropiatorio e a solicitude a Xunta de Galicia para a tramitación por vía de urxencia. Xa que logo despregouse unha actividade administrativa tendente a cumprir os fins do plan (executar as obras propostas) nese municipio.

Tendo en conta os motivos que aduce o Concello, de ser vontade desta Corporación, cabe fixar un novo prazo para adxudicar as obras, executalas a presentar as oportunas xustificacións. O órgano que deberá adoptar o acordo é o Pleno desta Deputación, ao ser o órgano que aprobou o POS”.

Efectutadas as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Quixera facer unha pregunta, e que quede claro que imos apoiar o novo prazo; pero dado que é unha obra que ven xa do POS de 2015, que se renunciou a ela e a continuación incluíuse no POS do 2016, e se iniciou o proceso de expropiación en febreiro de 2018, dous anos despois; gustaríame saber se ese retraso, que creo totalmente inxustificable, se debe a algo que fixo mal a Deputación ou é unha cuestión exclusiva do concello; porque aparte diso é unha obra que afecta por exemplo a que unha ambulancia non poda chegar a algún dos domicilios que o necesitaban, co cal non sabemos moi ben a que se debe que tres anos despois aínda estea esta obra sen facer; non sei se a Deputación ten algo de culpa ou é un tema exclusivamente municipal”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Argelio Fernández Queipo, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Neste caso houbo unha negociación para chegar a conseguir os terreos os cales non se deron conseguido, e unha vez que pasou iso houbo que ir á expropiación; o procedemento de expropiación leva un tempo, cando se trata de expropiación forzosa todos sabemos que os prazos se alongan, e por seguridade e para poder executar esa obra o concello de O Incio pide que se lle dea esta nova prórroga”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“En todo caso, repetindo que imos votar a favor, dicir que obras que se aproban ó principio dunha lexislatura que se van retrasando e que se inicie o proceso de expropiación tres anos despois case para facela cando é o ano de eleccións parece un pouco forte, falamos en xeral, co cal habería que ter un pouco de coidado en que os aprazamentos foran con causa xustificada en non ás veces por propia deixadez dos concellos como me temo que sexa este caso. En todo caso que se faga a obra dunha vez porque xa vai sendo hora”.

Logo de ver os informes dos Servizos desta Deputación así como o ditame favorable emitido por unanimidade da Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1º.- Acceder ao solicitado pola alcaldía do concello de O Incio e en consecuencia establecer como data límite para a adxudicación da obra nº 31 do POS de 2016 "Mellora de camiño de acceso a Toldaos, p.k. 0+000 a 0+490 o 30 de xuño de 2019 e para a execución das obras ata o 30 de setembro de 2019.

2º.- Deberá remitir a documentación xustificativa da súa contratación ou ben execución por administración (modelo 3A ou 4A) antes do día 15 de xullo de 2019, e a documentación xustificativa da súa execución (acta de comprobación de reformulo, certificación de obra executada aprobada polo órgano competente do concello, acta de recepción ou de recoñecemento e comprobación e o modelo 5A ou 6A na data límite de 15 de outubro de 2019.

3º.- Dar traslado do presente ao concello de O Incio para ao seu coñecemento, constancia e efectos.

COMISION DE GOBERNO INTERIOR E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

3.- PROPOSTA RELATIVA Á EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TENOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC).

Logo de ver a proposta en relación co asunto que figura no epígrafe, do seguinte teor:

“Vista a solicitude da Xerente da Fundación Tic con data 2 de xullo de 2018 e como xa se puxo de manifesto no decreto do Presidente do 20 de outubro de 2016 que di o seguinte:

“Existe un consenso xeneralizado de reducir as estruturas burocráticas en todas as administracións públicas, co fin de a optimizar os recursos materiais e humanos pertencentes ás

mesmas, todo isto para axustarse a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, que, tal como expón no seu preámbulo, ten como finalidade principal evitar a existencia de duplicidades administrativas e “racionalizar a estrutura organizativa da Administración Local, de acordo cos principios de eficiencia, estabilidade e sustentabilidade financeira, e garantir o control financeiro e orzamentario máis rigoroso ...”.

Neste senso a citada disposición legal fai referencia aos acordos entre o goberno da nación e as entidades locais do 7 de abril do 2010 e 25 de xaneiro de 2012. No primeiro deles estableceuse a aprobación por ditas entidades dun Plan de Racionalización das estruturas dos seus respectivos sectores públicos, administrativos e empresariais, co fin de mellorar a eficiencia e reducir o gasto público.

O segundo dos acordos, pola súa parte, defínese como un acordo de reordenación e racionalización do sector público instrumental local, de control e eficiencia, reducindo o gasto público sen reducir a calidade dos servizos prestados, considerándose como eixo principal a medida de redución da dimensión do sector público local.

Estes criterios establecidos pola citada lei, 27/2013, do 27 de decembro, xa foran aplicados pola Deputación Provincial de Lugo, reducindo as súas estruturas administrativas mediante a disolución de entes instrumentais pertencentes a súa organización. Así, en efecto, devandita redución comezou coa extinción da Fundación do Centro Superior Cinexético e Piscícola de Galicia (Fundación TOR) continuando coa extinción do Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social (INLUDES).

Por parte da *Deputación Provincial de Lugo* considérase necesario seguir afondando na racionalización das estruturas administrativas existentes, conxugando dita racionalización coa atención ás reiteradas demandas dos traballadores pertencentes á Fundación TIC: depender do organismo provincial e que se aplique o principio de igual traballo igual salario, compartido pola gran maioría dos actores implicados neste proceso.

Ante a posible disolución e integración na estrutura administrativa da Deputación Provincial de Lugo, xorden problemas de índole xurídico e orzamentario, que son preciso resolver antes de adoptar unha solución definitiva.

Considerouse necesario que, previa á adopción de calquera medida relativa á Fundación TIC, debería contarse cos estudos necesarios que analizasen todos os posibles escenarios que se puideran presentar no procedemento, sempre co obxectivo de conxugar os intereses da Deputación

Provincial de Lugo e dos traballadores da Fundación TI. Para realizar este análise, nomeouse un Grupo de Traballo que, despois de varias reunións nas que se procedeu ao estudo encomendado, emitiu o ditame solicitado sobre as opcións postas de manifesto no Decreto da Presidencia da Deputación provincial, de data 20 de outubro de 2016, de continua referencia:

“1º.- A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local (LRSAL) non fixo ningunha previsión específica sobre estes aspectos realizar procesos de reestruturación do sector público, polas consecuencias xurídicas que comportan, requiren que haxa unha norma con rango de Lei que taxe as circunstancias ou casos nos que se pode aplicar ditas integracións ou declaracións “a extinguir”.

2ª.- Non obstante, á vista do establecido no Proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2017 e, como xa se dixo, de ser isa a súa redacción definitiva, poderíanse extraer as seguintes conclusións:

a.- A normativa contida na Disposición Adicional Vixésimo Sétima ten carácter básico e como tal é de aplicación a todas as Administracións, tendo efectos desde a entrada en vigor da LPGE para 2017 e vixencia indefinida.

b.- Dado que o apartado Un, b) da DA27 xa mencionada dispón que “o persoal laboral que presta servizos en fundacións do sector público, que vaian a integrarse nunha administración pública”, non fai referencia exclusivamente ao sector público estatal e autonómico. Que dúbida cabe que dentro do concepto “sector público” vai incluída indubidablemente as fundacións de todas as Administracións Públicas, incluídas as da Administración Local.

En definitiva, no caso da disolución da Fundación TIC, podería incorporase por integración, o persoal que presta o seus servizos na devandita fundación, sempre e cando dita incorporación NON se faga na condición de empregado público.

c.- As Administracións Públicas do artigo 2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, (entre as que se encontra a administración local) non poderán considerar como empregados públicos do seu artigo 8, nin se poderán incorporar en dita condición, é dicir como empregados públicos, nunha Administración Pública ou nunha entidade de dereito público, inferíndose “a contrario sensu”, que SI poderán ser incorporados noutra condición.

d.- Sobre a citada condición na que poderán ser integrados, á que se fixo referencia no punto anterior, a D.A. 27 establece que ao persoal laboral que preste servizos en sociedades

mercantís públicas, fundacións do sector público, consorcios, en persoas xurídicas societarias o fundacionais que vaian integrarse nunha Administración Pública seríalle de aplicación as previsións sobre sucesión de empresas contidas na normativa laboral.

e.- As previsións sobre sucesión de empresas están contidas no art. 44 do Estatuto dos Traballadores que, en síntese, establece o seguinte réxime:

1.- A integración no extinguirá por si mesma a relación laboral.

2.- A Deputación Provincial de Lugo quedará subrogada nos dereitos e obrigacións laborais e de Seguridade Social do anterior, incluíndo os compromisos de pensións, nos termos previstos na súa normativa específica, e, en xeral, cantas obrigacións en materia de protección social complementaria tivese adquirido a Fundación TIC.

3.- As relacións laborais dos traballadores integrados seguirán rexéndose polo convenio colectivo que no momento da integración fose de aplicación na Fundación TIC (Lembrar, neste punto, que o persoal da Fundación TIC regúlase por tres convenios colectivos diferentes, dependendo da función que cada un dos traballadores realiza e un acordo que afecta aos traballadores da EIS e do CPP de data 10 de maio de 2011. A saber: - Centro de Produción de Programas: Convenio Colectivo de la Industria de Produción Audiovisual (técnicos); Escola de Imaxe e Son: Convenio Colectivo Nacional de Centros de Ensinanza Privada de Réxime Xeral ou Ensinanza Regulada Privada de Réxime Xeral ou Ensinanza Regulada sen ningún nivel concertado o subvencionado; INLUGO (Encomenda de xestión 2015-2017): Convenio Colectivo de Ensinanza e formación non regulada)

4.- Esta aplicación manterase ata a data de expiración do convenio colectivo de orixe ou ata a entrada en vigor doutro convenio colectivo novo que resulte aplicable á entidade económica transmitida.

5.- Tanto a Deputación Provincial de Lugo como a Fundación TIC deberán informar aos representantes legais dos seus traballadores respectivos afectados polo cambio de titularidade dos seguintes extremos:

- a) Data prevista de la transmisión;
- b) Motivos da transmisión;
- c) Consecuencias xurídicas, económicas e sociais, para os traballadores, da transmisión, e
- d) Medidas previstas respecto dos traballadores.

Esta información deberá ser facilitada pola Fundación TIC coa suficiente antelación, antes da realización da transmisión. Pola súa parte a Deputación Provincial de Lugo estará obrigada a comunicar estas informacións coa suficiente antelación e, en todo caso, antes de que os seus traballadores se vexan afectados na súas condicións de emprego e de traballo pola integración.

f.- Para acudir á vía da integración, por sucesión de empresa, como forma de integración do persoal laboral da Fundación TIC no Cadro de Persoal da Deputación Provincial de Lugo, sería preciso realizar unha modificación estatutaria de forma que se contemplase tal causa de disolución nos Estatutos. Dit modificación estatutaria debería ser aprobada, polo Padroado da Fundación TIC para posteriormente ser remitida para a súa aprobación pola Xunta de Galicia, cumprimentándose todos os trámites esixidos normativamente para as modificacións estatutarias.

g.- En calquera caso e de acordo con las limitacións vixentes en materia presupostaria e de función pública da execución das actuacións non poderá derivarse incremento algún da masa salarial nas entidades afectadas.

h.- Aínda que a norma, é dicir, a D.A. 27 do proxecto de Lei de PGE para 2017 non o esixe, entendemos que a integración do persoal só podería producirse naqueles supostos nos que para o acceso individualizado de cada un dos traballadores se tiveran tramitado os oportunos procedementos selectivos nos que se tiveran respectado os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso aos postos de traballo integrados.”

Ante as conclusións do informe, a extinción da Fundación Tic -medio propio instrumental e servizo técnico desta Deputación Provincial- daría resposta ao obxectivo de eliminar duplicidades administrativas, reordenar funcións para aforrar custes e integrar as prestacións nunha única estrutura administrativa e prestar un servizo público máis eficaz.e eficiente.

Este servizo público que, como se dixo en numerosas ocasións, é fundamental na educación, na cooperación cos concellos da provincia, a colaboración coas institucións e organismos sen ánimo de lucro, e a promoción das TICs.

E cumprido o apartado f do informe do Grupo de Traballo, e realizados todos os tramites esixidos pola normativa para a modificación estatutaria, esta xa se contempla nos Estatutos da Fundación Tic do seguinte teor:

“ g) Cando a Excelentísima Deputación Provincial de Lugo adopte acordo polo que ou exercicio das actividades que realiza a Fundación, ao amparo do contido dous artigos 6º e 7º dous

seus Estatutos pasen a xestionarse directamente por dita Entidade provincial, e así se comunique a esta Fundación requirindo a seu Padroado para que proceda a súa extinción. O acordo do Padroado de extinción precisará que a liquidación terá lugar por integración da súa actividade na Excma. Deputación de Lugo, mediante a cesión de todos os seus bens e dereitos”.

Con base ao sinalado, logo de ver o ditame emitido favorablemente por maioría da Comisión de Goberno Interioe e Relacións Institucionais, proponse ao Pleno da Deputación Provincial a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar que a Deputación de Lugo asuma as competencias, actividades e servizos e ao persoal da Fundación TIC.

Segundo.- Aprobar inicialmente a extinción da Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), con efectos do día 31 de decembro de 2018.

Terceiro.- Comuníquese ao Padroado da Fundación TIC para o seu acordo e posterior ratificación polo protectorado segundo o artigo 37, apartado 3 dos Estatutos da Fundación TIC

“..... a extinción da Fundación requirirá o acordo do Padroado ratificado polo protectorado. Se non houberse acordo do Padroado ou este non fose ratificado polo protectorado, a extinción da Fundación requirirá a resolución xudicial motivada, que poderá ser instada polo protectorado ou polo Padroado, segundo os casos”

Cuarto.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios para xeral coñecemento.

Quinto.- Xestionar directamente por parte da Deputación Provincial de Lugo as competencias, actividades e servizos, os bens materiais e o persoal do Ente.

Sexto.- De conformidade co artigo 88.2 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das corporacións Locais (“ao disolverse a institución, a corporación sucederlle universalmente”) e artigo 38 dos Estatutos da Fundación TIC que di:

(“1.- A extinción da Fundación, agás nos supostos nos cales teña lugar como consecuencia dunha fusión, determinará a apertura do procedemento de liquidación, que deberá ser realizado polo padroado co control e o asesoramento do protectorado. No caso de inexistencia do Padroado, o protectorado designará de oficio os liquidadores.

2.- O Padroado -como órgano de liquidación- deberá realizar as seguintes actuacións:

- Confección do inventario e do balance de situación da Fundación na data de inicio do procedemento de liquidación.
- b) Finalización das operacións de xestión que estaban iniciadas ao acordar a extinción, así como de novas que se deban levar a cabo coas limitacións previstas.
- c) Cobramento de créditos pendentes, cancelación de débedas cos acredores de todo tipo e pola orde de prelación establecida.
- d) Calquera outra actuación que sexa conveniente ou necesaria para os interesados no procedemento.

3.- Aos bens e aos dereitos resultantes da liquidación da Fundación daráselles o destino decidido polo Padroado.

4.- Tras seren aprobadas as actuacións de liquidación polo Padroado e de adxudicar o haber resultante, de acordo co previsto no artigo anterior, estas seranlle comunicadas ao protectorado, que verificará as cancelacións e promoverá as inscricións que procedan, entre elas a extinción da Fundación, no Rexistro de Fundacións de Interese Galego”).

A Deputación Provincial de Lugo sucederá universalmente dende o 1 de xaneiro de 2019 en todas as obrigas, contratos, relación laborais, bens e dereitos da Fundación TIC.

Sétimo.- Facultar a Presidencia para a constitución das Comisións técnicas que sexan precisas para o cumprimento deste acordo”.

Ante esta proposta, por parte do Grupo Provincial Popular, preséntase unha emenda de engádegas, do seguinte teor:

“Propónse engadir texto á proposta de acordo de xeito que quede da seguinte forma:

No relativo o punto primeiro aprobar que a Deputación de Lugo asuma as competencias, actividades e servizos e ao persoal da Fundación tic cunha plena equiparación das condicións laborais e salariais dos traballadores da tic cos empregados públicos da Deputación na proporción que permita a masa salarial.

No relativo as actividades, previo a data 1 de xaneiro do 2019, o pleno da corporación aprobará un regulamento de funcionamento deste servizo que priorice en todo momento a disposición da provincia, e da posta en valor do patrimonio material e inmaterial lucense”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, en representación do Goberno Provincial, para dicir o seguinte:

“Bo día a todos e a todas, e en especial á compañeira que hoxe está retransmitindo este Pleno en directo en lingua de signos, unha novidade e un compromiso deste Goberno que por fin se materializa e que permitirá que moitos máis veciños e veciñas poidan seguir a actualidade política, a celebración das sesións do Pleno desta Corporación.

Este é un asunto no que se leva tempo traballando, un tempo importante, é verdade que pode incluso parecer demasiado dilatado pero que é un tema coa súa inxundia, cos seus matices peculiares no administrativo, no xurídico, no legal, e tamén no laboral, que é a coñecida como integración da Fundación TIC na Deputación; se ben a Fundación TIC xa era da Deputación de Lugo, agora o que se dá é un paso máis nesa integración dos traballadores no cadro de traballadores da Deputación Provincial de Lugo.

É conveniente aquí expoñer os antecedentes e como van sucedendo as cousas, sobre todo para poder explicar a emenda que presenta o Grupo Popular como engádegas. A finais do ano 2015 os traballadores trasladan ese interese en abordar a súa situación laboral que é diferente da situación que teñen os traballadores que pertencen directamente á Deputación Provincial de Lugo.

Abórdase ese tema cunha perspectiva que é dar os pasos necesarios para o obxectivo final que non é a integración dos traballadores na Deputación senón a equiparación das súas condicións

laborais coas dos traballadores da Deputación Provincial de Lugo, co cal ese é o punto de partida e co cal ten que ser o punto de chegada, non é ningún elemento que apareza de novo en todo este proceso.

Despois dun diálogo creo que bastante honesto e sinceiro cos traballadores chégase ó enfoque que se lle quere dar, evidentemente despois dunha análise e unha valoración xurídica, técnica, precisa, que nos oriente en que camiños podemos seguir. Ese informe técnico emitido por diferentes Servizos da Deputación con competencia ou con relevancia no que pode ser todo este proceso había tres vías, unha que era a integración por “sucesión” de empresas asumindo a Deputación a competencia e polo tanto o persoal da Fundación TIC, a vía pola que finalmente optaron os traballadores; había outra vía que era crear un novo Servizo e un acceso de concorrencia pública, o que non garantía que os traballadores que están agora mesmo na Fundación TIC fosen os que desempeñasen eses postos na Deputación; ou unha vía intermedia que era de difícil xestión pola variedade de actividades que fai a propia Fundación TIC e tamén pola variedade de modalidades contractuais ou do persoal que se necesita para a prestación das diferentes actividades.

Plantexouselle ós traballadores profesionais da Fundación TIC que, estando a disposición deles facendo tódalas consultas que quixesen, decidisen que vía consideraban a máis óptima para enfocar este obxectivo de conseguir equiparar as súas condicións laborais coas dos traballadores da Deputación.

É verdade que houbo unha pequena dilación de tempo na materialización final do informe porque tiña unha influencia moi importante sobre as posibilidades que se abrían ou non en función do que se recollese na Lei de Orzamentos Xerais do Estado do ano 2017, e unha vez aprobados foi recollida esa posibilidade que se abría no propio informe e polo tanto no abano de posibilidades que tiña a Fundación TIC.

Así, hoxe despois de que conte con tódolos visto e praces técnicos, xurídicos, e do persoal da Fundación TIC, que son os que tiveron a oportunidade de elixir que vía querían seguir para materializar esta integración, damos un paso máis; primeiro houbo que modificar os estatutos da Fundación TIC, cos seus prazos, cos seus requirimentos formais, hoxe a Deputación de Lugo ten

que aprobar que asume as competencias, actividades, servizos, e o persoal da Fundación TIC, entre outras cuestións, para despois continuar cos pasos, porque isto non é inmediato xa que terá que aprobar o propio Padroado da Fundación TIC a disolución así como outras cuestións, co obxectivo de que o un de xaneiro de 2019 os traballadores da Fundación TIC sexan traballadores da Deputación Provincial de Lugo sen que iso repercuta na dinámica habitual da Fundación TIC.

Por parte do Partido Popular preséntase unha emenda de engádegas relativa a esta proposta que fai o Goberno, creo que é unha emenda reiterativa na que pide unha plena equiparación das condicións laborais e salariais dos traballadores cos empregados públicos da Deputación na proporción que permita a masa salarial; este é un tema que se ten abordado cos propios traballadores no seo da Fundación, era unha das vías que se plantexaba a da negociación colectiva dun só convenio no que mellorasemos se nos atopabamos con estas limitacións de masa salarial, de regra de gasto, todas estas cuestións que parece que non lle afectan a ninguén e finalmente se traducen no que afecta á nosa vida, e por iso supoño que sería unha das razóns polas que tamén optaron pola outra vía para poder facelo xa dentro do conxunto do que é a masa da Deputación Provincial de Lugo. Co cal non sei se hai que someter a emenda a votación ou non, pero sexa cal sexa o procedemento votámola a favor porque forma parte da proposta e forma parte do obxectivo que realmente se persegue con isto que é a equiparación salarial dos traballadores e traballadoras.

E no relativo ás actividades, previo á data de un de xaneiro de 2019, o Pleno da Corporación aprobará un regulamento de funcionamento deste servizo que priorice en todo momento a disposición da provincia e da posta en valor do patrimonio material e inmaterial lucense. Non hai absolutamente ningún problema, non sei se para aprobalo, iso xa o veremos cando se traia a Pleno, pero para traballar nun regulamento que dun xeito ou doutro ordene o funcionamento e a dinámica de traballo da Fundación Tic, por certo, dinámica de traballo que hoxe se pode dicir que atende a máis de dúascentas asociacións e entidades sociais sen ánimo de lucro do ámbito social, do benestar, cultural, deportivo, ós concellos da provincia que así o requiren en función dos seus recursos, e que está moi ben considerada e polo tanto se isto pode ser beneficioso para que siga situándose nun ranking optimista de opinión pública evidentemente imos traballar niso.

Polo tanto, en resumo, isto é un paso máis dun procedemento moi longo que agora é a parte que toca de disolución da Fundación Tic e asunción da súa actividade e do seu persoal por parte da Deputación Provincial, co obxectivo de reducir estruturas administrativas ó tempo que se igualan condicións laborais de traballadores dependentes da mesma Institución matríz, que neste caso é a Deputación Provincial de Lugo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Vou apoiar a proposta, obviamente como estamos no primeiro paso nun camiño de longo percorrido pois xa durante o mesmo iremos expoñendo a nosa posición. Si hai unha cousa que me preocupa que dixo o Voceiro do Grupo Socialista que esta decisión non ía repercutir na dinámica habitual da Fundación, como é verdade que hoxe non trouxemos os letrados de “espazo libre de manipulación” que se debateu no anterior Pleno pois probablemente se normalice a situación.

Pero eu coincido tamén na segunda parte da emenda do Partido Popular en que unha vez que isto se faga hai que redefinir e mirar como actúa e que fai a Fundación Tic, non pode ser un elemento de honra e gloria, ata nin para o Presidente que ó fin e ó cabo sería o lóxico, porque ó final estámolo utilizando de forma partidaria para promocionar a un Secretario xeral que debe necesitar moita promoción porque é o que está tódolos días nos medios de comunicación obviando incluso ó propio Presidente, pero ese é un problema interno do Grupo Socialista que xa resolverán; eu creo, e iso virá despois, que temos que miralo e revisalo”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“En principio e dado que despois de preguntalo na Comisión e agora confirmado polo propio Secretario, se falaba de que isto é o inicio dun proceso que logo terá que volver a Pleno para ser ratificado, sobre todo no referente ó que son as condicións dos traballadores, a nosa intención hoxe era incluso non entrar ó debate, votar a favor, e despois en función de como fora a

negociación cos traballadores xa veríamos cando se trouxera a aprobación definitiva se habería que facer algunha puntualización.

Pero xa que hai debate, en principio as emendas que presenta o Grupo Popular parécennos ben, e nós incluso se nos permiten engadiríamos unha proposta a maiores xa que estamos intentando mellorar o inicio do proceso; por tanto engadiríamos que nesas comisións que se van crear puideran estar presentes un representante de cada Grupo Político porque, entre outras cousas, aforrariamos o proceso de ter intermediarios que logo nos informaran como van indo as negociacións, podendo participar e ter toda a información de primeira man incluso para poder aportar o que se considere oportuno durante ese período de negociación”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Bo día a todos, e especialmente tamén ós traballadores da Tic que neste momento e neste órgano se adopta unha decisión que me parece de gran calado para o seu futuro non só a nivel profesional senón tamén a nivel persoal.

Empezou o voceiro do Grupo Socialista intentando xustificar o retraso, e de feito aí viña a nosa primeira aportación, ou polo menos petición de aclaracións, porque cando temos un informe do grupo de traballo de data 5 de xullo de 2017, cando temos a comunicación ó Presidente do resultado da votación dos traballadores de novembro de 2017, cando xa están en vigor os Orzamentos do Estado do ano 2018, a que se debeu ese retraso?; comprenderíamolo se a proposta viñese máis traballada, e aí enlazo xustificando a nosa emenda.

Aínda que ó voceiro do Partido Socialista lle parecía innecesaria a inclusión no punto un desa última parte, para o Grupo que represento non o é. Na súa exposición para xustificar a extinción da Fundación Tic aluden á normativa que busque xustificar a redución de gasto público, a racionalización, reducións de estruturas, unha normativa que se aprobou ademais nun momento en donde o noso país tiña unha situación de crise económica moi importante e sempre, que esa era a xustificación, ou polo menos en moitas ocasións, acabou na rescisión de postos de traballo,

porque se o criterio era económico e se se buscaba unha redución non se entende moito que se xustifique este proceso para unha equiparación salarial; é dicir, na proposta que vostedes xustifican neste expediente por un lado ampáranse na normativa que prevé a redución de estruturas para duplicidade de funcións, para reducir estrutura e en definitiva para reducir gasto, e por outro lado comprométense cos traballadores a facer unha equiparación salarial. A pouco que se lean os documentos que se nos aportan, como mínimo, e sendo construtivos, parece unha importante incoherencia.

Pero se ademáis, e aí é onde botamos en falta un traballo máis rigoroso, vemos o texto anterior aos puntos de acordo da proposta que nos someten hoxe a votación, importanos especialmente darlle lectura a este apartado h, explican que, “aínda que a norma, a disposición adicional 27 do proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2017 non o esixe entendemos que a integración do persoal só podería producirse naqueles supostos nos que para o acceso individualizado de cada un dos traballadores se tiveran tramitado os oportunos procedementos selectivos nos que se tiveran respectado os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso aos postos de traballo integrados”.

É dicir, nós non dubidamos da súa boa fe, aínda que mostras temos de que moitas veces non existe, pero nós o que temos que votar é a proposta que nos traen hoxe aquí, e indubidablemente houbo moitas reunións ás que este Grupo non foi convidado, por conseguinte non temos proba directa do que alí se acordou, pero si temos que ler os documentos que nos aportan.

Se todo iso non se explica ben podemos incurrir nunha importante irresponsabilidade, que é a mensaxe que se lle pode trasladar a moitos cidadáns desta provincia, desta comunidade autónoma, ou deste país, que están preparando unha oposición neste momento, e non explicalo ben pode dar a entender que se efectivamente todo o persoal pode ser integrado, como eu podo deducir do que vostede dixo e que ademáis me gustaría que fose así, dase a entender que todo ese persoal evidentemente pasou por este proceso.

Creo que, tendo en conta o tempo que lles levou traer esta proposta, non custaba nada que este aspecto quedara aclarado, porque desa maneira o apartado da integración quedaría perfectamente asegurado e blindado, e ademáis a mensaxe que se trasladaría ó resto da poboación sería de seguridade e evidentemente de responsabilidade na xestión do diñeiro público. Se isto é así, e das súas palabras eu entendo que é así, creo que se bota en falta no expediente para que non se produza confusión.

Ademáis cando nós engadimos ese apartado no punto dous simplemente lemos a proposta que lle fan os propios traballadores cando lle agradecen o compromiso da equiparación salarial e llo presentan por Rexistro de entrada ó Presidente, aínda que é verdade que non poñen ese compromiso na boca do Presidente senón na súa propia, concretamente din que “os delegados de persoal queremos mostrar o noso agradecemento pola vontade e compromiso do goberno que vostede preside en proceder á equiparación das condicións laborais e salariais dos traballadores da Fundación Tic co resto de empregados públicos da Deputación, na proporción que permita a masa salarial, tal e como nos expresaron os traballadores en varias reunións, o Deputado D. Alvaro Santos Ramos”.

Se isto é así entendemos que ese traballo debería vir explicitado e por escrito, e polo menos con esta engádegas no punto número un queda claro que se somete a este Pleno a proposta que realmente lle piden os traballadores, e sendo xa de por si unha proposta ben ambigua, case se podería definir coma un cheque en branco ó Goberno, e remítome ó que aquí se escribe; non hai unha memoria económica, algo que incluso o Secretario cita como un documento preciso, e ten toda a súa lóxica, estamos a falar de que se analizamos os Orzamentos do ano 2017 ou do ano 2016 os gastos de persoal da Fundación Tic superan o millón de euros; creo que é absolutamente necesario que cando tomamos unha decisión deste calado polo menos veña sustentado en qué custe nos supón a esta Institución, e por conseguinte tamén que os informes dean o visto e praxe a esa magnitude económica tan importante; e se o trae en xullo de 2017, hai agora un ano, ata o entenderíamos porque o informe do equipo de traballo acababa de producirse, había unha vontade de empezar canto antes, os tempos na Administración xa sabemos como son, pero non é así, pasou un ano desde que ese informe está no seu poder e o único que nos trae agora é realmente unha proposta clara que entendemos que este Grupo mellora con esa aportación.

E en canto ó segundo punto que é o regulamento do servizo, e obviamente que non se malinterprete a profesionalidade dos traballadores porque eles van facer o que o goberno ou a persoa que preside lle indique, pero o que non queremos é que a Fundación Tic sexa unha axencia de comunicación do goberno, o que se pretende é que se poñan ó servizo da provincia os medios e a profesionalidade deses 35 traballadores para poñer en valor a provincia e o noso patrimonio inmaterial.

Entonces, como cremos que iso é absolutamente imprescindible para continuar no expediente, agradecemoslle de antemán que nos acepte esas emendas”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Creo que están anticipando parte do debate. Hoxe o que aprobamos é unha parte de todo o procedemento, que é que a Deputación asuma as competencias, as actividades, servizos, e o persoal, todo o demáis ven despois; despois a propia Fundación Tic no seu Padroado debe adoptar o acordo de disolución.

Non puidemos tralo en xullo de 2017 porque desde que se produce ese informe, ó que houbo que esperar para a súa redacción final, como lle explicaba antes, á aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado do ano 2017 que influían no contido e na resolución do mesmo, houbo que adoptar no Padroado da Fundación Tic o acordo de modificar os estatutos da propia Fundación para que recollesen como causa de extinción a integración da actividade e do persoal noutra Administración, neste caso na administración tutelante; iso require un procedemento de inscrición, hai que esperar tamén a que a Xunta de Galicia ratifique esa modificación, é dicir que non se estivo perdendo o tempo nin esto estivo aparcado en ningún caixón.

O primeiro que se fixo antes desa modificación foi preguntarlle ós traballadores, que tiveron o seu tempo de reflexión e de valoración, e que creo xusto que o tivesen; cando contestaron trasladouse ó Padroado da Fundación a modificación necesaria para seguir esa vía. Non lle estou

dicindo nada malo da súa proposta, estoulle dicindo que é reiterativa porque é o obxectivo final; o obxectivo final non é disolver a Fundación Tic senón que é a equiparación da situación laboral dos traballadores da Fundación cos da Deputación, coas limitacións legais, xurídicas, administrativas, ou económicas, que vaian aparecendo, que eu non teño dotes de adivinación e polo tanto non as podo sinalar agora con exactitude, pero o que está claro é que se fixo o camiño que os traballadores consideraron mellor, con total transparencia, información, asesoramento, e todo o que consideraron os traballadores, e así vai seguir sendo ata que poidamos completar todo o proceso; eu non coñezo agora en detalle como vai ser o futuro pero nin se estivo perdendo o tempo nin se estivo non tendo en conta ós traballadores.

Por tanto centrémonos no que estamos votando hoxe, o que estamos votando é poder continuar con ese proceso ou non, e para poder continuo o Pleno da Corporación ten que aceptar asumir as competencias, a actividade, os servizos, e o persoal da Fundación Tic. Sabendo que a Deputación acepta iso, a Fundación ten que facer o trámite de disolución, de liquidación, de inventario, e de todo o demais, é simplemente seguir o procedemento que está recollido; e é certo que este é o procedemento polo que os traballadores poden cambiar a súa adscrición da Fundación Tic á Deputación Provincial, eles o coñecen porque así se lles explicou por parte dos técnicos que son competentes e que saben sobre esa materia, e outros procedementos levarían consigo a extinción da súa relación laboral, e se a Deputación pon en marcha esta actividade un novo proceso de selección para a dotación do servizo que fose; pero ata aquí conta cos informes favorables de tódolos servizos que dependen da Deputación, o demais é non sei se tratar de confundir ou se realmente estar confundido.

Pero hoxe non votamos se vai custar máis ou menos a integración, e o adelgazamento dos custes de organismos non ten porque ser só polo persoal, iso será unha desviación que teñen vostedes, hai moitos outros recursos que se poden deixar de ter en exclusiva e que poden ser compartidos e se poden integrar incluso dentro das economías de escalas da propia Administración máis grande que é a Deputación Provincial, e pódense xerar aforros por aí, non tódolos adelgazamentos da Administración teñen que ir ó persoal, iso teñen costume de facelo outros non nós precisamente”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Simplesmente para pedir que se nos conteste se se vai aceptar a presenza dun representante de cada Grupo nas dúas comisións que establece o acordo. O resto creo que está bastante claro e que non ten moito máis percorrido; iniciase un proceso que xa veremos como vai, creo que sería positivo poder ir aportando cousas durante ese proceso e non esperar a que volva ó Pleno para ó mellor ter que modificalo, e xa o tempo dirá pero supoño que coa boa vontade de todos irá a cousa a bo porto”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Cando un Deputado somete a deliberación no Pleno un acordo que leva implícito unha valoración económica que pasa de 1,6 millóns de euros evidentemente non pode delegar as decisións en dotes de adivinación, nin tampouco pode dicir na exposición que descoñece en detalle cal vai ser o futuro; porque eu fágolle unha pregunta, acaso pensa vostede que para os traballadores é irrelevante que a integración do persoal sexa vinculada á disposición adicional que lle comentei?, ou que veña vinculada a unha rebaixa no seu salario?, ou a que realmente non cambie nada e esa equiparación que parece ser que nesas reunións vostede, supoño que a nivel persoal ou en representación da Institución, comprometeu cos traballadores de subirlles o salario, a vostede parécelle realmente que é serio que todo iso non se concrete cando o somete a votación nun Pleno?.

Aquí hai un acordo que é indiscutible, a disolución da Tic, desaparece a persoa xurídica a partires do un de xaneiro de 2019, non deixa de ser dende logo dende a miña humilde opinión unha importante irresponsabilidade que moitos dos aspectos que nós citamos queden sen contificar e queden sen garantir ós traballadores, polo menos esa proposta que nós incluimos correspóndese co que os traballadores solicitaban, por escrito, que indubidablemente todo o resto de conversas poderán ser empregadas se quedaron nunha acta para interpretar nalgún momento algunha discrepancia, pero as obrigas están nos acordos, e neste caso para garantir o futuro din bastante pouco.

Eu non dubido de que vostedes traballaran, nin dubido tampouco de que haxa unha vontade de cumprir con todo o mundo, pero o que é indiscutible é o que se somete a votación, e a integración de 35 traballadores cunha cantidade económica que supera o millón de euros require como mínimo, entendo eu e así o di o Secretario tamén, unha memoria económica; iso non está, e se tardaron o que tardaron para chegar ata aquí evidentemente non nos pode valer o de dicir que é un principio e a ver que pasa despois; supoño que haberá que modificar a Relación de Postos de Traballo, e tamén supoño que todo iso terá que volver a Pleno.

O Grupo Provincial do Partido Popular, con esas matizacións que vostede aceptou, imos facilitar que se aprobe esa proposta, non é un cheque en branco, cremos que esta proposta que trae hoxe aquí é pouco concreta, deixa bastantes puntos moi importantes para os traballadores sen concretar, e o que é máis importante sen garantir, e a maiores creo que se está mandando unha mensaxe á poboación que xera bastante confusión.

Todo iso só queda da lectura que vostede di que isto non é case nada, que é o comezo, primeiro xustificou que era algo tan importantísimo que lle levou moito tempo, e agora realmente para favorecer que se aprobe di que isto non é nada porque todo queda aínda por facer e todo queda aberto.

En definitiva, dende que o fai para aforrar ata que se comprometeu para subir, a de que “non se preocupen que este é o principio e non significa nada, pero levoume moitos meses porque isto é algo absolutamente transcendental”, que quere que lle diga; realmente o tempo seguro que poñerá a cadaún no seu sitio, pero o máis importante de todo iso é que coa relación dos traballadores, e aquí si que hai antecedentes moi preocupantes de procesos de selección de persoal que despois non concretaron a pesares de publicalos nun Boletín Oficial da Provincia, ou mesmo neste momento no que todos obviamente somos responsables e do que este Grupo trae unha iniciativa de urxencia, onde hai preto de trinta traballadores que teñen a inseguridade de cobrar a súa nómina. Por tanto vostedes son Partido Socialista, e aparentemente tamen levaban o de “Obrero Español”, pero o de “Obrero”, especialmente nesta lexislatura e se por iso se asocia ós dereitos dos

traballadores, deixáronnos mostras francamente indignas non dun Partido obrero senón dun responsable público.

Por todo iso creo que esta proposta era francamente mellorable, que ven moito aberto e moi pouco concretado, e que lanza dende logo unha mensaxe con bastante confusión á cidadanía. Aínda así, e como entendo que terá que volver a Pleno o máis importante que é o que atinxe á relación de postos de traballo, este Grupo non o vai impedir e vaino facilitar, pero non vai ser cómplice das súas inconcrecións, e dende logo que vostede contounos unha historia que vostede supostamente viviu en primeira persoa en distintas reunións, pero do que nos trae nos documentos é francamente moi distinta. Esperemos que esta historia a concrete nun futuro, e se non o fai así aquí estaremos para recordarllo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, en representación do Goberno Provincial, quen manifesta o seguinte:

“En primeiro lugar dicirlle ó compañeiro do BNG que as comisións que se preven e para as que se propón facultar ó Presidente para a súa constitución son de carácter técnico, pero tampouco vexo que haxa ningún inconvinte en que sexan informados do que alí aconteza os diferentes Grupos da Corporación, pois eu dende logo creo no traballo dos técnicos para esta e para outras cuestións.

En canto ó demáis, francamente non sei se me preocupa máis que non entenda nada do que lle din ou que sexa capaz de mentir e terxiversar con tan aparente tranquilidade. Sabe vostede perfectamente o que hai, polo tanto non vou desperdiciar o tempo nun rosario de argumentos que todo o mundo, sobre todo os afectados, coñecen perfectamente como se teñen desenvolvido; prefiro seguir traballando en propostas que veñan ó Pleno e ás que non lle poida dicir que non por moito que vostede trate de confundir, que non é o mesmo que que a xente estea confundida”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG, e do Sr. Deputado non adscrito); abstencións,

12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Pleno da Corporación, por maioría, acorda:

Primeiro.- Aprobar que a Deputación de Lugo asuma as competencias, actividades e servizos e ao persoal da Fundación TIC, cunha plena equiparación das condicións laborais e salariais dos traballadores da tic cos empregados públicos da Deputación na proporción que permita a masa salarial.

No relativo ás actividades, previo a data 1 de xaneiro de 2019, o pleno da corporación aprobará un regulamento de funcionamento deste servizo que priorice en todo o momento a disposición da provincia, e da posta en valor do patrimonio material e inmaterial lucense.

Segundo.- Aprobar inicialmente a extinción da Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), con efectos do día 31 de decembro de 2018.

Terceiro.- Comuníquese ao Padroado da Fundación TIC para o seu acordo e posterior ratificación polo protectorado segundo o artigo 37, apartado 3 dos Estatutos da Fundación TIC

“..... a extinción da Fundación requirirá o acordo do Padroado ratificado polo protectorado. Se non houberse acordo do Padroado ou este non fose ratificado polo protectorado, a extinción da Fundación requirirá a resolución xudicial motivada, que poderá ser instada polo protectorado ou polo Padroado, segundo os casos”

Cuarto.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios para xeral coñecemento.

Quinto.- Xestionar directamente por parte da Deputación Provincial de Lugo as competencias, actividades e servizos, os bens materiais e o persoal do Ente.

Sexto.- De conformidade co artigo 88.2 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das corporacións Locais (“ao disolverse a institución, a corporación sucederlle universalmente”) e artigo 38 dos Estatutos da Fundación TIC que di:

(“1.- A extinción da Fundación, agás nos supostos nos cales teña lugar como consecuencia dunha fusión, determinará a apertura do procedemento de liquidación, que deberá ser realizado polo padroado co control e o asesoramento do protectorado. No caso de inexistencia do Padroado, o protectorado designará de oficio os liquidadores.

2.- O Padroado -como órgano de liquidación- deberá realizar as seguintes actuacións:

- Confección do inventario e do balance de situación da Fundación na data de inicio do procedemento de liquidación.
- b) Finalización das operacións de xestión que estaban iniciadas ao acordar a extinción, así como de novas que se deban levar a cabo coas limitacións previstas.
- c) Cobramento de créditos pendentes, cancelación de débedas cos acredores de todo tipo e pola orde de prelación establecida.
- d) Calquera outra actuación que sexa conveniente ou necesaria para os interesados no procedemento.

3.- Aos bens e aos dereitos resultantes da liquidación da Fundación daráselles o destino decidido polo Padroado.

4.- Tras seren aprobadas as actuacións de liquidación polo Padroado e de adxudicar o haber resultante, de acordo co previsto no artigo anterior, estas seranlle comunicadas ao protectorado, que verificará as cancelacións e promoverá as inscricións que procedan, entre elas a extinción da Fundación, no Rexistro de Fundacións de Interese Galego”).

A Deputación Provincial de Lugo sucederá universalmente dende o 1 de xaneiro de 2019 en todas as obrigas, contratos, relación laborais, bens e dereitos da Fundación TIC.

Sétimo.- Facultar a Presidencia para a constitución das Comisións técnicas que sexan precisas para o cumprimento deste acordo”.

4.- PROPOSTA SOBRE NON CELEBRACIÓN DO PLENO ORDINARIO DO MES DE AGOSTO.

Logo de ver a proposta da Presidencia a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Ante a situación vacacional dunha parte dos funcionarios, e non tendo asuntos urxentes que levar á consideración do Pleno da Deputación de Lugo, propoño a non celebración da sesión ordinaria do pleno correspondente ao mes de agosto de 2018”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Eu quería ampliar a proposta; vista a deriva que está tomando esta Institución onde cando un Deputado presenta unha moción non se lle inclúe na Orde do Día alegando certa lexislación, que obviamente acepto pero non comparto, eu creo que debiamos suprimir tódolos plenos que quedan de lexislatura, porque cando aprobamos unha moción non se cumpre, cando non gusta non se vota a urxencia e non se acepta, cando non gusta o que se fai é, non sei como foi se partiu do Presidente ou do Secretario, dicir que unha moción é grosera.

Eu a verdade é que para estar aquí loitando tódolos días contra a falla de transparencia, contra o non cumprimento da lexislación vixente, e incluso da Lei Constitucional, art. 23 que permite a participación nos asuntos públicos, porque non vexo motivo ningún para que non os suprimamos, e o social arribismo governe estes nove meses como lle pareza, Decreto, Xunta de Goberno, e que nós digamos que si; non só agosto, tódolos meses. E pido ademáis que se vote”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, para manifestar o seguinte:

“Se os señores Deputados están de acordo votamos a proposta de non celebración do Pleno no mes de agosto.

Pídlle ó Sr. Martínez que se aclare e que deixe de montar espectáculo. Vostede o que ven aquí non é a preocuparse polos veciños, ven montar espectáculo e a preocuparse por vostede nada máis; vota vostede a favor de que non haxa pleno en agosto?”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“O espectáculo montao vostede, porque isto non chega nin a circo, e unha “tripitonga”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Creo que lle deixei falar cando quixo, polo menos déixeme rematar a min e despois fale vostede, porque senón volvemos á mesma historia de sempre, quere ser vostede aquí o protagonista, quere ser aquí personaxe; non se preocupa polos veciños preocúpase por vostede nada máis, e iso sábeno tódolos veciños de Lugo.

Creo que se fai unha proposta bastante clara, se quere votar vótea e deixe de facer sarcasmo e hipocrísia, porque o final é o único que fai aquí”.

Seguidamente intrvén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Veño aquí a defender os meus dereitos, Sr. Presidente, que vostede está pisoteando pleno tras pleno; xa sei que se rin pero os dereitos que teñen foi grazas a que eu dei a cara moitas veces por eses dereitos senón non os terían, uns e os outros; outra cousa é que vostedes sigan facendo da súa capa un saio.

Eu non veño aquí dar espectáculo, vostede cumpra a lexislación vixente e non vai ter ningún problema, pero facer o que lles da a gana estando en minoría obviamente non”.

Efectuada a votación o Pleno da Corporación por unanimidade acorda aprobar a non celebración do Pleno correspondente ó mes de agosto de 2018.

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA A LOITA CONTRA A VESPA VELUTINA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial, D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo comparece e como mellor en dereito proceda di:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo Provincial Socialista para a loita contra a vespa velutina

Exposición de Motivos:

No ano 2013, apareceu no escenario autonómico unha nova vespa, a Vespa Asiática ou Velutina.

Extendeuse rapidamente pola nosa comunidade e xa no ano 2014, según os datos da Xunta de Galicia, na provincia de Lugo tiñamos 14 Concellos afectados con niños. Na actualidade, os últimos datos falan dun total de 56, é dicir, 4 veces máis en apenas 3 anos. Unicamente en 11 Concellos, a Xunta de Galicia confirma non ter constancia de niños.

A VespaVelutina estase a converter nun problema moi serio para a nosa veciñanza, até o punto de resultar un perigo para a vida das persoas, para a economía e para a biodiversidade.

A vida dos nosos veciños e veciñas está en perigo con esta especie xa que a súa picadura é moi perigosa por posuír moito máis veneno que unha vespa autóctona. Moito máis risco corren as perosas alérxicas, sobre todo se son atacadas en enxame.

Até o dagora, que unha vespa atacara a unha persoa non era común, pero como estamos a ver nos medios, cada vez se dan máis casos na nosa comunidade.

Cando estas vespas só construían niños nas árbores, o perigo era reducido, xa que para recibir un ataque ou se derrubaba a árbore ou se retiraba o niño activo.

Esta situación foi evolucionando ata o punto de atopar niños en lugares inesperados: debaixo dos tellados dos alpendres, nunha parede dun supermercado, na esquina dunha finca ou incluso nunha ribada con parte do niño baixo terra.

Polo tanto unha persoa que, por exemplo, está a rozar unha finca nesta época, ten posibilidades de tocar un niño de Vespa Velutina e atoparse en risco sobrevivir, xa que as vespas defenden o seu fogar atacando cunha violencia extrema. Exemplo delo é, que se votan o lume cando se queiman os niños.

En canto ao ámbito económico o sustento de moitas familias, maiormente do rural, estase a ver afectado cada vez máis pola presenza desta vespa que inflúe negativamente no desenvolvemento da produción de mel e de cultivos. Teñen como prioridade aniquilar niños de abella, árbores froiteiras ou colleitas; mais se estes non se atopan á súa disposición, adáptanse a outros alimentos chegando á carne ou ó pescado.

Dende a perspectiva medioambiental, o ciclo de desenvolvemento no que se atopa esta especie está a condicionar á outras que forman parte do seu hábitat, as cales vense ameazadas ante o exterminio que se está a dar por onde se establece. Aliméntanse de abellas que “esnaquiza”, arañas, bolboretas ou libélulas.

A capacidade de adaptación á climatoloxía é tal, que esta vespa consegue enfrontarse aos duros invernos e incluso chega a romper a barreira de altura en Concellos da provincia.

Actualmente, e máis de preto, atopámonos como a Xunta de Galicia non está a ofrecer medios especializados e necesarios para combater esta especie, difundir información correcta da situación dos niños e ningunha sobre as consecuencias para a saúde.

O Grupo Provincial Socialista considera que os organismos públicos competentes deben asumir a súa responsabilidade e tratar este tema con maior seriedade e rigor para acadar minimizar o risco en aumento que está a supoñer a presenza desta vespa na nosa provincia e comunidade. Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista, somete á consideración do Pleno da Corporación e aprobación se o considera, os seguintes acordos:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a Xunta de Galicia a que declare oficialmente como PRAGA a Vespa Velutina na nosa Comunidade Autónoma coa consecuente inxección económica e profesional que conleva.

2º.- Instar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a que revise a versión aprobada pola comisión estatal para o patrimonio natural e a biodiversidade do 14 de Novembro de 2014 e pola conferencia sectorial de Medio Ambiente o 16 de Abril de 2015 denominada “Estratexia de Xestión, Control e posible erradicación do Avispón Asiático ou vespa negra”.

3º.- Trasladar ás Institucións Europeas a urxencia da situación medioambiental que está a suceder na provincia de Lugo e en Galicia e que se aborde no seo da Unión Europea para definir unha estratexia comunitaria”.

Ante esta moción preséntanse as seguintes emendas:

Emenda de substitución presentada polo Grupo Provincial Popular, do seguinte teor:

“Proponse o seguinte acordo:

1º) Que as administracións públicas (Estado, Xunta de Galicia, Deputacións Provinciais, Concellos e Unión Europea) e os axentes económicos e sociais afectados traballen de forma coordinada e conxunta na loita contra a vespa velutina.

2º) Incremento da dotación económica, técnica e profesional de xeito proporcionado e acorde á importancia e extensión desta especie exótica invasora no noso territorio, no marco do Plan de vixilancia e control da vespa velutina.

3º) Que se siga a traballar no seo da denominada “Estratexia de Xestión, Control e posible erradicación do Avispón Asiático ou vespa negra”, poñendo especial fincapé na investigación sobre este problema e na formación dos profesionais que loiten contra o mesmo”.

Emenda de engádegas presentada polo Grupo Provincial do BNG, do seguinte teor:

“Engadir un novo punto co seguinte texto:

Instar á Xunta de Galicia a impulsar, financiar e coordinar unha campaña primaveral de trampeo masivo de raíñas de vespas velutinas coa distribución de 50.000 trampas, na vindeira primavera”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Temos un problema en Galicia, moi intenso na provincia de Lugo, non só na provincia de Lugo e non só en Galicia, que é a proliferación dunha especie exótica ou invasora que está significando un grave prexuízo para o noso medio ambiente, para o noso contorno, para diferentes especies, e tamén incluso para o desenvolvemento da vida humana no territorio.

Esta especie aparece aló polo ano 2013 cando se detectan os primeiros exemplares; é coñecido noutros lugares onde se implantou e onde proliferou e se instalou dun xeito moi importante e moi impactante, moi numeroso, e aquí coma sempre parece que se espera a ver que pasa ou a ver se as cousas non pasan de casualidade.

No ano 2014, o dato público polo menos ao que eu puiden acceder, primeiro no que hai rexistro, detéctase a presenza de vespa asiática en 17 concellos da provincia de Lugo. No ano

2017, último ano do que hai rexistro da totalidade do ano só hai once concellos nos que non se teña detectado algún exemplar de vispa asiática, e creo que isto nos dá conta das dimensións que temos. Isto que lles mostro que está en amarelo era onde non había vispa asiática no ano 2014, e o que é amarelo é onde non hai vispa asiática no ano 2018; a verdade é que deu a volta o mapa completamente.

Como digo non é unha especie que chegue, se instale, e ocupe espazo, está atacando, con resultados bastante preocupantes para a produción, ás abellas, unha actividade produtiva do medio rural e polo tanto unha actividade económica como segunda economía ou como economía complementaria, ou nalgún caso como principal, que se ve ameazada e en risco.

Está atacando incluso a outros cultivos, porque o que vemos é que se adapta ás circunstancias do territorio, e por exemplo aquí que non se ten avaliado, ou non se coñece de momento pero noutras zonas si, se coñece que a vispa asiática ten comido ata uvas e que na falta de alimento pode significar un perigo para a produción de uvas e de viño, o cal na nosa provincia e na nosa Comunidade tamén pode ser unha preocupación, incluso parece ser que algunhas colonias teñen adaptado a súa alimentación a comer peixe, que supoño será unha cuestión conxuntural.

Pero o que está claro é que é unha verdadeira praga o que estamos vivindo, e por iso non entendemos porque non se ten declarado como praga, e por iso na nosa proposta lle pedimos á Xunta de Galicia, porque ten delegadas as competencias en materia de medio ambiente, en materia de medio rural, que faga esa declaración de praga porque é a quen lle corresponde facela. A declaración de praga levará consigo unha articulación de instrumentos de medidas e de procedementos que homoxenicen e que permitan facer unha loita específica contra a proliferación e extensión desta praga. Non é unha proposta con tintes negativos senón con tintes positivos e que busca dar solucións e que se restrinxan as actuacións a un marco claro que non confunda ó cidadán e que permita unha loita eficaz contra isto.

No ano 2015 aprobábase por parte do Ministerio de Agricultura unha estratexia de xestión, control e posible erradicación do avispon asiático ou vespa negra, sobre o que se articularon

diferentes iniciativas; tres anos despois tense demostrado que non foi suficiente ou que non é acertado, pero alo menos que non foi suficiente, por iso pedimos que se revise tamén porque tampouco vai servir de nada que actúe de xeito illado e non coordinado contra a vispa asiática Galicia se non o fai Asturias, Cantabria, ou outras Comunidades que tamén están afectadas.

E aínda que con menor implantación, ou maior porque hai incluso territorios nos que a implantación é moi forte e se deron por perdidos, como algún territorio francés, por iso pedimos que se deseñe, que haxa unha implicación das Institucións europeas porque isto é un tema urxente, non só polo que afecta ás vidas que a verdade é que estes días está de actualidade polos casos de veciños e veciñas que teñen falecido despois dunha picadura de vispa asiática, familias para as que vai a nosa condolencia.

Pero non o enfoquemos só por aí porque nos estaríamos equivocando, estamos ante un problema medioambiental moi importante, estamos ante un problema evidente de salubridade pública, pero estamos tamén ante un problema que afecta e que pode afectar a moitos ámbitos produtivos sinaladamente da nosa Comunidade e tamén da nosa provincia.

Agora é a oportunidade porque este ano en concreto, aínda que xa se viña apreciando pero non con claridade, advírtese un cambio nos costumes, nos usos, ou na forma de estenderse e adaptarse ó territorio da vispa asiática; por iso este ano os ataques de vispa asiática parece ser que só se producen cando o seu niño é atacado voluntaria ou involuntariamente; este ano están instalándose no chan buscando as condicións climatolóxicas nas que elas se desenvolven, un escenario que antes era residual ou non existían directamente os niños. Por iso, non sabendo, é normal que pasen as situacións que lamentablemente teñen pasado, ou debaixo de cobertizos e demais que nos pon ante o escenario dunha especie non só moi prolífera senón moi adaptable ó territorio, e a nós alo menos nos fai un chamamento de atención a que esteamos atentos e actuemos porque isto é unha cuestión que ten unha difícil solución pero dende logo sobre a que hai que actuar.

Por parte do BNG preséntase unha emenda de engádegas que insta á Xunta de Galicia a impulsar, financiar e coordinar unha campaña primaveral de trampeo masivo de raíñas de vespas

velutinas coa distribución de 50.000 trampas, na vindeira primavera; non sabemos de onde sae a cifra, eu sacaría esa cifra e poñería que se coordine unha campaña primaveral de trapeo masivo de raíñas de vespas velutinas coa distribución de trampas e cebos suficientes, pois agora distribúense as trampas, cebos para unha soa vez, e despois o que fai o produtor que fai o trapeo se ten con que poñer o atraente pono e se non quedará alí e habería que facer outras cuestións; pero é asumible.

O Grupo Popular presenta unha emenda de substitución que coma sempre ven dicir que mais ou menos quede a cousa como está; de verdade que non pode ser así, porque ese rexeitamento a que se declare como praga?, se é bo para todos, ata é bo para a propia Xunta de Galicia que asume absolutamente e dispón o que facer contra a vespa velutina, porque ó que estamos asistindo agora é a un escenario no que é verdade que o cidadán que está preocupado non sabe a quen botarlle a culpa, pero o seu problema non se resolve, e eu entendo que iso non se pode consentir de ningún xeito.

Este que lles mostro é o mapa do plan de vixilancia e control da vespa velutina da Xunta de Galicia, cada cor significa quen se fai cargo da retirada dun niño en primeira instancia en cada territorio, nuns sitios é o concello porque voluntariamente se adscribiu, noutros é Medio Rural, noutros sitios é Medio Ambiente, nuns sitios é o GES, noutros son os bombeiros; hoxe contaba un compañeiro de un que chamou ó 112 e dixéronlle que alí non era que chame ó 012, aínda non lle contestaron, e pasan alí días os niños sen retirar.

Creo que isto merece atendelo con rigorosidade e con seriedade, e por iso esta proposta que é construtiva e que o único que pretende é que a Xunta de Galicia, que ten a competencia e a capacidade, declare a vespa velutina como praga, que recoñeza o que está pasando porque é unha praga, e non o dicimos nós senón que o din os axentes sociais que coñecen a materia, e actúe para erradicar ou alo menos minimizar no máximo posible a proliferación desta especie, o que non vale é unha actitude de “non temos nada que facer, non imos acabar con ela, que pase o que teña que pasar”, porque da a sensación que é o que está pasando.

É moi importante o trapeo, a clave está na eliminación das raíñas, pero é moi importante unha actuación homoxeneizada, temos exemplos de concellos e de produtores e apicultores que, aplicando diferentes metodoloxías, conseguen controlalas alo menos no seu contorno, pero é moi difícil que iso teña un efecto amplo no territorio se non se fai dun xeito homoxéneo e coordinado e cun investimento importante e que vai ser permanente ata que consigamos, se algún día o conseguimos, erradicala, pero alo menos minimizar os seus efectos no máximo posible sobre as colleitas, sobre outras especies, e tamén sobre as persoas”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Simplemente para dicir que vou apoiar a moción, ou sexa voume conchabar con vostedes esta vez co permiso do Partido Popular, e vouna apoiar”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Para anunciar o noso voto favorable a esta moción. Dende logo que, como ben explicou o voceiro do Grupo Socialista, a vespa velutina é unha praga que chegou xa hai varios anos ó noso país, e que se estendeu entre outras cousas porque tampouco ten depredadores naturais.

Hai que abordar o problema, visto o que está acontecendo non se está abordando na medida en que debera facerse; dende o Bloque Nacionalista Galego xa hai sete meses no Parlamento os Parlamentarios do BNG presentaron unha Proposición non de Lei para instar á Xunta de Galicia a impulsar, financiar, e coordinar unha campaña primaveral de trapeo masivo coa distribución de 50.000 trampas; isto era coa idea de erradicar as raíñas que saen nos meses de marzo e abril, posto que cada raíña capturada é un futuro avispeiro menos, polo que se reducirían de xeito drástico as novas crías de velutinas freando así a súa expansión e reducindo os grandes custes e dificultades na retirada dos avispeiros.

Dicir tamén que nesa sesión parlamentaria o voto en contra do Partido Popular provocou que se lle obrigase á poboación a levar adiante eses trampeos pola súa conta e vontade, unha vez máis derivando competencias incluso á poboación civil, e derivando tamén competencias ós concellos como acostuma a facer o Partido Popular, como ocorreu tamén cando derivou as competencias desas franxas de protección de incendios ós concellos, curiosamente foi un concello do BNG quen o tivo que levar adiante, e curiosamente no da vespa velutina tamén houbo un concello, como o de Carballo, que nesta primavera levou ese plan adiante e capturou 1950 raíñas, co cal evitouse a creación de 1950 avispeiros, o cal demostra que iso é efectivo.

Por iso facemos esa emenda de engádegas que é instar á Xunta de Galicia a impulsar, financiar e coordinar unha campaña primaveral de trampeo masivo de raíñas de vespas velutinas coa distribución de 50.000 trampas, na vindeira primavera do ano 2019; polo demais anunciar o noso voto favorable”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Ulla Rocha, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Este Grupo Provincial do Partido Popular é consciente da importancia que ten a vespa velutina declarada como especie exótica invasora, e que xa temos datos efectivamente dende o ano 2012-2013, o cal creo que requiriría que deixemos a un lado as demagoxias, as políticas de xestos, e que houbese unha unanimidade na postura de tódalas forzas políticas entornando á loita contra esta especie que está afectando non só á nosa Comunidade senón a toda a cornixa cantábrica do noso país.

É fundamental a intervención conxunta de tódalas Administracións no ámbito das súas competencias e no ámbito dos medios de que dispoñan cada unha delas; cando se detectou no primeiro momento pola Consellería de Medio Rural elaborouse o plan de vixilancia e control da vespa velutina, no que ó mesmo tempo tamén colabora a Consellería de Medio Ambiente, a Consellería de Vicepresidencia, tamén participan os propios concellos a través da Fegamp, e as asociacións de produtores apícolas tamén participan nese plan de control e vixilancia.

Durante estes anos estívoise traballando a reo, lóxicamente calquera traballo que se plantexe nun problema como é o da vespa velutina sempre será pouco, vai ser moi difícil e a dotación de medios debería ser tamén cada vez maior. Pero lévase feito moito traballo, dende un primeiro momento se tratou de atallar e de feito retiraronse moitos niños, concretamente en 2017 fíxose unha retirada de 24.000 niños, e no que vai de 2018 foron retirados 2800 niños. Ó mesmo tempo dotouse tamén de 500 equipos de protección individual a todas aquelas persoas encargadas da retirada deses niños; dotáronse de 150 pértegas para acceso a niños en altura para poder retiralos, e 13267 trampas con doses individuais de líquido; ó mesmo tempo que tamén se aportaron botes de 500 ml. para repoñer esas trampas, o líquido atraínte, e un total de 40782 monodoses.

Tamén se actúa na formación do persoal, neste caso fixéronse 33 cursos nos que se formaron 1229 técnicos, é fundamental o labor dos técnicos no control deste tipo de pragas como vostede di, ou especies exóticas invasoras como está recollido no catálogo de especies exóticas invasoras a vespa velutina.

E tamén a investigación, investigar para tratar de dotar de medios para combatelo de forma axeitada é fundamental, e dende logo os políticos, e eu mesmo non me considero capacitado para dicirlle ós técnicos como podemos loitar para combater a vespa, nin tan sequera no trampeo, pois hai datos, e os técnicos así o reflicten, de que o trampeo é máis efectivo na primavera e no verán; estou de acordo entón en que si se pode facer un maior trampeo, pero tamén coincido cos técnicos que din que tampouco un trampeo masivo, por iso nesa emenda que presenta o BNG poñer unha cifra tampouco me parece axeitado, porque lóxicamente as trampas deben poñerse naqueles sitios onde se detectou a vespa velutina e que hai constancia, senón, dada a pouca especificidade que ten ese líquido atraínte, o que pode facer é que outras especies que non sexan a vespa velutina queden atrapadas aí, lóxicamente o que non podemos é crear un efecto colateral adverso en toda a entomofauna, e lóxicamente non afectar á biodiversidade a non provocar un problema maior do que está xerando xa.

Por iso hai que ser moi cuidadosos e que realmente sexan técnicos e as persoas capacitadas para poder efectuar esa loita, o que non podemos facer é matar moscas a cañonazos, seguramente utilizando algún tipo de insecticida ou biocida acabariamos coa vespa velutina pero acabariamos

tamén incluso coas abellas ou moita máis fauna entomófoga de que dispoñemos na nosa Comunidade.

A través da Consellería de Vicepresidencia, concretamente do 112, lévase a cabo un labor moi importante tanto na dotación de medios como á hora de recoller as chamadas de emerxencia aínda que se deriven ó 012; pero dende logo igual que se fai nun hospital co triaxe para avaliar eses casos nos que é máis necesaria a intervención e que se trata dunha emerxencia, por exemplo se os niños están nunha vivenda habitada ou se están nun local de pública concorrencia, como pode ser un colexio ou un hospital, lóxicamente hai que tratalo de distinto xeito ca se o niño se atopa nunha póla dunha árbore que non é un lugar polo que pasa a xente a miúdo, entón hai que darlle un tratamento totalmente distinto.

Eu creo que a nosa proposta de modificación, e incluso poderíamos recoller tamén a emenda que presenta o BNG deixando a un lado esa cifra como vostede tamén dicía, creo que recolle un pouco todo, e somos conscientes e dígolle que a Administración debe loitar e poñer máis medios aínda, pero eu creo que non é a Xunta de Galicia quen debe declarar praga, nin creo que sería a solución máxica, porque con declarar praga non se vai eliminar a vespa velutina, iso non vai ser así, e non pode crelo vostede nin o imos crer nós.

En todo caso se alguén tería que liderar isto e declaralo como praga sería o Ministerio, este que acaban de crear vostedes cun nome tan mediático, para a Transición Ecolóxica, sería quen debería lideralo porque non afecta só á nosa Comunidade senón a todo o país; pero se se quere incorporar e está vostede empeñado en que figure a palabra “praga” pois instar ó Ministerio para a Transición Ecolóxica a que declare praga, porque coa lexislación que temos ata agora non podemos declarar praga, a única normativa sectorial onde se regula a declaración de praga é a de sanidade vexetal, e lóxicamente a vespa velutina non está afectando á sanidade vexetal, e iso é a Lei 43/2002 do 20 de novembro de Sanidade Vexetal, e que di que praga é o organismo nocivo de calquera especie, raza, ou biotipo vexetal ou animal, ou axente patóxeno daniño para os vexetais ou os produtos vexetais, e que eu saiba a vespa velutina está afectando a outra especie como é a abella melífera e á produción apícola pero non ós vexetais; lóxicamente teño moitas dúbidas de que coa

lexislación que temos ata agora, se non se modifica e non se legisla de novo, se poida declarar como praga; pero en todo caso quen tería que lideralo e declarar como praga sería o Ministerio.

Por tanto se ten vostede o empeño en recoller que se declare como praga, instemos ó Ministerio e que sexa este quen o lidere, senón eu propóñoille que como hai un baleiro legal recollan a nosa proposta, recollamos tamén a do BNG, e saiamos de aquí cunha postura unánime de tódalas forzas políticas que creo que é o que nos reclama a cidadanía”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“En canto á súa emenda que di que as administracións públicas, Estado, Xunta de Galicia, Deputacións Provinciais, Concellos e Unión Europea, e os axentes económicos e sociais afectados traballen de forma coordinada e conxunta na loita contra a vespa velutina; e quen os coordina?, non vaia ser que os coordine a Administración competente en materia de medio ambiente e incluso de medio rural que é a Xunta de Galicia; a vostedes esa competencia pasóuselles, non a tiñan; cando lles delegan a competencia en materia de medio ambiente deléganlla na declaración de praga, a Xunta ten os mecanismos administrativos suficientes, e incluso políticos, se quere facelo no Parlamento, para declarar praga esta ou calquera outra especie, non fai falla que ande só polos vexetais; pódeno facer porque teñen delegación en materia de medio ambiente, a competencia é da Xunta de Galicia, evidentemente o Estado ten competencias tamén pero o autogoberno significa iso, non se pode chamar só autogoberno nas materias que interesa senón que hai que chamalo en tódalas que están delegadas.

Evidentemente sen a colaboración dos concellos e doutras institucións agora mesmo non estaríamos ante unha praga, estaríamos invadidos, dominados, pola vespa velutina; grazas á implicación sobre todo dos concellos que loitaron obstinadamente contra ela, e hai exemplos que se poden ver, pero non a responsabilidade. Eu non teño problema ningún, e na nosa proposta fálase do Ministerio para que revise esa estratexia que aprobou, esa estratexia que coordine e que se implique, si que o pedimos, pero non pretendan vostedes que precisamente aquí teña que ver todo o

mundo menos a Administración que ten competencias, que non é un ataque á Xunta de Galicia senón que é un chamamento ó exercicio das competencias que ten e que non pode obviaslas.

En canto ó punto segundo da súa emenda, incremento da dotación económica, técnica e profesional de xeito proporcionado e acorde á importancia e extensión desta especie exótica invasora no noso territorio, no marco do Plan de vixilancia e control da vespa velutina; nós entendemos que coa declaración de praga se habilitan os recursos económicos necesarios para combatela, pero ó mellor por iso non queren vostedes que a declare a Xunta porque saben que despois non os pon.

No terceiro punto da emenda propoñen que se siga a traballar no seo da denominada “Estratexia de Xestión, Control e posible erradicación do Avispón Asiático ou vespa negra”; que é o que nós pedimos, non pedimos que se siga a traballar pedimos que se revise para que sexa máis efectiva e para que coordine de mellor xeito.

Entonces se quere que incluamos como engádegas algunha parte da súa proposta non temos ningún problema; se vostede acepta que se declare praga e que as Administracións presentes no territorio contribúan na medida das súas posibilidades á erradicación, totalmente de acordo porque o están facendo, porque un Alcalde cando lle chega un veciño e lle di que chamou ó 112 e alí díxéronlle que era cousa do 012 e no 012 non collen o teléfono, e o niño está debaixo do porche de entrada da casa, ó veciño dalle igual o tríptico, o díptico, o 012, o protocolo, a priorización, e o método de exterminación, que ten pánico, e iso é o que non podemos consentir, e van chamar á porta do Alcalde porque á porta do Presidente da Xunta non é tan fácil chamar, cousa normal, xa se implican os concellos en eliminalo.

E con pértigas de oito metros, que están ben, chegamos a tódolos niños?, na maior parte do territorio non chegamos a todos porque están en árbores de maiores dimensións, que superan os oito metros, que son as pértigas que vostedes repartiron, e hai que recurrir a outros mecanismos, ou ben que os contratan os concellos ou ben que compren o material e mandan o persoal a retiralo, co cal está todo o mundo perfectamente coordinado.

Se queren votala a favor admitímoslles esa engádegas que lle acabo de dicir, e admitiríamoslle outra engádegas na nosa proposta de instar ó Ministerio a que revise a versión aprobada, facendo especial fincapé na investigación sobre este problema, e na formación dos profesionais que loiten contra o mesmo, obviando dicirlle á Xunta de Galicia, administración competente, que xa pode seguir os consellos da investigación, que xa hai moita, que lle din que ten que intensificar o trampeo e que ten que tomar isto en serio, e que lle están advertindo dos cambios de uso e costumes incluso alimentarias que ó final van acabar declarando a praga cando arrasen un viñado, daquela xa non terán excusa pero cando arrase un viñado a vespa terase levado moitísimo por diante.

Por tanto esta é unha proposta construtiva, pero se lles molesta sinalar que a Administración que ten a competencia para facer a declaración de praga o faga, que alguén o explique porque eu non o entendo. E todo o demais son espazos comúns, a profesionalización, a investigación, a dotación de recursos, ese discurso podemos utilizalo para a vespa velutina, para as extraccións petrolíferas, para a preservación do patrimonio, e ata para a investigación aeronautica, son espazos comúns. Pero a cuestión é que agora está ocupando o noso espazo a vespa velutina e hai unha Administración que ten a capacidade administrativa e política de dicir que isto é unha praga, poñer tódolos recursos a disposición da nosa cidadanía, do noso tecido produtivo, e evidentemente seguir contando coa colaboración das outras entidades territoriais que ata agora sempre o fixeron, é máis, houbo concellos que non colaboraron senón que tiveron que asumir o papel que tiña que ter asumido a Xunta, co cal sería fantástico que os dous puidesen implicarse”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Simplemente para facer algunha puntuación. Obviamente este xogo de esgrima entre Administracións é entretenido e fainos disfrutar un pouco do Pleno, pero a xente quere resultados e o único que estamos conseguindo é a ver quen leva a culpa máis grande.

Eu tiña feito hai tempo unha proposta, que obviamente sería unha emenda *in voce*, de que o Consorcio de Bombeiros que preside a Xunta e a Deputación, co cal podían colaborar os dous ó

50% sen ningún problema, sobre todo naqueles niños, porque hai unha serie de niños que están no medio do monte fóra do alcance dos medios habituais que se teñen para loitar contra a velutina, pero hai un número importante de niños que están situados en estradas locais ou autonómicas, incluso a N-VI, onde durante certas épocas coincide un número importante de niños nesa ruta; eu tiña pedido que por parte do 112 que é quen recibe os avisos, e aí non comparto o que di o voceiro do Grupo Socialista de que aquí non avisa ninguén porque nós no GES de Becerreá automaticamente cando chama un veciño o 112 chámanos, pero cadaún ten unha experiencia distinta, pero creo que nese aspecto non hai nada que criticar a ninguén.

O que propoñería é que polo Consorcio de Bombeiros, obviamente cando están nun turno tranquilo, se organizasen, xa que eles teñen a localización de tódolos niños que hai en varios concellos, falo por exemplo de Láncara, Baralla e Becerreá onde coincidía un número importante de niños en árbores altas pero con acceso ó coche de bombeiros; por tanto que polo coche de bombeiros, sen présa e cando non tiveran outro tipo de operativo, puideran desprazarse e en colaboración co GES da zona correspondente procederan e eliminar eses niños.

Diso nada se soubo obviamente nin ninguén se preocupou, pero eu creo que é unha contribución moi modesta pero que tamén pode axudar a chegar a eses niños que non se alcanzan cos medios tradicionais que temos os GES e os concellos, que os bombeiros colaboren e eliminen un número importante, porque despois falaremos da cantidade de niños secundarios que saen dun niño primario”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Na nosa emenda, e atendendo ó razonamento e explicación que daba o Sr. Ulla, efectivamente podemos suprimir a cantidade e deixalo simplemente en instar á Xunta de Galicia a impulsar, financiar, e coordinar unha campaña primaveral de trampeo masivo de raíñas de vespas velutinas, sen especificar a cantidade que lóxicamente iso sería unha cuestión moito máis técnica, porque entendo que se aceptaba a nosa emenda por parte do Grupo Socialista. E no resto, póñanse de acordo e que saia de aquí unha proposta única”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Ulla Rocha, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“A nosa intención, e xa o dixeran dende o primeiro momento, e creo que vai recollida na emenda que presentamos, é de chegar a un consenso, e estamos de acordo en que é un problema grave, así o recoñezo e o recoñecemos os que temos capacidade de xestión municipal e nos encontramos día a día coas chamadas dos veciños que reclaman o seu problema; pero dende logo non entendo o seu empeño en declarar praga.

A diferenza entre vostede e mais eu é que eu, que son Alcalde porque os veciños me elixiron, non teño que facer méritos para ser secretario xeral ou para aspirar a outro, só teño que defender a miña xestión e que os veciños me valoren porque eu resolvo os problemas cando me chamen; e non teño porque ter un día unha ocorrencia e dicir “ímos declarar praga a vespa velutina porque así ímos solucionar o problema”, pois non, esa é a diferenza entre os que temos capacidade de xestión aínda que vostede na anterior sesión me acusou e dixo “froito da súa visoñez”, pode ser visoñez pero levo oito anos en xestión de goberno como Tenente de Alcalde, catro anos na oposición, e sete anos como Alcalde, se iso é visoñez, ó mellor pode ser, igual dentro duns anos chego a adquirir certa experiencia, non sei se como a súa, pero alo menos intentareino.

Eu sei que os problemas non se resolven cun chasquido, se puidera facelo arranxaría cun chasquido tódalas estradas do meu concello e tódolos problemas que teñen, as avarías de auga, pero iso non se soluciona así con ningunha ocorrencia de dicir que o declaramos praga e solucionouse o problema, non é así, senón dígame vostede en que vai beneficiar ou que vai supoñer de cambio declaralo praga cando non temos unha lexislación que o avale?; a nivel vexetal, como pasou coa couza guatemalteca, efectivamente pódese declarar, pero dígame vostede que lei nos ampara para poder declaralo como praga?, aí ten que lideralo o Ministerio, e como é algo que afecta á nosa Comunidade dende logo ten que ser o Ministerio; se despois, a través do Ministerio, coordinado coa Comunidade Autónoma, deciden declaralo, que o declaren, ou se hai que modificar unha Lei, para iso estamos, para facelo.

Porque vostedes nunha proposta reclaman ó Goberno medidas inmediatas para frear o avance da vespa velutina, isto ten data 16 de maio de 2018 e foi presentado no Senado polo Partido Socialista, pois fagan o mesmo. Repítolle que estamos todos de acordo, isto ten que ser unha loita de tódalas Administracións, incluída a Deputación Provincial; fagan vostedes un exercicio de autoreflexión, porque hai concellos coma o de Lugo que non se adheriu a ese convenio, cando os concellos somos os máximos interesados porque temos que resolver os problemas dos nosos veciños; se temos medios e temos grupos de protección civil, dende logo eu no meu concello non o teño, pois lóxicamente xa me perdo ter a dispoñibilidade de medios materiais e de formación por parte de Vicepresidencia, que llo deu ós concellos nos que teñen Grupos de Protección Civil, para poder actuar; pero dende logo é unha mágoa que os concellos que o teñen como é o de Lugo non se adhiran e traballen unidos entre tódalas Administracións, e de xeito coordinado para loitar contra isto.

O que lles propoño é que, recollendo iso, e se quere recoller vostede, porque ten a teima co de praga, poñamos que instamos ó Ministerio a que se iso vai solucionar o problema ou vai implicar máis medidas a declaración de praga, que se lexisle ou que se modifique para a declaración, pero se vostede non é capaz de dicirme en que vai repercutir a declaración de praga, se vai ser con máis medios económicos, con máis investigación, que diferenza vai ter?, e porque só se lle ocorreu ese día pola mañá que iamos declarar praga para solucionar un problema que afecta ós veciños?, para intentar sacar un réditto electoral utilizar a demagogia política?, e que non ten sentido ningún.

Eu téndolle a man, recollamos a proposta do BNG, recollamos tamén a proposta do PP, e saquemos unha postura común, pero non tendo esa teima de seguir querendo declarar praga; a semana que ven declarará vostede tamén a carracha porque tamén está producindo danos a picadura, e tamén acabará morrendo xente, pois declaremos praga todo entón; non ten sentido ningún”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Non sei se o Sr. Ulla necesita un pouco máis de tempo para falar algo da vespa velutina, porque parece que cando se lle acaban os argumentos chama a outros asuntos; non se preocupe, se a alguén non me quero parecer é a vostede, estea tranquilo que non o vou seguir.

Mire, a competencia en medio ambiente quen a ten?, non a ten a Xunta de Galicia?, e que se non ten competencia en materia local, en medio ambiente, en emerxencias, en medio rural, en absolutamente nada, o problema non o temos coa velutina témolo co Goberno da Xunta de Galicia, entón si que é unha invasión e si que é unha praga.

Non admite a proposta que lle fago de integración da súa emenda na nosa proposta, co cal non se acepta a emenda presentada polo Grupo Popular, e mantense a proposta de que a Xunta de Galicia declare praga a vespa velutina, porque nos está comendo señor Ulla, porque nos está matando, porque está acabando coa produción apícola en moitos sitios, e vostedes están mirando para outro lado; porque vostedes piden ós concellos que voluntariamente atendan o problema que vostedes non atenden, é máis, onde non se adhíren voluntariamente teñen a santa valentía de intentar criticar que non funciona ben o mecanismo sen dicirlle á xente que depende de vostedes.

Polo tanto sométese a votación, e esperemos que algún día a Xunta de Galicia tome conciencia de que ten que facer algo e non pase como a praga da couza da pataca que cando se deron conta, despois de anos de advertencia, cinco anos, como é este o caso, a única solución que quedaba era privar á xente de plantar a pataca; pois dentro de cinco anos decidirán vostedes, se andan por alí que esperemos que non, declaralo praga e diranlle á xente que se vaian non nos vaia picar unha avispa; temos tempo suficiente para reaccionar.

Asuman as competencias que cadaquén ten que asumilas, nos non titubeamos en dicirlle ó Goberno Central que ten que revisar a estratexia porque non deu resultado dabondo nin satisfactorio, non entendemos a súa obstinación con que non se declare praga que o que significa é que tódolos recursos, tódolos mecanismos humanos, materiais, e económicos se podan poñer a disposición da loita contra unha praga, que non é o mesmo ca unha proliferación, é unha praga, e todos sabemos o que é. E por certo, pola picadura da carracha xa ten morrido xente, non é tampouco algo novidoso neste mundo, ó mellor algún día si que fan vostedes, e por outras

cuestións, máis investigación e ademáis o máis importante, atención á investigación. Agora mesmo o que imos é votar a proposta do Grupo Socialista coa emenda de engádegas do Bloque Nacionalista Galego sen recoller a cifra concreta de trampeos a utilizar”.

Por parte do Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, pregúntase se se vai aceptar ou non a emenda presentada *in voce* por el mesmo.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Pódese admitir a emenda *in voce*, e tamén salientar que os parques de bombeiros xa están retirando niños cando así lles é indicado, pero si que se admite”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG, e do Sr. Deputado non adscrito); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría acorda:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a Xunta de Galicia a que declare oficialmente como PRAGA a Vespa Velutina na nosa Comunidade Autónoma coa consecuente inxección económica e profesional que conleva.

2º.- Instar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a que revise a versión aprobada pola comisión estatal para o patrimonio natural e a biodiversidade do 14 de Novembro de 2014 e pola conferencia sectorial de Medio Ambiente o 16 de Abril de 2015 denominada “Estratexia de Xestión, Control e posible erradicación do Avispón Asiático ou vespa negra”.

3º.- Trasladar ás Institucións Europeas a urxencia da situación medioambiental que está a suceder na provincia de Lugo e en Galicia e que se aborde no seo da Unión Europea para definir unha estratexia comunitaria.

4º.- Instar á Xunta de Galicia a impulsar, financiar e coordinar unha campaña primaveral de trampeo masivo de raíñas de vespas velutinas na vindeira primavera.

5º.- Que polo Consorcio de Bombeiros, por ter a localización de tódolos niños que hai en varios concellos, se organicen os desprazamentos en colaboración co GES da zona correspondente para proceder a eliminar os niños.

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA INSTAR Á CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA A ACOMETER O DESDOBRAMENTO INTEGRAL DO CORREDOR NADELA-SARRIA.

Logo de ver a moción presentada polo Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial, D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo comparece e como mellor en dereito proceda di:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo Provincial Socialista para instar á Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia a acometer o desdoblamento integral do Corredor Nadela-Sarria.

Exposición de Motivos

O Grupo Provincial Socialista da Deputación de Lugo trae a este pleno unha vella e necesaria demanda de todos os veciños e veciñas da Comarca de Sarria.

Cando Emilio Pérez Touriño era Presidente da Xunta de Galicia, deixou preparada a infraestrutura para converterse nunha gran autovía que conectaría cara o norte ca autovía A-6 e ca do Cantábrico, e cara o sur, ca A-76. Por iso, dende o ano da súa apertura, no 2008, os socialistas sempre defendemos e defenderemos o desdoblamento integral do corredor entre Nadela e Sarria Centro.

No ano 2010, o señor Feijoo anunciou a “bombo e platillo” que a Xunta destinaría no orzamento do 2011 uns 34,8 millóns de euros para o desdoblamento do Corredor Nadela-Sarria e que entraría en funcionamento no 2013.

En Xaneiro do ano 2011 adxudícase o contrato de servizo para a redacción do proxecto de trazado e de impacto ambiental do Corredor Nadela-Sarria por un importe de 285.039,71 €. Curiosamente, 6 anos despois, en maio do 2017 a Xunta volve a investir 170.610 €, nun novo contrato de servizo de redacción do proxecto de trazado e de impacto ambiental, pero esta vez só do tramo entre A Pobra de San Xiao e Sarria (11,5 km).

Parece de sentido común que alguén se pregunte que foi daquel proxecto inicial e por qué agora a Conselleira Ethel Vázquez, anuncie “ás agochadas”, un tramo intermedio entre A Pobra de San Xiao e Sarria, cuxo inicio das obras se prevé para o ano 2020. Sobre todo, cando non fai moito tempo, tanto ela como o propio Feijoo afirmaban que a densidade de tráfico non xustificaba converter en autovía ese tramo e que tiñan cousas máis urxentes (citando como exemplo a Autovía do Morrazo). Tal vez, no aumento “repentino” de circulación no corredor teña algo que ver o abandono das vías nacionais que o goberno central do PP saínte descoidou ata límites insospeitados durante os últimos anos.

É máis, se recorremos á Memoria de Tráfico da Rede Autonómica de Estradas de Galicia do ano 2017, é a propia hemeroteca na que se recollen as promesas do señor Feijoo sobre o tramo de Nadela a Pobra de San Xiao que é o que ten maior intensidade de tráfico (3500 vehículos fronte aos 2400 do tramo Pobra/Sarria).

Neste punto cómpre destacar que a herdanza socialista neste desdobramento non puido ser mellor, pois deixamos comezadas as obras no 2005 con fondos suficientes para levala adiante e todas as expropiacións necesarias.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno o seguinte acordo:

- Instar á Xunta de Galicia a que amplíe o proxecto de conversión en autovía da VAP entre a Pobra de San Xiao e Sarria, aos 25 km existentes entre Nadela e Sarria Centro, tal e como se comprometu o presidente da Xunta de Galicia, posto que xa conta co estudo íntegro de impacto ambiental, os desmontes e as expropiacións necesarias”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“O Grupo Socialista trae a este Pleno unha xa moi vella reivindicación dos veciños e veciñas da comarca de Sarria. Cando os socialistas gobernabamos a Xunta de Galicia, e Emilio Pérez Touriño era Presidente da Xunta, xa deixou esta infraestrutura para converterse nunha gran autovía que conectaría cara o norte coa autovía A-6 e coa do Cantábrico, e cara o sur, ca A-76. Por iso queremos deixar clara a nosa postura que dende o ano da súa apertura, no 2008, os socialistas sempre defendemos e defenderemos o desdobramento integral do corredor Nadela-Sarria-Centro.

No ano 2010, o señor Feijoo anunciou a “bombo e platillo” a intención de que a Xunta destinaría no orzamento do 2011 un total de 34,8 millóns de euros para asumir o custe do desdobramento do Corredor Nadela-Sarria e que entraría en funcionamento no ano 2013; é bastante obvio que nos mentiu, pero a iso xa estamos bastante acostumbrados.

Curiosamente en xaneiro do ano 2011 adxudícase o contrato de servizo para a redacción do proxecto de trazado e de impacto ambiental do Corredor Nadela-Sarria por un importe de 285.000 euros. Pero 6 anos despois, en maio do 2017 a Xunta volve investir 170.000 € nun novo contrato de servizo, pero esta vez para abordar a redacción do proxecto de trazado e de impacto

ambiental só do tramo entre A Pobra de San Xiao e Sarria Centro, cun total de 11,5 quilómetros, pola contra dos que se comprometera o Sr. Feijóo no ano 2010.

Parece de sentido común que alguén se pregunte, incluído o Grupo Socialista, que foi daquel proxecto inicial no que vostedes investiron 285.000 euros, e que tamén nos preguntemos porque a Sra. Conselleira Ethel Vázquez, anuncia “ás agochadas” agora un tramo intermedio entre A Pobra de San Xiao e Sarria, cuxo inicio das obras se prevé para o ano 2020, que curiosidade que vai coincidir coas eleccións autonómicas. Sobre todo, cando non hai moito tempo, tanto ela como o propio Feijoo afirmaban que a densidade de tráfico non xustificaba converter a vía de altas prestacións e desdobrala nunha autovía, e ademáis afirmaban que había outras prioridades como era a autovía do Morrazo. Tal vez, no aumento “repentino” de circulación que agora vostedes argumentan no corredor teña algo que ver tamén o abandono indiscriminado que o Goberno Central do Partido Popular fixo das estradas nacionais durante os últimos anos de goberno.

É máis, se recurrimos á Memoria de Tráfico da Rede Autonómica de Estradas de Galicia do ano 2017, e a propia hemeroteca na que se recollen as promesas do señor Feijoo sobre o tramo de Nadela a Pobra de San Xiao non é precisamente o que ten máis intensidade de tráfico, vostedes deberían saber que o tramo de maior intensidade de tráfico é o tramo Nadela-Pobra de San Xiao, 3500 vehículos fronte ós 2400 do tramo Pobra-Sarria.

Neste punto é importante destacar que a herdanza socialista non lles serve a vostedes para xustificarse, porque non pode ser mellor neste caso, deixamos comezadas as obras no ano 2005 con fondos suficientes para levala adiante e tódalas expropiacións necesarias.

Polo tanto é obvio, e de maneira concisa queremos aclarar, porque xa sei o que me van dicir despois e por iso me anticipo, que dende logo o Grupo Socialista non se vai opoñer en ningún momento ás obras que se van acometer, pero o que si reivindicamos é que ese proxecto de 11 quilómetros se amplíe ó total dos 25 quilómetros existentes entre Nadela e Sarria Centro, e que en base ó cumprimento das promesas do Sr. Feijóo, e que mesmamente onte na prensa a propia Ethel Vázquez se comprometía que hai unha vontade política, pois que se execute con carácter inmediato ese desdoblamento dos 25 quilómetros para acometer algo que os socialistas sempre defendemos e

defenderemos, e que consideramos que é de vital importancia desdobrar ese corredor en autovía para os veciños da comarca de Sarria.

En definitiva esta é a petición, é unha moción que se plantexa dende o punto de vista construtivo, creo que nesta liña temos que traballar tódolos Grupos porque consideramos que é unha conexión a nivel de infraestruturas fundamental para o desenvolvemento da comarca”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Con respecto a esta moción que presenta o Grupo Socialista neste Pleno, igual que xa o fixo no concello de Sarria, o Grupo Popular imos absternos como fixemos no mesmo concello simplemente porque non queremos votar en contra de calquera cousa que sexa impulsar unha infraestrutura tan importante para esta provincia, e nomeadamente para as comarcas de Sarria e Monforte de Lemos; pero tamén é certo que esta infraestrutura ten a súa historia que todos coñecemos, e tamén coñecemos a traxectoria que o Partido Socialista tivo e ten nesta infraestrutura, xa lles coñecemos os trucos, xa sabemos como funcionan, porque así o fixeron cando se iniciou a obra.

Eu quería remontarme ó ano 2000 cando na comarca de Sarria e en varias comarcas da provincia de Lugo, no tramo Centro-Sur da mesma, se empezaba a falar das mortes e dos accidentes que había na anterior carretera, a que lle chamamos carretera vella de Sarria a Lugo, particularmente en zonas con auténticos puntos negros, na zona de Balmao, na recta de Savarei, ademáis onde estaban xalonadas de moitos accidentes e moitas mortes. Falábase, e creouse esa conciencia social en toda esa parte da provincia, da necesidade de arranxar esa carretera, de eliminar parte das curvas, de mellorar o asfalto, en definitiva de facer obras que melloraran a seguridade da mesma.

Pero foi precisamente o actual Presidente da Xunta, daquela Conselleiro de Política Territorial da Xunta de Galicia, o que decidiu que esta provincia merecía algo máis ca iso. Foi o que decidiu que a conexión entre Lugo e Sarria e entre Sarria e Monforte precisaba dunha

infraestrutura nova e non dun arreglo nin dunha eliminación de curvas como se estaba a falar. E foi cando se iniciou o proxecto construtivo que dende o primeiro momento quedou claro que ía acabar sendo unha autovía, e que se iniciaba coa construción dunha primeira fase que é o que lle chamamos a vía de altas prestacións ou o Corredor Nabela-Sarria e Sarria-Monforte.

Precisamente naquel momento cando se iniciou esa obra, que dende logo se ten unha paternidade indibutada é a da Xunta do Partido Popular e a do seu Presidente, daquela Conselleiro de Política Territorial, os socialistas xa empezaron coa mesma estratexia que queren montar agora; todos lembramos cando, con certo éxito ademáis, dentro da sociedade sarriana en moitos concellos se creou unha plataforma en contra das obras, a plataforma rezaba “autovía xa, corredor non”, e os socialistas, e non quero entrar en dinámicas persoais de quen a formaba en Sarria, é verdade que intentaron poñerse en contra dunha obra tan importante como a que está feita na súa parte e que se rematará nos próximos anos, dicindo que non se podía facer por fases esa autovía senón que había que facela toda xunta, xusto o mesmo discurso e a mesma mentira coa que nos veñen agora.

É certo que no ano 2005, cando vostedes chegaron ó poder, despois daquel bipartito de nefasto recordo para a maioría dos galegos, a Conselleira de Política Territorial do señor Touriño era a Sra. María José Caride, que por certo durante o seu mandato visitou Sarria varias veces, fixeron todo o contrario do que tiñan prometido, aquelas pancartas escondéronas e despois pasaron a dicir que a ían preparar para unha futura autovía, pero xa nada dos desdobramentos que din agora, senón que cando se puidera e cando o tráfico o permitira, de feito en varias intervencións a preguntas no propio Parlamento de Galicia e na súa visita a Sarria foi o propio goberno socialista o que xa non quixo saber nada de ningún compromiso de prazo para executar ese desdobramento nin facer a autovía.

Polo tanto, señor Rivera, o que ocorre é que a historia se repite, grazas a Deus saíron rápido da Xunta, os galegos non os quixeron mantendo aquel bipartito, e agora que saben que van comezar as obras do desdobramento volven coa mesma estratexia, “está moi ben pero quémola xa agora”, só que agora xa non son vírxes, no ano 2004 aínda os crían algúns pero agora xa non, agora quédalles este tipo de iniciativas con moi pouco éxito e nula repercusión social en Sarria por exemplo, na que volven coa mesma estratexia, dicir que a queren xa agora.

O que está en tramitación é a primeira fase dese desdoblamento, e lóxicamente as obras vanse iniciar antes das eleccións autonómicas, que é o que lles molesta realmente, que o Partido Popular sexa o único que aposte por esta infraestrutura como sempre fixo, porque nos catro anos do bipartido non é que contrataran nin un só metro cadrado de desdoblamento senón que non fixeron estudo de impacto ambiental, non fixeron absolutamente nada, de feito eses catro anos adicáronos a rematar o tramo da primeira fase entre Nadela e Sarria sen tocarlle sequera á continuación a Monforte.

Polo tanto están moi vistos Sr. Rivera, e esta estratexia do Partido Socialista xa está moi vista e ninguén a cre; nós por suposto que queremos esa infraestrutura, porque se alguén pelexou por ela foi o Partido Popular desde sempre. Polo tanto, non imos votar en contra de calquera iniciativa de impulso, pero nós defendemos que esa infraestrutura xa se está facendo, e iso é o que lles molesta a vostedes, como lles molestou no ano 2004, pero agora xa os coñecemos.

O estudo de impacto ambiental e o estudo do trazado está rematado, de feito só hai unha alegación do concello de Sarria, que técnicamente non é unha alegación en contra do trazado senón que é unha manifestación política desa “autovía xa e agora” que xa nos coñecemos desde hai tantos anos; pero fóra diso o que está claro é que o proxecto construtivo está tamén en contratación e vanse iniciar as obras, dentro deses prazos regulamentarios, administrativos e técnicos, de forma inmediata; e iso é o que os volve molestar, pero nós imos seguir apostando por esta infraestrutura como fixemos sempre, e cremos que esta infraestrutura será un desdoblamento completo, ninguén dubida diso, a ninguén se lle ocorre pensar que se vai desdobrar ata a Pobra de San Xiao, con tódolos meus respectos á Pobra de San Xiao.

Polo tanto non imos votar en contra desta iniciativa pero lóxicamente encadrámola dentro deste tipo de mocións electoralistas que fan vostedes cando ven que se van iniciar obras e que se aproximan as eleccións. Agardamos que tamén con esa mesma voluntariosidade e ilusión tiren de aquí en adiante polas obras que están comprometidas con prazos por parte do Ministerio de Fomento e que non agochen as pancartas como fixeron noutros tempos cando houbo un cambio e chegaron vostedes ó goberno”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Para anunciar que me vou conchabar outra vez con vostedes, e vou apoiar esta moción porque todo o que sexa de interese para a provincia, como dixeran noutras intervencións, vai ser apoiado, e máis para unha comarca de Sarria, por algo que os que son socialistas agora, e os que os eramos antes e agora non o somos, seguimos apoiando”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Para anunciar tamén o noso voto favorable. Tódalas infraestruturas teñen a súa historia, como dicía José Antonio, pero a historia real que teñen é que se fan cos impostos de tódolos lucenses, de todas e todos os galegos; porque parece ser que aquí hai unha carreira a ver quen fixo mais ou quen fixo menos e se lle afea a conducta ó que temos enfronte.

Dicir tamén que unha vez máis neste caso evidénciase o nulo ou escaso interese do Goberno autonómico por esta provincia; despois imos ver tamén nunha moción que trae o Partido Popular da situación da N-642 na Mariña. Aquí na provincia de Lugo o único que chegan son as migallas orzamentarias en temas de infraestruturas, imos a remolque de todo, e imos a remolque dese eixo Coruña-Santiago-Vigo-Pontevedra que parece ser que é onde está toda a poboación, e entón dámoslles máis servizos, máis infraestruturas, para que siga habendo máis poboación aínda alí, para que se siga despoblando máis Lugo e Ourense, pero neste caso Lugo é o que nos preocupa. Repito, aquí chegan unhas migallas, e facémolles dez quilómetros, e despois hai unha demanda social para que fagan outros dez quilómetros, e así levamos vinte ou trinta anos.

Efectivamente nesta moción dise que o Sr. Feijóo xa anunciara esta obra hai tempo, pero ós anuncios mentira estamos acostumados; ímolo falar tamén despois na moción da N-642, tamén o Sr. Feijóo anunciara que o corredor San Cibrao-Ferrol ía estar rematado no 2014, despois veu Agustín Hernández e dixo que non senón que sería no 2017; recordo que, xunto con outros

compañeiros, asistín a ese Pleno no Parlamento, son oitenta e cinco quilómetros e teñen sete en Xove e oito en Ortigueira, dos oitenta e cinco, ía estar todo rematado no 2017; isto é para indignarse, non sei se indignación é sinónimo de revolución pero isto era para facer unha revolución na provincia de Lugo.

E agora estamos falando só da Xunta, pero na outra moción imos falar tamén do Estado, porque aí si que hai responsabilidades, duns e doutros; é vergoñento. E mentres haxa xente que non ten vergoña á fronte destas Institucións, ben sexa a Xunta de Galicia ou ben sexa a Consellería de Infraestruturas, seguiremos pasando vergoña os usuarios destas estradas que se corresponden ó século XX e non ó XXI. Non é que as faga o PP nin que as faga o PSOE, fanse cos cartos de todas e todos os lucenses”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Lamento que o Partido Popular sempre utilice a estratexia da abstención para agocharse, será para demostrar que o tramo se quedará niso e xa veremos se finalmente cumpren.

Isto non responde a ningunha estratexia do Partido Socialista señor García, responde a unha reivindicación histórica dos veciños da comarca. Vostede falaba de pancartas, e non é o máis indicado para falar de pancartas porque vostede estivo detrás desa pancarta ata que o señor Barreiro, cando mandaba porque agora creo que manda menos, o convenceu de que fixera o contrario, e pasou de estar detrás a estar diante. Ou sexa que indicacións acerca de quen está detrás das pancartas ou non, non llas vou admitir.

Do mesmo xeito que se trae esta moción, podo entender que vostede se absteña porque no ano 2011 vostede dixo, xunto co señor Dámaso López, que as obras do desdoblamento do corredor comezarían o próximo ano, é dicir no 2011, entón non me estraña que non nos fíemos do Partido Popular porque vostede mesmo mentíu.

Vostede fala de que non había estudo de impacto ambiental, o problema é que vostedes teñen dous, o que lle pregunto eu, e xa lle adianto que pediremos responsabilidades por ese feito, é que fixeron vostedes co investimento de 285.000 euros que se gastaron no primeiro estudo integral do Corredor Nadela-Sarria, dese estudo de impacto ambiental e redacción do proxecto, donde vai?, ou porque motivo vostedes redactan outro proxecto intermedio e sacan a licitación cando xa teñen o proxecto redactado?.

Son preguntas importantes e relevantes acerca dunha infraestrutura que é tremendamente necesaria, que se lles encheu a boca no ano 2010 dicindo que a ían executar, que ían reservar 34,8 millóns de euros, vostede mesmo o dixo, vostede mesmo enganou a tódolos veciños da comarca de Sarria dicindo que iso era así, e dende logo a mín non me gusta entrar na guera do “y tu más” pero o que é indiscutible é que cando era Presidente da Xunta Emilio Pérez Touriño no ano 2008 se inaugurou ese primerio tramo do Corredor, un Corredor que, e espero que non mo negue porque estaría mentindo outra vez, quedou perfectamente estruturado e expropiado, os desmontes realizados, para poder acometer ese desdoblamento, facer a vía de altas prestacións e convertela nunha autovía; insisto, cunha estratexia moi clara e dende o punto de vista político, que era que conectara ó Norte coa A-6 e coa Autovía do Cantábrico, e ó Sur coa A-76. Iso foi o que defendemos, xa llo dixeran na primeira intervención, o que defendemos agora, e o que imos defender.

Polo que me da a entender vostede non hai moitos indicios de que o Partido Popular teña intención de abordar moito máis do que xa abordou. Eu si que creo que o Partido Popular poda deixar o tramo tal e como o ten proxectado actualmente, espero que iso non sexa así; e a única estratexia que hai é reivindicar unha necesidade dos veciños que utilizan a cotío esa vía; dígolle tamén que é unha cuestión de seguridade porque calquera persoa que entenda mínimamente disto é perfectamente consciente de que o tramo de maior densidade de tráfico é precisamente o de Nadela-A Pobra, supoño que será a súa estratexia electoral, coller Pobra de San Xiao-Sarria, é respectable e non nos opoñemos, pero creo que dende o punto de vista técnico non só político calquera persoa en cuestións de seguridade e mellora da infraestrutura ten completamente interiorizado que a Xunta de Galicia debería facer unha aposta firme e decidida por desdobrar eses

25 quilómetros en total que convertería esa vía de altas prestacións en autovía, que tan necesaria e tan demandada é polos veciños”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Eu quero insistir nos argumentos de que non están en condicións vostedes de dar ningún tipo de lección con esta infraestrutura; vostedes gobernaron e incumpriron todo o que prometeron en Sarria; vostedes non foron capaces de facer un metro cadrado de desdoblamento. Acábame de dicir que non estamos en condicións de debater que o proxecto quedara arranxado, pois mire, iso é o que criamos pero tampouco quedou ben arranxado porque fixeron falta e están facendo falta novas expropiacións, porque vostedes sempre venderon que quedaba todo o terreo necesario para acometer a infraestrutura, pois tampouco, nin iso.

Entonces que volvan sacar este tema cando se anuncia xa o remate do periodo de exposición do proxecto de trazado, anúnciase a contratación das obras desta primeira fase, e se anuncia realmente o compromiso do Partido Popular e da Xunta de Galicia con esta infraestrutura, pois claro que é sospeitoso, porque xa coñecemos o que fixeron no goberno con esta obra, como fixeron en moitas máis.

E que incluso para apoiar esta moción faría falta un soporte técnico administrativo máis alto, porque o que vostedes propoñen é que unha obra da que agora mesmo está rematado o prazo de exposición con respecto ó proxecto de trazado se retrase para modificar ese proxecto e ampliar o demáis, co cal tecnicamente ó mellor a súa proposta incluso retrasa a obra, non sei se é o que vostedes queren aínda que tampouco me estrañaría porque xa os coñecemos.

Entonces nin sequera coa súa proposta vostedes son capaces de xustificar técnica e administrativamente que a obra iría máis rápido; en segundo lugar a nós parécenos moi ben por suposto que tódalas obras non se fagan por fases e se fagan moi rápidas, pero é que vostedes coa Rede Viaria Provincial xa me dirán o que están facendo, pois recórdolle que en Sarria creo que veñen de licitar un tramo de 3,5 quilómetros nunha estrada provincial que está desfeita; pois non

están en condicións de dar explicacións de como se fan as infraestruturas cando licitan anualmente 3,5 quilómetros dunha carretera, supoño que será por limitacións orzamentarias ou outro tipo de cuestións, pero vontade de dar explicación de como se fan as obras ningunha, e menos de vostedes.

Polo tanto insisto no mesmo que dixemos en Sarria e o que estamos a dicir, este Partido Popular de Lugo aposta por esta infraestrutura, porque foi o Partido Popular o primeiro que a defendeu e que a puxo en marcha, foi o que considerou que esta obra podía vertebrar e vehicular a provincia de Lugo, dende Lugo a Sarria e de Sarria a Monforte, cando ninguén estaba falando diso; os socialistas daquela opoñíanse cando empezaron as obras, e despois cando gobernaron non fixeron nada; porque é moi bonito falar de intencións pero aí están os feitos, a Sra. Caride e o Sr. Touriño non desdobraron a estrada, pero é que nin fixeron un proxecto de estudo de desdoblamento, de feito naquel momento, acabado ese período negro da historia galega do 2005 ó 2009, no ano 2009 houbo que retomar a obra para continuala e levala a Monforte de Lemos.

Polo tanto a estratexia moi vista, moi pouco eficiente, e moi pouco crible, porque foron moitos a xente de boa fe que no ano 2004 apoiaban esa intencionalidade, pero son moitos os decepcionados xa polas promesas socialistas. Por tanto, xa lle digo que esa obra vai comezar, é un éxito para esta provincia, e debemos estar todos para apoiala e non para intentar buscarlle tres pés ó gato.

Por outra parte tamén agardamos esa mesma efusividade coas outras obras de infraestruturas de transporte que hai nesta provincia e que dependen do Ministerio de Fomento, non se olviden delas porque nós non nos imos olvidar, segundo non nos olvidamos cando estabamos no goberno tampouco nos imos olvidar agora que non estamos”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Moi brevemente para dicir que xa pasou unha década despois do remate do Goberno bipartito”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“É certo que o voceiro do BNG foi breve, eu tamén o vou ser. Xa sei que tivo o seu momento de gloria, expectáculos García en acción, pero non se poña nervioso, e en todo caso o que lle ten que pedir explicacións e o Goberno socialista ó Partido Popular, vostede a mín non porque o que ten competencias nese Corredor é a Xunta de Galicia; e debe ser que vostede o fixo moi ben en Sarria e por iso está gobernando alí.

Insisto en que isto non responde a ningunha estratexia senón simplemente ó feito de que imos reivindicar unha infraestrutura que é necesaria, e ata agora vostedes tampouco fixeron nin un só centímetro do desdoblamento do Corredor, co cal imos esperar, porque cando o Partido Popular di que no 2020 se prevé que estea en execución póñanse a tremer porque probablemente ó mellor levan unhas máquinas para alí e fan algo a ver se cola para as autonómicas, porque sabemos como operan vostedes.

É unha mágoa que o Partido Popular se manteña nunha moción coma esta do mesmo xeito que fixo no concello de Sarria, e ademáis nós non tiñamos ó mellor o proxecto feito pero vostedes teñen dous, gastáronse preto de catrocentos mil euros, e que fixeron co primeiro desdoblamento?, que é o que realmente se debería executar porque xa lle quedaba preparado e simplemente tiñan que executalo, pois nós preguntaremos e pediremos responsabilidades, porque non sabemos que foi dese proxecto de 25 quilómetros que vostedes meteron nun caixón e que de repente invisten outros 170.000 euros a maiores para desdobrar once quilómetros, que benvidos sexan pero considero que, dada a cuestión que nos ocupa, é completamente insuficiente, e moi inxusto que o Partido Popular castigue así ós veciños da comarca de Sarria.

E para rematar simplemente dicir que a nosa proposta é clara, concisa, e que imos apostar por defender algo que sempre defendemos e que nos demandan tódolos veciños da comarca”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo

Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG, e do Sr. Deputado non adscrito); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría acorda:

Instar á Xunta de Galicia a que amplíe o proxecto de conversión en autovía da VAP entre a Pobra de San Xiao e Sarria, aos 25 km existentes entre Nadela e Sarria Centro, tal e como se comprometu o presidente da Xunta de Galicia, posto que xa conta co estudo íntegro de impacto ambiental, os desmontes e as expropiacións necesarias”.

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA A HOMOXENEIZACIÓN E MELLORA DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO E EFICACIA DOS GRUPOS DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAIS DA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Exposición de Motivos

A calidade e o tipo de servizo que unha administración oferta á cidadanía cando esta se atopa en situacións de perigo ou de emerxencia sempre é un tema que xera unha especial sensibilidade.

Estes servizos de emerxencia atópanse desgregados en distintas unidades que á súa vez dependen de varias administracións distintas. Estas unidades ou grupos teñen mandos distintos e unha dirección tamén distinta.

Por se iso non fora pouco, incluso estre estas unidades ou grupos de emerxencias teñen unhas condicións distintas de traballo, de formación ou de funcións, dependendo de que administración dependan ou incluso do lugar xeográfico onde traballen.

Así, centrándonos nas emerxencias en caso de accidentes ou de incendios, atopámonos cos bombeiros que son funcionarios municipais, os bombeiros contratados por empresas privadas que

traballan nos parques provinciais dependentes das deputacións ou os Grupos de Emerxencias Supramunicipais, dependentes dos concellos pero pagados pola Xunta e Deputacións.

A cuestión aínda se agrava máis cando falamos do traballo deste último grupo, os chamados GES (Grupos de Emerxencia Supramunicipais), os cales traballan diseminados por moitos concellos de Galiza, con direccións distintas, condicións de traballo tamén dispares e funcións e formación dependentes case sempre do concello no que traballan.

Así, na provincia de Lugo tempos grupos de GES nos concellos de Cervo, A Pontenova, Monterroso, Courel, Guitiriz e Becerreá. En cada un deles cunha dirección distinta, con funcións diversas e cunhas condicións laborais que nada teñen que ver nuns concellos con outros.

É máis, a propia organización que destes grupos fai algún dos concellos, así como as funcións ou traballos que teñen que realizar para eles, e que nada teñen que ver coas emerxencias, imposibilitan na práctica que estes profesionais poidan facer o seu traballo tal e como se se esperaba deles e como se definiu na súa creación.

Do mesmo xeito, a estes homes e mulleres esíxeselles que actúen dun xeito dilixente e profesional no caso de incendios ou accidentes de calquera tipo, mentres que a formación é practicamente inexistente ou os medios dos que dispoñen non son para nada acordes ás necesidades do servizo que deberían cumprir.

Por outra banda, hai que ter en conta que os custes destes grupos está soportado polo conxunto dos galegos e galegas, ben sexa con fondos da Xunta ou ben cos da Deputación de Lugo, polo que o seu traballo debe ser orientado ao conxunto de concellos que teñen a responsabilidade de atender. No caso de non poder facelo por estar atendendo traballos exclusivos do concello onde teñen a súa base, e que nada teñen que ver coas emerxencias, sería constitutivo dunha fraude e dun engano ao resto da poboación que non se pode consentir nin tolerar.

Do mesmo xeito, tendo en conta a política da Deputación de Lugo de loita conta a precariedade nas contratacións emprendida na pasada lexislatura, tamén cremos que non podemos

permitir que traballadores que son sufragados ao 50% con fondos desta institución teñan unha condición laborais tan precarias e, sobre todo, tan discriminatorias duns concellos con respecto a outros.

E por todo o exposto con anterioridade polo que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación de Lugo esta moción, proponendo a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno da Deputación a tomar as medidas precisas, utilizando todos os medios ao seu alcance, para conseguir que os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) da provincia de Lugo teñan un funcionamento eficaz e homoxéneo así como cunhas condicións laborais dignas, todo elo en base aos seguintes puntos:

- Igualación das funcións de todos os traballadores e traballadoras dos GES da provincia, priorizando sempre o seu traballo nas emerxencias supramunicipais sobre calquera outra función de carácter propio do seu concello base.
- Igualación de todos os salarios dos traballadores e traballadoras dos GES, tendo cando menos a categoría laboral de oficial de 2ª e garantindo que ningunha persoa cobre menos que a media dos GES de Galiza.
- Elaboración dun plan de formación para todos e cada un dos GES da provincia acorde ao traballo en emerxencias que teñen que levar a cabo.
- Esixencia de que os grupos estean sempre completos e que exista unha organización do traballo en cada concello que garanta que se poida acudir a todas as emerxencias para as que son solicitados”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Popular preséntase unha emenda de engádegas, do seguinte teor:

“Propónse engadir texto á proposta de acordo de xeito que quede da seguinte forma:

1º) O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno da Deputación a tomar as medidas precisas, utilizando todos os medios ao seu alcance, para conseguir que os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) da provincia de Lugo teñan un funcionamento eficaz e homoxéneo así como cunhas condicións laborais dignas, todo elo en base aos seguintes puntos

- Igualación das funcións de todos os traballadores e traballadoras dos GES da provincia, priorizando sempre o seu traballo nas emerxencias supramunicipais sobre calquera outra función de carácter propio do seu concello base.

- Igualación de todos os salarios dos traballadores e traballadoras dos GES, tendo cando menos a categoría laboral de oficial de 2ª e garantindo que ningunha persoa cobre menos que a media dos GES de Galiza.

- Elaboración dun plan de formación para todos e cada un dos GES da provincia acorde ao traballo en emerxencias que teñen que levar a cabo.

- Esixencia de que os grupos estean sempre completos e que exista unha organización do traballo en cada concello que garanta que se poida acudir a todas as emerxencias para as que son solicitados.

2º) O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno da Deputación a que acade os obxectivos do punto anterior implicándose na negociación en curso entre a Xunta de Galicia, as catro Deputacións e os concellos galegos no seo da FEGAMP para establecer un novo modelo de financiamento dos GES”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Para empezar a defensa da proposta quero lembrar en todo caso, porque me parece moi relevante, o que significan as siglas “GES”, por un lado son grupos de persoas que teñen que ter un número mínimo se se quere que leven a cabo as súas funcións e que sexan operativos; son para

atender emerxencias prioritariamente non para facer outro tipo de traballos que incluso, como veremos despois nalgúns casos, puidera impedir a propia atención das emerxencias; e algo moi importante tamén que se esquece moitas veces, son supramunicipais; é dicir a súa creación foi para atender emerxencias en distintos concellos da comarca onde están encravados e non só para traballar no concello que teñen como base.

Neste campo tamén hai que ter en conta a política, dende o noso punto de vista, non acertada ou cando menos moi mellorable que ten a propia Xunta de Galicia coa xestión das emerxencias, neste caso non sanitarias, coa súa disgregación, dependendo de distintas Administracións, con diferentes grupos, incluso hai dende bombeiros funcionarios no caso das grandes cidades, bombeiros en empresas privadas, porque está privatizada esa parte, nos Parques Comarcais, ou o que nos atinxe que son os Grupos de Emerxencia Supramunicipais que dependen cadaún deles do seu concello concreto no que están encravados.

Con iso lóxicamente se a atención das emerxencias en xeral é moito máis complicado polo número de mandos, temos o costume de dicir que neste país hai ás veces máis xefes ca traballadores, pois no caso das emerxencias case tamén; a dispersión á hora de coordinalos, como se viu perfectamente en casos recentes de hai un ano coa vaga de lumes que padecemos por exemplo, da problemas de operatividade, pero no caso dos GES estamos vendo que dos existentes por exemplo na provincia de Lugo cadaún deles depende do seu Alcalde correspondente, non importa que as emerxencias as marquen dende unha coordinación superior senón que a organización do traballo que teñen en cada concello si afecta á atención desas emerxencias, que é o que aquí tratamos de corrixir e de homoxeneizar.

Tamén hai que dicir evidentemente que dada esa disgregación que hai nos GES en distintos concellos non ten nada que ver o panorama duns concellos con respecto a outros, a casuística é moi variada e iso é tamén o que nos levou precisamente a traer aquí esta proposta para que iso non aconteza e se mellore en tódolos sentidos. Na provincia de Lugo atopámonos con traballadores que cobran pouco máis de setecentos euros e traballadores que superan moi amplamente os mil euros ó mes, cantidade que creo que non é acorde ós servizos de responsabilidade que terían que levar a

cabo, pero insisto en que aquí estamos a falar sobre todo das diferenzas que hai entre uns e outros, cousa que nos parece completamente mellorable.

Como dicía antes, tamén se da o caso e hai exemplos moi concretos e moi sangrantes onde a propia organización do traballo que se fai nalgún concello determinado impide na práctica que poidan atender emerxencias, xa non só nese concello senón moito máis en concellos que non son o seu concello base, cuestión que dado que están subvencionados con cartos públicos, non do concello en concreto onde están encravados, podía considerarse incluso un propio fraude ó que é o espírito cando menos da concepción dos GES.

Creo que é de recibo unha das propostas que se fai de que, independentemente de que poidan facer outros traballos cando non teñen que atender a esas emerxencias, a prioridade ten que ser sempre a atención ás emerxencias, e nunca o traballo que lles encomenden no concello pode impedir que se atenda unha emerxencia; ou por exemplo que nunca o número de efectivos que hai nun determinado GES nun concello en concreto impida que se poida atender ás emerxencias que xurdan como está a pasar neste momento. Se o número mínimo creo lembrar que era de doce en cada concello hai que manter en cada momento esas doce persoas pois en canto non as haxa non se poderá atender ás emerxencias, que é para o que están concebidos.

Ó mesmo tempo falabamos antes de que o salario cremos que non é acorde ó traballo de responsabilidade que teñen, pero a formación que se lles dá tampouco é a axeitada para o traballo que teñen que facer; habería que facer un plan de formación para todos e cadaún dos traballadores por igual para que realmente puideran levar a cabo a función que se lles encomenda e para o que foron creados.

E en todo caso facer fincapé en que os Grupos ou están completos ou non poden ter esa función; eu lembro agora por exemplo o GES de Guitiriz que ten neste momento sete persoas, unha de baixa e outros de vacacións, co cal xa me dirán como se pode atender ás emerxencias na comarca da Terra Chá practicamente con catro ou cinco persoas que pode haber, un servizo que debera estar activo as 24 horas, iso non é operativo nin serve para o que foron creados.

Falabase antes aquí da loita contra a velutina, evidentemente coa formación e cos medios axeitados poden colaborar perfectamente, penso que entraría dentro das súas funcións a loita contra a velutina; é máis, tendo estes profesionais ben formados e equipados para a loita incluso podíamos evitar que algún que outro Alcalde andivera propoñendo desfacer os niños a cañonazos como vimos hai uns meses nos medios de comunicación, se hai personal suficiente e hai unha boa organización podíase evitar por exemplo ese tipo de ocorrencias.

E xa remato cunha cousa tan básica como é por exemplo recoñecer a categoría profesional, aquí hai concellos que lles están pagando o salario como peóns; hai concellos, como por exemplo o de Monterroso, que lles recoñece, dado que se lles esixe ter carné de conducir, a categoría de oficial de primeira; e hai outros concellos que sen asinarlle unha categoría repárteselle o diñeiro que teñen en doce meses e cadaún cobra a parte que lle corresponde. Eu creo que non é de recibo, a Deputación fixo un esforzo moi importante na última lexislatura nas cláusulas sociais para as contratacións de empresas que traballen para a Deputación, pois moito máis eu creo que se ten que esforzar en poñer certos condicionantes ou axudar a poñelos para aqueles traballadores que cando menos nun 40% están sufragados ou pagados con cartos desta Institución.

A proposta está aberta, non nos metemos en cal ten que ser o traballo ou a fórmula que use a Deputación para intentar coordinar e homoxeneizar estas cuestións, pero eu creo que é urxente facelo. Hai unha emenda do Grupo Popular que nos parece perfecto implicar á Xunta nun marco de negociación nisto, e como non nos metemos na fórmula que ten que ter o goberno para chegar a este obxectivo, esta é unha fórmula coma outra calquera co cal parécenos ben e aceptámola sen ningún tipo de problema”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“A verdade é que me sorprenden as afirmacións que se fan por parte do voceiro do BNG nesta moción, creo que implican, falando dende a experiencia persoal do GES que ten a súa sede en Becerreá, que é un descoñecemento total e absoluto de como funcionan os GES, cun interese, e

díggollo con todo o cariño, para vender unha vez máis fume ós traballadores pero que non ten nada que ver co que, alo menos no GES de Becerreá, se está a facer.

Tamén é verdade que como a moción é inocua non fai dano ningún a uns nin a outros, este voceiro vaina votar, pero dende logo si que creo que hai que rexeitar algunhas das afirmacións que se fan aquí. Fálase de bombeiros que son funcionarios municipais, nada máis falso, os GES non son bombeiros nin teñen que ir ós incendios forestais, os GES teñen que actuar cando hai perigo para o núcleo urbano, para unha poboación, ou para unhas persoas, entóns sí que teñen que ir alí, pero ós incendios forestais non teñen que ir para nada.

Despois fala de que a formación sempre a paga o concello, o concello paga parte da formación, pero a Deus o que é de Deus e ó home o que é do home, aquí a formación faise por parte da Xunta de Galicia, teñen cursos bastante habituais e aquel que quere ir traballar e irse formar non ten problema ningún, e eu falo polos traballadores do meu concello.

Fala tamén das funcións que teñen que realizar, hai un convenio claro e rotundo do que teñen que facer; claro que o GES ten un pecado orixinal que é que se financia dende varias Consellerías, e isto créalle un problema de financiación, e aquí vou ser prudente, pero o da Consellería de Agricultura non ten nome, a verdade é que sistematicamente, dá igual o que se desbroce, porque si que teñen que facer ese traballo os GES, é unha das condicións do convenio, desbrozar, si que ten que facer outros traballos, pero sistematicamente, alo menos no caso de Becerreá, a Consellería de Medio Rural sen revisar, sen controlar, sempre desconta unha cantidade determinada, e o que tiña que ser un custe cero dende que a Deputación asumiu o 50% correspondente convértese no concello de Becerreá en quince ou vinte mil euros tódolos anos, que non tería porque pagar o concello.

Despois tamén se di que non traballan no conxunto dos concellos, iso é falso, as condicións que poñen os convenios, e eu teño aquí e estase negociando estes días coa Fegamp e a Xunta o novo convenio, os GES van sistematicamente a tódalas chamadas que se lle fan ó 112, por iso antes lle dicía ó voceiro do Grupo Socialista que polo menos en Becerreá chaman automaticamente, dá igual o concello que sexa, e no menor tempo posible están alí, e o número de actuacións, que eu lle

podo facilitar, é un número moi elevado en tódolos concellos, o 90% delas fóra do concello de base do GES.

Eu podería seguir dicíndolle que todo o que vostede propón aquí xa se fai, co cal, repito, eu vou apoiar a moción pero, agás a igualación de tódolos salarios dos traballadores, que imaxino que no próximo convenio irá, pero hai uns convenios determinados que son as condicións de traballo que puxo cada concello de acordo co que había naquel momento e que o convenio esixía; en canto a que hai diferenza de soldos, si pero iso é unha determinación que terá que mirar o propio concello en función do convenio que se aplique.

Repito, vou apoiar a moción, e dende o GES de Becerreá se quere documentación ou información, aínda que imaxino que a propia Xunta lla pode dar, para non traer aquí cousas que a verdade é que é fume”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Unha vez máis lémbrolle o que lle dixen no último Pleno, os turnos de palabra é certo que os pode vostede comezar como queira, de maior a menor ou de menor a maior, pero se comeza polo BNG e despois o non adscrito debería darllo ó Grupo Socialista e non querer reservalo sempre para o final, o que di o Regulamento é de menor a maior ou de maior a menor, e dentro diso vostede faga o que queira que nos dá igual.

En canto a esta moción do BNG, o Deputado non adscrito dicía que era inocua, pois é pouco máis ca unha declaración de intencións; eu creo que efectivamente se din algunhas cousas que están erradas, a principal dende o meu punto de vista é que a Deputación Provincial aporta o 50%; pois non, nos GES aporta a Xunta de Galicia o 60%, no convenio inicial era o 20% os concellos, o 20% esta Deputación, e por un acordo desta Cámara dediciuse que o 20% dos concellos o aportara a Deputación, e agora estaría nun 60 e 40.

Pero ademáis hai que dicir que a Xunta de Galicia, aparte de aportar o 60%, aporta toda a formación; os datos publicados da Xunta de Galicia, e eu non os vou corrixir, son que nos tres últimos anos investiu tanto en material como en formación máis de 2.700.000 euros só nos Grupos de intervención extramunicipal, eu creo que é unha cantidade importante, a través da Escola Galega de Seguridade estáselle dando formación continua e constante.

Eu podería estar máis ou menos de acordo en que a igual traballo igual soldo; podería estar de acordo con algúns dos puntos que vostede reivindica. En canto á formación eu entendo que cando un concello selecciona persoal xa valora a súa formación, non se pode entrar de fontaneiro e despois formarnos como fontaneiros, dentro do respecto á autonomía local nos procesos de selección do concello, para mín son tan válidos como os de calquera outra Administración, entendo que xa se selecciona xente formada, donde se lle valora a súa experiencia, os seus cursos, e a súa capacidade; pero ademáis a Escola Galega, a través da Egap, segue dando formación continua.

Nós presentámoslle unha emenda, que vostede aceptou e eu agradézollo, na liña de que poda saír adiante por unanimidade. Creo que se vostede pon de manifesto, eu non o sei, pero aquí hai sentados entre os vinte e cinco Deputados dous Alcaldes, o de Becerreá e o propio Presidente da Deputación, que soportan Grupos e por tanto eles nos poderían dicir máis ca outros compañeiros que non os temos, pero o que é certo é que eu entendo que saen cando os chaman outros concellos; e é certo que hai un convenio que cando eses Alcaldes solicitan os GES e os firman xa se regula cales son as súas condicións de traballo; e se a aqueles traballadores se lle encomendan outras xestións fóra diso, o que deben facer é denunciálo.

Vostede fala de homoxeneizar, e se temos que homoxeneizar dentro da provincia tamén o temos que facer dentro de Galicia. Por iso a Xunta de Galicia prové unha comisión de seguimento dos GES, grupos de acción supramunicipal, e por tanto eu o que lle pediría ó Goberno desta Institución é que hoxe se aprobara aquí esta moción coa nosa engádegas, para dicirlle ó Goberno que dentro desa comisión onde están sentadas as catro Deputacións, onde están representados tódolos concellos a través da Fegamp, e onde está a Xunta de Galicia a través da Vicepresidencia, a función que están a levar adiante é aprobar un marco común de traballo, de obrigas, de salario, para

todos eles, que o Goberno da Deputación dentro desa comisión lidere estes puntos que vostede pide para que dalgún xeito podamos ver a curto prazo uns GES coordinados centro de toda Galicia”.

Intervén o Sr. Deputado D. Eduardo Vidal Baamonde, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Esta moción acaída ó momento de tratar de homoxeneizar distintas posturas porque dende agosto do ano 2013 ata as sucesivas addendas que se foron firmando a este convenio para a creación dos GES, remata agora o 31 de decembro de 2018, evidentemente téñense soportado e estanse a soportar distintas maneiras de levalo adiante dependendo dalgunha maneira en función do concello onde teñan a súa base.

Neste momento, e así se acaba de referir o voceiro do Grupo Popular e tamén os voceiros dos outros Grupos, existe xa dende hai tempo unha comisión de traballo entre as catro Deputacións, a Xunta de Galicia, e a Fegamp, onde se trata de homoxeneizar e de chegar a acordos en base a catro ou cinco criterios importantes que son a financiación, de onde ven ese diñeiro, como ven ese diñeiro, se é ou non finalista, se debe ser ou non de Fondos Feder para á hora da xustificación dalgúns traballos que fan estes GES; esta Deputación teno demostrado xa co tema dos bombeiros, a igualdade salarial de igual traballo igual salario é un tema ó que nunca imos dicir que non e imos facer todo o posible dende o Goberno da Deputación para que iso aconteza ó longo da provincia.

E despois éntrase tamén nun tema que se está a tratar dentro desa comisión que son as funcións dos GES, priorizando evidentemente sempre aquela chamada de emerxencia que chegue aínda que non sexa do concello onde está a base destes Grupos, desoíndo aqueles traballos que estean facendo nese momento; iso non é unha opinión senón que é unha preceptiva que se está facendo nesta mesa de traballo.

E tamén outro tema que se falaba que era a formación, e así tamén se manifestou con anterioridade, as persoas que entran a formar parte dos GES evidentemente teñen que ter unha formación acreditada, pero aínda así a formación continua é cando menos prioritaria á hora de seguir facendo os traballos, e para iso a Xunta de Galicia a través da Academia Galega de

Seguridade na Estrada ten a potestade e a posibilidade de seguir facendo cadaún dos cursos que ó longo da formación continua destas persoas que forman estes Grupos de Emerxencia poidan realizar para seguir formándose e actualizando non só os seus curriculums senón a súa maneira de actuar.

Tanto os compoñentes dos acordos que se piden polo Grupo do BNG como a emenda que presenta o Grupo Popular son temas que xa se están a facer dentro desta comisión; cónstame que xa hai acordos sobre todo tamén a nivel de financiación, de porcentaxes, e tamén a nivel de funcións que van realizar no futuro convenio que se asine xa que, como dixeran, este remata o 31 de decembro de 2018.

Por tanto son temas que xa se están a realizar, nos que se está traballando, e son temas ós que nós dende o Grupo Socialista obviamente lle imos dar o voto favorable nesta moción e tamén na emenda de engádegas que presenta o Grupo Popular se é aceptada polo Grupo do BNG”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Creo que non se debeu entender moi ben o que dixeran ó principio; e por outra banda pintan un panorama de cor de rosa que non é para nada real nin acaído á situación. Eu creo que dixeran moi claramente que cada concello era un mundo, e igual que hai concellos que lle teñen un salario máis ou menos decente, hai concellos que teñen unhas condicións de organización tamén bastante boas, e hai concellos onde se atenden todas as chamadas que hai no propio concello ou fóra del, iso téñoos claro; pero igual que digo iso tamén digo que hai outros concellos onde iso non ocorre, e puxen un exemplo, con sete persoas, unha de baixa e dúas ou catro de vacacións, é imposible atender ás emerxencias, non hai forma de cubrir as 24 horas. E aquí hai Alcaldes, por exemplo o de Begonte, que digan se poden atender cinco persoas a Xermade, Begonte, Guitiriz, e Friol, é completamente imposible.

Non estou dicindo que iso pase en tódolos concellos, nin estou dicindo que o salario sexa de setecentos e pico euros en tódolos concellos, para nada, cada concello é un mundo, e do que se

trata é sobre todo, que é o obxectivo desta moción, de sacar un problema que existe en Galicia, e nesta provincia neste caso, á sociedade e que a xente saiba o que hai, por exemplo canto cobran moitas das persoas que lles botan unha man cando se ven apurados e o traballo que teñen que facer.

Con respecto á formación, lóxicamente non pode dala o concello, iso é algo obvio e lóxico, pero tamén é certo que non chega para nada a formación que teñen cando superan as probas de selección para entrar nos GES, unha cousa é unha proba de selección e outra é a formación que teñen que ter para levar adiante o traballo tódolos días; e volvemos ó da velutina por exemplo, que nalgún GES xa teñen a obriga de recoller tódolos niños que aparecen na súa comarca de actuación, e a formación é cero en canto a como tratar cos niños da velutina, pois alguén terá que esixir, e supoño que terá que ser quen paga, que esa formación se leve adiante e ter profesionais perfectamente formados.

Eu nunca dixen que foran bombeiros, todo o contrario, só dixen, e manténnoo, que o servizo de emerxencias non médicas está disgregado en distintos Corpos, hai o Corpo de bombeiros que son funcionarios nos concellos importantes, hai os Parques Comarcais que son tamén bombeiros neste caso traballando para empresas privadas ou contratadas, e logo a maiores están os GES que non son bombeiros; esta é a forma en que está organizado o que é a atención ás emerxencias en Galicia, neste caso estamos centrándonos no tema dos GES.

É evidente, e hai que recoñecer que as condicións de traballo son distintas, que as funcións que levan a cabo son diferentes en función do concello onde traballan, iso é evidente, e hai concellos onde esas funcións lles impiden atender as emerxencias, por exemplo se están de garda dous traballadores do GES e un está nun extremo do concello facendo unha roza e outro está no outro extremo montando un campo dunha festa, e hai unha emerxencia, é completamente imposible que se atenda en tempo, e iso é unha cuestión de organización do traballo, e alguén terá que dicir nas condicións básicas como ten que ser esa organización para que as prioridades sexan as emerxencias; e non estou dicindo que iso ocorra na Pontenova, no Courel, ou en Becerreá, digo que acontece; e o que se pide é que se poñan a traballar dun xeito serio para solucionar estes problemas, pero o que non se pode é dilatar e que pasen os meses e os anos en comisións eternas e que isto non

cambie nada. Por tanto poñerse as pilas e solucionar un problema porque estamos a traballar cunhas profesións que son moi delicadas.

E que quede claro, e dígoo para que ningún me malinterprete, aquí non estamos dicindo que os traballadores dos GES teñan que facer só emerxencias, só mantemos que ten que ser a prioridade absoluta, logo a maiores será unha cuestión de negociar noutro ámbito que non é este”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Simplemente para dicir que obviamente, como tamén da experiencia do funcionamento dos GES se vai aprendendo, estase a tratar neste novo convenio de cambiar as condicións tanto de financiación como de traballo dos mesmos. Por sorte, Sr. Ferreiro, as emerxencias en principio, agás unha catástrofe importante, co cal os GES non solucionarían nada ou moi pouco, non ocorren todas á mesma hora; é obvio, e entendémolo todos, que se están nunha emerxencia por exemplo en Cervantes non poden estar tamén en Castroverde.

En relación ao dos disparos que a vostede lle parece simpático, eu pódolle constatar que é un sistema efectivo, eu non tirei os tiros pero vin niños de velutina que desapareceron grazas ós tiros, sobre todo en época de caza e en sitios onde non poden acceder nin os medios de emerxencia nin chegan os medios que teñen os GES habitualmente; co cal, non sei a que Alcalde se refire, pero eu pódolle corroborar que si é certo porque na nosa comarca algunhas persoas que tiñan ese problema, e non daban chegado nin chegaban os GES, optaron por ese sistema e o niño desapareceu; por tanto eficacia debe ter, outra cousa é que non sexa moi ortodoxo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Eu creo que o que quería era poñer de manifesto a situación dos GES, a nós preocúpanos moito que calquera traballador, e máis os Grupos de Emerxencias Supramunicipais, que estean o mellor dotados posible, e por iso creo que a Xunta se está facendo cargo diso, que se podía facer

tamén por outras Administracións porque non esquezamos que ó final as competencias en emerxencias si que as temos as administracións locais, e por extensión a Deputación, pero a Xunta está cubrindo esa eiva.

Dicía o voceiro do Grupo Socialista que a Xunta de Galicia ten a potestade na Estrada para poder facelo ou non, a potestade non senón que ten a capacidade e a vontade, a potestade tiñámola outros pero non a exercemos.

Polo tanto eu estou de acordo con a iguais funcións dos traballadores igual salario, estou de acordo con que teñen que ser uns Grupos que, aparte de cumprir co que teñen no convenio, teñen que ter carácter supramunicipal. Con respecto á elaboración dun plan de formación, entendo que a formación debe ser sempre continúa e constante, pero que deberemos seleccionar xente preparada e capacitada e que entren os mellores para poder facer o traballo.

Pero eu o que lle pedía, por iso a nosa engádegas, era que iso se faga homoxéneo para toda Galicia dentro desa comisión que se creou a nivel galego coas Deputacións, e unha vez aceptada anunciarlle o noso voto favorable, e esperemos que iso sirva para mellorar un pouco a eficiencia e eficacia destes Grupos e tamén as súas condicións laborais”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Eduardo Vidal Baamonde, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Evidentemente na sede da Fegamp temos representantes os Grupos que hoxe estamos aquí, o Grupo non adscrito creo que non pero o resto si, e temos coñecemento do que alí se está a facer arredor de homoxeneizar as propostas de acción para levar adiante o novo convenio dos GES.

Importancia téñena tódolos aspectos que trataron hoxe aquí, e importancia tamén a ten o modelo de financiación deles, porque neste momento os GES teñen que facer distintos traballos, e un deles é o traballo de desbroce, e se resulta que están facendo outras accións e non poden facer ese traballo de desbroce, ó ser Fondos Feder e finalistas, non se ve aplicado e se lles descuentan cantidades ós concellos que despois teñen que asumir e que non lles chega ese diñeiro; polo tanto é

moi importante a forma de financiar, é moi importante a formación continua; tamén é moi importante, e así se está a desenvolver, a homoxeneización do igual traballo igual salario; e sobre todo os cartos que van ós GES que redunden nos traballadores; e que estean suficientemente dotados de persoal continuamente é unha situación que debера cumprirse.

Como dixer, imos votar a favor da moción do Grupo Provincial do BNG e da emenda de engádegas do Grupo Popular”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Agradecer a unanimidade, e imaxino que os propios traballadores e traballadoras dos GES así o agradecerán. E só un pequeno comentario máis distendido, incluso se a solución fora eliminar os niños de velutina a tiros ata para iso creo que habería que ter formación”.

A continuación intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“En canto á emenda do Grupo Popular dicir que nós xa estivemos nas reunións coa Fegamp e as catro Deputacións, das cales saímos cun acordo das catro Deputacións e a Fegamp, ó día seguinte tivemos unha reunión cos concellos e tamén houbo un acordo entre todos os concellos.

Partindo de que foi un convenio mal elaborado, onde quen non firmou o convenio era quen poñía a maior parte, quen se facía cargo ó final dos doce traballadores de cada GES, sen estar firmado o convenio obviamente acéptase a doce persoas indefinidas que como se acabe a subvención imos ver como nos vai ós concellos que temos GES. E niso creo que estamos todos de acordo, creo que se loita por unha financiación clara e consica, tamén podo dicir que vai ser no 60, 35 e 5, alo menos ese é o acordo a que chegamos tódalas Deputacións, e que non haxa Fondos Feder para xustificar eses aboamentos que facía a Consellería de Medio Rural, que chegaron a ser de 81.000 euros, e que incluso hai concellos que non xustificaron practicamente nada e hai outros que perderon a metade, de dous millóns de euros que ían estes anos creo que se perderon máis de oitocentos mil euros por non xustificar os concellos. Aumentar un pouco a financiación para gastos

de mantemento que era de 20.000 a 30.000, e que puideran facer tódalas funcións propias de competencia municipal, iso tódolos Alcaldes o queriamos porque nos parecía que ó fin e ó cabo eramos os responsables de doce persoas e tiñamos que ter algunha vantaxe nese sentido, sempre priorizando as emerxencias que é para o que foron formados.

Por tanto nese aspecto creo que a emenda do Grupo Popular está resolta, hai un acordo, e falta que a Xunta acepte tanto a financiación como as condicións que se acordaron. En canto aos puntos de acordo da moción do BNG penso que tamén se loitou por eses temas, é verdade que hai certa diferenza no tema da indefinición, hai convenios de concellos que non poden pagar ó mellor todo, e a mín tamén me gustaría que a igual función tiveran o mesmo salario. Entonces creo que nese aspecto a moción será aprobada por unanimidade, creo que estamos de acordo todos en tódolos puntos, dando liberdade á autonomía local e que cada concello poda dispoñer do persoal a vontade”.

Rematado o debate, e efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1º.- O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno da Deputación a tomar as medidas precisas, utilizando todos os medios ao seu alcance, para conseguir que os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) da provincia de Lugo teñan un funcionamento eficaz e homoxéneo así como cunhas condicións laborais dignas, todo elo en base aos seguintes puntos:

- Igualación das funcións de todos os traballadores e traballadoras dos GES da provincia, priorizando sempre o seu traballo nas emerxencias supramunicipais sobre calquera outra función de carácter propio do seu concello base.
- Igualación de todos os salarios dos traballadores e traballadoras dos GES, tendo cando menos a categoría laboral de oficial de 2ª e garantindo que ningunha persoa cobre menos que a media dos GES de Galiza.
- Elaboración dun plan de formación para todos e cada un dos GES da provincia acorde ao traballo en emerxencias que teñen que levar a cabo.

- Esixencia de que os grupos estean sempre completos e que exista unha organización do traballo en cada concello que garanta que se poida acudir a todas as emerxencias para as que son solicitados”.

2º.- O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno da Deputación a que acade os obxectivos do punto anterior implicándose na negociación en curso entre a Xunta de Galicia, as catro Deputacións e os concellos galegos no seo da FEGAMP para establecer un novo modelo de financiamento dos GES”.

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA QUE TODAS AS NENAS E NENOS EN IDADE ESCOLAR DA PROVINCIA DE LUGO TEÑAN ACCESO ÁS PISCINAS CLIMATIZADAS EXISTENTES NA PROVINCIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

Exposición de Motivos

A oferta servizos destinados á formación, benestar e aproveitamento do ocio das nosas mozas e mozos son fundamentais á hora de fixar poboación no noso país, sobre todo nas zonas rurais onde máis dificultades teñen para acceder a este tipo de servizos.

Os problemas que os concellos teñen, sobre todo aqueles máis pequenos, para ofertar estes servizos para as nenas e nenos son manifestos, pois aínda que teñan a vontade de facelo, en moitos casos non é posible se non existe a colaboración doutras administración de ámbito máis amplo que deseñe plans a tal efecto.

Estas dificultades aínda se fan máis importantes, se cabe, cando se trata de actividades que necesitan infraestruturas moi custosas ou a organización de varios concellos, cuestións que non están ao alcance dos concellos máis pequenos.

Esta situación ocorre, por exemplo, nas actividades relacionadas coas piscinas climatizadas, pois a maioría dos concellos da provincia non poden dispor de instalacións deste tipo e, polo tanto, a súa mocidade tampouco ten acceso á oferta destes servizos.

Ademais disto, hai que ter en conta que a maior parte destas piscinas que existen na provincia foron construídas coa colaboración económica, en parte ou totalmente, de administracións de rango superior, co que sería bastante coherente e xusto que estes investimentos tamén redundaran nun beneficio para toda a cidadanía no seu conxunto, por riba do ámbito meramente municipal.

Por outra banda, tampouco se pode esquecer que a “teórica” función que deberían ter as deputacións era a de axudar aos concellos máis pequenos naquelas cuestións nas que non teñen capacidade para levalas a cabo en solitario ou a de coordinar traballos ou servizos que pola súa natureza necesitan un ámbito que englobe a varios destes concellos.

É así polo que dende o BNG cremos que mentres existan as Deputacións, estas deben cumprir cando menos este obxectivo orixinal e que neste caso debería colaborar para que non exista ningún neno ou nena na provincia que non teña acceso a unha piscina climatizada na que poida practicar a natación, ben aprendendo a nadar ou ben perfeccionando a súa técnica, segundo os casos.

E por todo o exposto con anterioridade polo que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación de Lugo esta moción, proponendo a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno da Deputación a poñer en funcionamento para o próximo curso un plan global orientado a que todas as nenas e nenos de todos os concellos da provincia poidan acceder ás piscinas climatizadas que existen na provincia de Lugo.

Este plan debería comprender cando menos os seguintes elementos:

- Convenios cos concellos que dispoñen deste tipo de piscinas para que todos os escolares da súa comarca poidan acceder a esas instalacións.
- Convenios cos concellos que non teñen este tipo de piscinas para organizar e publicitar estas actividades de forma que ningún neno ou nena poida quedar sen este servizo.
- Organización dos cursos e actividades necesarias así como dos transportes precisos para que estas actividades se leven a cabo”.

Ante esta moción preséntanse unha emenda do Grupo Provincial Socialista, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial Socialista propón nesta moción unha emenda de engádegas dos acordos:

1.- Que os Convenios, cursos e actividades ós que se fai referencia se enmarquen dentro da partida destinada ao gasto corrente de deportes do Plan Único da Deputación de Lugo.

2.- Que a Xunta de Galicia, administración competente no eido do deporte en idade escolar, tal e como se recolle na propia Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, destine máis recursos para mellorar o deficiente funcionamento do programa XOGADE”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Esperemos que esta moción tamén teña a unanimidade igual ca anterior.

Creo que non fai falta insistir na importancia que teñen todos aqueles servizos que a nivel municipal, que son os que están máis preto da cidadanía, teñen que ofrecer á nosa mocidade, sobre todo a aqueles nenos que están en idade escolar. O tipo de servizos que un concello oferta é ás veces un factor determinante á hora de decidir que unha parella nova con fillos se estableza ou non nun concello.

Tamén creo que son bastante evidentes as dificultades que os concellos máis pequenos teñen á hora de organizar este tipo de actividades, sobre todo cando se necesitan para elas infraestruturas costosas; aquí estamos falando de piscinas climatizadas e creo que cae de caixón que non tódolos concellos da provincia, nin sequera a maioría, teñen a capacidade de construír ou manter unha infraestrutura deste tipo.

Ó mesmo tempo consideramos que é unha obriga das Administracións de rango superior ós concellos axudar a estes concellos máis pequenos que non teñen esa capacidade para ofertar certos servizos, e nese sentido é onde teñen que actuar, mentres que as Deputacións existan sería a única razón de ser que terían mentres que alguén non asuma as súas competencias que é a de axudar ós pequenos concellos a este tipo de cuestións, neste caso en que poidan ofertar ós seus nenos e nenas un servizo coma este que doutro xeito sería completamente imposible porque non poden ter esas infraestruturas. Tamén é unha función clara da Deputación, mentres que exista, de actuar en proxectos que engloben a máis dun concello; aquí tamén estamos falando de que estes programas non se poderían facer concello a concello, máis ó contrario, habería que facelo de forma globalizada de toda a provincia ou cando menos comarcalizada en grupos de concellos para poder levalo adiante.

Hai que ter en conta que as piscinas climatizadas que existen na provincia, alo menos a maior parte, en maior ou menor grao, nalgún caso practicamente na súa totalidade, foron construídas con cartos públicos de tódolos lucenses, co cal tamén parece bastante lóxico que os beneficios desas infraestruturas tamén vaian en certa medida para tódolos cidadáns e non só para os que viven no concello que xa tiveron a sorte de ter axudas doutras Administracións para poder construír esas piscinas, que insisto en que teñen un custe moi elevado.

Por iso o que nós propoñemos nesta moción é intentar repartir eses beneficios desas piscinas e que se faga un programa de convenios primeiro cos concellos que dispoñen das piscinas para poder poñelas a disposición do resto de concellos. En segundo lugar convenios, ou chamémoslle como queiramos, cos concellos que non teñen esas piscinas para poder organizar actividades e cursos para que os seus nenos e nenas podan acceder ás piscinas, incluída a organización desas actividades e o seu transporte.

Lóxicamente para non penalizar unha vez máis ós concellos pequenos cos gastos que terían esas actividades, que neste caso corran a cargo da Deputación como unha forma máis de axuda ós concellos máis modestos e máis necesitados.

Creo que é unha proposta bastante lóxica, non excesivamente custosa, que creo que a Deputación podería asumir sen moita dificultade”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Dicir que trasladamos unha emenda de engádegas, e vou tratar de explicar en qué consiste. Son dous puntos de engádegas ó dito sobre todo na última parte expositiva dos acordos por parte do voceiro do BNG, que todos estes convenios, cursos e actividades a que se fai referencia teñan cabida na partida destinada a gasto corrente do Plan Único; porque isto xa non é novo, e se alguén tivo ocasión de mirar o Plan Único deste ano todos somos coñecedores de que moitos dos concellos xa utilizan a partida de gasto corrente para destinala precisamente a efectuar este tipo de actividades en piscinas climatizadas, non só para os nenos e nenas en idade escolar senón tamén para os máis maiores; é unha partida que xa se asume e creo que mellor convenio ca o Plan Único desta Institución dificilmente imos ter outro.

Tamén dicir que non teño tan claro que o único problema que teñen os concellos sean eses, xa bastante esforzo inversor fixo a Deputación de Lugo facendo as piscinas, o problema son outros, ata este momento os problemas eran poñelas en marcha porque houbo algunha que estivo oito anos parada e parece que agora vemos a luz tanto nesta coma noutras, co cal consideramos que é importante.

De xeito moi breve tamén dicirlle que efectivamente neste caso dase unha circunstancia que saca a colación o tema das competencias, e non hai unha competencia tan clara en materia de deporte coma esta que a ten atribuída a Xunta de Galicia, en materia de deporte en idade escolar a

competencia é clarísima, segundo se establece na Lei do Deporte de Galicia do ano 2012, única e exclusivamente da Xunta de Galicia sen menoscabo de calquera colaboración doutra Administración. Pero falando de Administracións de rango superior, no propio articulado da Lei do Deporte correspóndelle á Administración Autonómica ordenar, organizar, o deporte en idade escolar; e no artigo 24 tamén di que “para os efectos desta lei considerase deporte en idade escolar a práctica deportiva organizada e voluntaria por parte da poboación en idade escolar”, “a Administración autonómica fomentará a práctica e o desenvolvemento da actividade deportiva en idade escolar”.

Todo isto ven a raíz dese segundo punto da emenda ós acordos do BNG onde precisamente se di que a Xunta de Galicia, Administración competente no eido do deporte en idade escolar, tal e como se recolle na propia Lei, destine máis recursos para mellorar o deficiente funcionamento do programa Xogade que é o que ven desenvolver precisamente ese artigo da Lei do Deporte.

Entonces a min no fondo paréceme moi ben, pero creo que moito do que vostedes propoñen xa está cuberto dentro dos gastos correntes do Plan Único, e remítoos a que revisen o Plan Único deste ano, moitos concellos introducen nesas partidas de gasto corrente de deportes precisamente gastos de desprazamentos ás piscinas municipais; e tamén penso que convén respectar un pouco a autonomía local, porque nalgúns lugares, incluso con algún concelleiro de vostedes que puiden falar a preocupación non era esta senón que era poñer en marcha outras cousas; entóns creo que incluso eles mesmos me trasladaban que en momentos determinados xa teñen falado coas Anpas e cos corpos directivos de colexios para fomentar e coordinar este tema co programa Xogade que ten en marcha a Xunta de Galicia.

Por tanto esas son as nosas emendas, creo que tamén son bastante coherentes, de sentido común, creo que moito do que vostedes propoñen xa o está asumindo a Deputación; e aparte de incluír iso nós o que dicimos é que sexa a Xunta de Galicia no marco do seu programa Xogade, e no marco das súas competencias, quen finalmente poda colaborar e incluso nutrir de máis recursos esta liña de axudas que ten”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Podo estar en parte de acordo coa intervención do voceiro do Grupo Socialista en que esta proposta non é das máis prioritarias para os concellos da nosa provincia, pero tamén é certo que especialmente dende que se descubriu no convenio asinado co concello da Pastoriza, unha vez rematada a piscina, aínda que rematada xa leva varios anos, pero parece ser que se chegou a un acordo para que o concello a recepcionara, non en van non está de máis recordar que esta, igual ca outra, porque a historia das piscinas da Deputación Provincial é moi similar ó das residencias, e se a de Monterroso acabou xudicializada a da Pastoriza tamén, e precisamente por unha concelleira do BNG que puxo en coñecemento da fiscalía acusacións francamente graves.

Este é un exemplo de xestión que afecta moi directamente e que vemos que recordando aquela proposta de provincia que xa tiña o Sr. Besteiro de facer concellos de primeira e de segunda, tocando un tema moi sensible, porque creo que era o voceiro do BNG o que dicía que se repartiran os beneficios das piscinas climatizadas, desgrazadamente eu creo que non hai ningunha piscina climatizada na nosa provincia que dea beneficios, é máis, creo que para o seu mantemento é imprescindible unha aposta de diñeiro dos concellos para non pechar, e de feito houbo moitos exemplos, que non vou citar aquí, onde os concellos facían públicas as dificultades do seu mantemento.

Dito isto, cando vemos que neste convenio parece que se fai unha achega para a súa posta en marcha, non queda moi claro se é como un pago para que a recepcione, porque eramos absolutamente conscientes de que o concello non a quería recepcionar; non sei se era porque tiña vicios ocultos, problemas; foron intentando dende hai varios anos investir diñeiro, era coma un saco sen fondo, aparentemente estaba ben, pero evidentemente podo facer esta afirmación do escaso tempo que pasei pola Presidencia, que de feito visitamos o concello e nos comprometemos á súa posta en marcha, non nos deu tempo neses tres meses e medio, pero aparentemente estaba rematada; disto xa pasaron máis de dous anos, e agora a Deputación faille unha achega de 130.000 euros, 50.000 para o ano 2018 e 19.000 para o 2019, a través dun convenio administrativo.

No seu momento esta infraestrutura foi financiada ó 100%, creo que iso xustifica se queriamos cubrir ese territorio, a máis cercana estaba en Vilalba, que ven dun convenio que se asinara no ano 2007, por poñer un pouco o contexto, porque fíxense o tempo que se tarda en poñer en marcha unha piscina con vostede, asíñase no ano 2007 un convenio e estamos no ano 2018 e aínda non abriu as súas portas cando probablemente en calquera concello do mundo sería unha xestión que lle levaría dous anos; e poderíalle dicir o mesmo da piscina de Monterroso. Pero en todo caso este convenio non queda clarificado cal vai ser o futuro desa piscina, se vai ter continuidade, se o concello asume o seu mantemento ou vai necesitar achegas da Deputación; pero probablemente cando vemos ese acordo da Xunta de Goberno nos leva a analizar esta segunda parte.

A este Grupo parécelle ben, ademáis entra dentro do concepto que dicimos moitas veces, porque é verdade que para este Goberno, unha vez desterradas esas prácticas tan discriminatorias e tan incomprensibles para unha Institución como a Deputación Provincial, e se instalou o Plan Único, foi un gran avance, pero evidentemente temos que pedirlle algo máis; isto entra dentro do que nós definimos como ese plan de provincia, e entendemos que se a función principal desta Institución é a axuda, fundamentalmente aos concellos máis pequenos, e intentar que se palíen as dificultades que ten vivir nunha poboación dispersa, parécenos unha boa proposta.

Botamos en falta que na proposta de acordo se cite ás Anpas, porque é indiscutible que este tipo de actividades véñenas organizando, e si me gustaría, e permítame que llo faga nesta intervención sen darlla documentalmente, que nalgún punto incorpore que sexan escoitadas as asociacións de pais e nais que nesta provincia basicamente, polo menos na maior parte, son os que organizan estas actividades.

E evidentemente teño que clarificar antes de manifestar o sentido do voto deste Grupo se vai aceptar as emendas ou non, porque se as vai aceptar, especialmente a do punto número un, e despois de toda esta proposta, se circunscribe ó Plan Único, entón creo que este non é o foro senón que habería que rexistrar esta moción nos concellos que non teñan piscina climatizada e dicirlles que da cantidade económica que lles asigna da Deputación que a destinen aí. E aí, se me permite, si que sería entrometernos na autonomía local porque cada Alcalde tomará as decisións,

evidentemente para iso se deseñou o Plan Único. Eu entendo que isto pode concebirse como un proxecto de provincia para aqueles concellos que non teñen esta infraestrutura, para fomentar a práctica do deporte, para facer unha aportación dende a Institución provincial, e se é nesa liña podemos facer un posicionamento positivo.

Dicía o voceiro do Grupo Socialista que a emenda que traían era moi coherente, é moi coherente coa postura que ten o Partido Socialista nesta Deputación, que absolutamente todo, independentemente de quen o rexistre, e independentemente das competencias sobre o fondo do asunto, sempre ten que haber unha repercusión na Xunta de Galicia, sempre ten que haber unha crítica á Xunta de Galicia; vostedes se nalgún momento se lles prohibira entrar na sesión plenaria criticar ó goberno de Feijóo evidentemente quedarían sen propostas e sen argumentos, parece increíble que aínda a día de hoxe non se deran conta de que Feijóo está aí non por adivinación nin por arte de maxia, está aí porque o votou a xente e porque realmente ten un apoio claro e decidido cunha maioría absoluta contundente; entón dentro desa coherencia que vostedes teñen, que todo o que se rexistre nesta Institución, sexa da súa competencia ou non, se dirixa directamente ó Presidente, é intentar rebotalo á Xunta de Galicia.

Eu agardo que o Bloque Nacionalista Galego non mude a súa proposta, ademáis ben sabe que co respaldo do Grupo Provincial do Partido Popular ten a garantía de que lle vai saír aprobado, pero dende logo creo que se muda diso desvirtuaría totalmente o que el pide, porque unha delas sería dirixirnos ós Alcaldes, o que evidentemente sería limitar a súa autonomía local; e en segundo lugar, cando queiran traían unha proposta para analizar, mellorar, ou corrixir o que considere do programa Xogade, pero neste caso creo que a proposta é clara e vai dirixida á Deputación Provincial e, dende a nosa humilde opinión, entra dentro dese proxecto de provincia que debe ter a Institución provincial”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Segundo antes dicía que a moción era inocua, esta dende logo é unha moción plausible, e obviamente tamén a vou apoiar. Vou apoiar basicamente porque isto é algo que non só as Anpas senón moitas direccións de colexios viñeron facendo durante moitos anos obviamente co esforzo

do propio colexio e co esforzo dos pais, a dificultade para levar isto a cabo dende logo é moi grande.

En canto ás piscinas climatizadas que estean funcionando neste momento moi poucas e, como dixo vostede, con perdas, alguén ten que compensar ou pagar dalgún xeito esa utilización da piscina, se pode ser a través da Deputación sen Plan Único moito mellor, e senón, como vostede dixo, que cada Alcalde no seu territorio decidirá, pero incluso así o de poder chegar a utilizar, e refírome á zona da montaña, piscina climatizada está moi complicado, porque as de Lugo neste momento están colapsadas, non sei se a de Sarria funciona.

Co cal esta é unha moción incluso podíamos dicir, con cariño outra vez, elitista, para puntos moi determinados da provincia, non sei se Cervo, porque exactamente non sei a ubicación de tódalas piscinas, pero dende logo para moi poucos pequenos concellos; porque, repito, se houbera esas facilidades, incluso sen a subvención da Deputación, os propios pais, pola experiencia que teño eu en diversos centros, estarían dispostos a pagar e facer que os nenos puideran facer parte da súa educación física nas piscinas. E apoiarei a iniciativa”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Por desgraza que se aprobe ou non a moción pouco vai ter que ver para que se faga ou non, porque estamos demasiado acostumados a que aínda que se aproben despois as cousas queden na listaxe de espera supoño que para a seguinte lexislatura.

En todo caso dúas matizacións á intervención do Grupo Popular; cando dicía que os beneficios destas piscinas foran para tódolos cidadáns, non me refería ós beneficios económicos, referíame ós beneficios de uso. E dende logo esta proposta nada ten que ver co tema da Pastoriza, nin con tódalas aventuras acontecidas na Pastoriza ou que aconteceran en Monterroso, para nada, é unha proposta que estaba aí esperando o momento adecuado para poñela enriba da mesa, e este foi o momento.

En canto ó das Anpas, estou de acordo completamente, e incluso é unha eiva que recoñezo que debe levar, polo que eu engadiría un punto máis que diga que todo isto se fará de acordo e en comunicación coas Anpas da provincia, ademáis están organizadas co cal non ten ningún tipo de problema.

Hai unha manifestación que facía o Sr. Martínez de que era unha proposta elitista, ó mellor pode percibirse así pero a idea é xusto dende o punto de vista contrario; é máis, isto xurdiu ou pasousenos pola cabeza falando con nenos da montaña, concretamente en Navia de Suarna onde non só non teñen piscina senón que nin sequera teñen un pedazo de río onde poidan bañarse con certa seguridade no mes de agosto; é precisamente para intentar que os nenos e nenas que viven máis alonxados desas infraestruturas se lles poidan organizar en fin de semana actividades organizadas conxuntamente con outros concellos.

Falaba o señor Rivera moito do deporte, e o tema das piscinas ten unha parte de deporte pero ten outra de pura actividade extraescolar ou de calquera tipo, actividades orientadas á xuventude, co cal non creo que haxa que cinguirse exclusivamente ó que é o aspecto deportivo, eu creo que é moito máis ca iso, sobre todo cando falamos de nenos destas idades.

En canto ás emendas que presenta o Grupo Socialista, a primeira é certo que desvirtúa completamente a proposta, porque fixémonos en que se facemos que os concellos que non teñen piscina teñan que repercutir o custe destas actividades no Plan Único estaríamos penalizando dúas veces, en primeiro lugar non tiveron acceso a ter esa infraestrutura e os recursos públicos foron parar a certos concellos nada máis, e que incluso despois por non telos ten que detraer eses cartos doutros investimentos que serían necesarios tamén.

Aparte diso, hai concellos que sería imposible por si sós que poidan organizar este tipo de actividades; por exemplo en Seoane do Courel van traer ós nenos, que pode haber cinco en idade escolar, que non van vir os cinco, para unha piscina?, non, o normal é facer grupos amplos, incluso que lles sirva para comunicarse entre as nenas e nenos, e organizar en conxunto a participación neste tipo de actividades. Non é elitista, senón todo o contrario, está orientado precisamente para eses nenos.

En canto á segunda emenda, non lle vemos ningún problema, lóxicamente todo o que sexa mellorar o que xa hai é perfecto, aínda que sigo considernado que non tería moito que ver, alo menos dunha forma directa, co que aquí estamos plantexando, pero non hai ningún problema en aceptar a segunda proposta, pero a primeira de ningunha maneira porque desvirtuaría completamente o que estamos a solicitar”.

Seguidamente intervéñ o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Lamento que non se acepten as dúas emendas, quedan bastante claras as posturas, pero quero puntualizar algunhas cuestións porque eu pensei que o anuncio da ola de calor cambiaría un pouco a maneira de pensar da voceira do Grupo Popular; eu creo que ás veces tamén hai que ser un pouco positivos Sra. Candia, creo que peca en moitas ocasións de ver o lado negativo das cousas, creo que o Partido Popular hoxe ó mellor o que tiña que facer, xunto co BNG, era congratularse de que por fin se consiga abrir a piscina da Pastoriza.

Aquí non pagamos a ninguén, non sei se leo o convenio, e precisamente fíxose un estudo e unha auditoría que levou un certo tempo, por iso non se fixo antes, para asegurarnos dos custes reais da posta en marcha e de funcionamento da piscina. Dito isto, creo que é importante e positivo para a provincia que por fin consigamos a posta en marcha dunha piscina; creo que é co que nos temos que quedar en termos xerais. E recórdolles que se firmou cando se firmou, e quen o firmou, porque este convenio leva máis de oito anos.

Dicirlle tamén que nese respecto á autonomía local moitas veces tamén temos que ser conscientes do que pedimos e o custe que vai ter o que pedimos, ó mellor acordáronse tempos mellores dende o punto de vista económico onde as piscinas eran unha prioridade pero está claro que as piscinas teñen un custe, e probablemente había que ter feito o que se fixo á hora de avaliar os custes de mantemento e xestión que ían ter esas piscinas para avaliar se realmente saían rendibles dalgún xeito.

E eu aquí non creo que se penalice a ninguén en dúas ocasións, creo que o feito de que exista unha liña en gasto corrente en deportes precisamente aqueles concellos que non teñen a posibilidade de facer investimento en deporte porque non teñen piscina, o feito de facilitarlles o transporte ou organizar cursos é tremendamente positivo para eles. Ademáis, hai que dicilo, e non é unha cuestión de criticar, ó final parece que con esta moción se lle está dando un pouco a razón á Xunta que é a que ten a competencia clara neste tema, ademáis é das poucas competencias que están claras, porque aquí veña investir e ó final a Xunta sae de rositas e quen paga é a Deputación.

En canto ó programa Xogade Sra. Candia, este programa é coma todo o que fai a Xunta, é insuficiente en canto ós recursos que precisa, hai un investimento bastante reducido, eu creo que se deben ampliar as modalidades deportivas nas que se ocupa; e non se preocupe que imos ter ocasión para debater o tema do programa Xogade e traer aquí algunha proposta sólida e concisa de como melloralo, porque cando estivo o bipartito e había corenta millóns e non vinte e un millóns na Xunta, ou un programa que era análogo a este, funcionaba perfectamente.

En definitiva adiantolles que se non aceptan as dúas emendas o noso posicionamento vai ser en contra desta moción”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“O pronunciamento, e sobre todo cando analizamos no Grupo o sentido do voto, se hai algo que non inflúe moito normalmente é o clima; e se vostede pretende que porque chega a tempada de verán puideramos ser máis permisivos con algunhas das súas manifestacións porque estabamos pensando nas vacacións, evidentemente está equivocado, porque nós de vacacións imos pouco e intentamos ser coherentes independentemente da época do ano.

Se vostede pretende que este Grupo o felicite pola xestión que tivo na piscina de Pastoriza, comprenderá que o primeiro que tiña que facer, xa que saíu o tema, que non digo que tivera nada que ver coa súa relación, pero si que para nós cando analizamos e estudamos esta proposta para decidir o sentido do voto si que o traemos a colación porque evidentemente creo que está de moita

actualidade, comprenderá que non tivo ningua razón para darlle as felicidades nesta xestión, máis ben creo que debería comezar, cando se cite Pastoriza igual ca Monterroso, por pedir desculpas, e porque aínda hoxe non está aberta.

Vostede recordou, que eu non o ía facer, pero recordouno vostede, que o convenio se asinou no 2007, é dicir para ben e para mal a responsabilidade a quen a ten; efectivamente se hoxe Pastoriza ten unha piscina climatizada foi en primeiro lugar porque asinou o convenio e comprometeuno economicamente un goberno do Partido Popular, tanto na Deputación Provincial coma no Concello da Pastoriza; por suposto obrigas que ámbolos dous se subrogaron tanto a Deputación Provincial polo Sr. Besteiro como polo novo Alcalde do Partido Socialista da Pastoriza, a partires de aí once anos para a construción, e agora di que non lle paga ningún pero tampouco explica porque destina para o mantemento 130.000 euros.

Se cre que iso é para darlle a noraboa pola xestión, con total humildade lle digo que está moi equivocado. Xa tivemos que intentar ser positivos, como dixo vostede no punto un, onde traía unha proposta de integración sen ter contificado canto custaba, sen unha memoria económica, e agora dime que dende que se rematou a piscina da Pastoriza, onde anos despois dende que se asinou o convenio tiveron que facer cunha consultora, non sei se a fixo interna ou externa, que teño que dicirlle que o informe non o vín, para saber o estudo de custes; é dicir, vostedes subrogáronse no ano 2007 nun convenio que asinara o goberno do Partido Popular, non fixeron ningunha análise de se iso economicamente compensaba para o concello da Pastoriza ou non, houbo un montón de problemas na execución, poñendo incluso en dúbida a xestión por parte desta Institución por unha concelleira do Goberno de Pastoriza, con ataques francamente graves, e agora di que por unha ola de calor, eu non lle estou entendendo o que está a dicir.

Certamente, enlazando coa segunda parte, eu si que lle pido que non cambie de proposta en función do clima, o que si lle pido é coherencia, e que o mesmo ímpetu, o mesmo empeño, e as mesmas ganas que lle pón a esixirlle á Xunta que dea máis diñeiro, coa mesma coherencia, lla pido agora; e cando estamos pedindo máis recursos para un plan de provincia, que neste caso é unha proposta do Bloque Nacionalista Galego que este Grupo apoia, remítese ó Plan Único, por certo, remisión que está facendo vostede e o seu Goberno dunha maneira continuada, e desvirtuando o

propio Plan, cada vez que ben sexa cultura ou outro ámbito de necesidades da provincia, alguén se dirixe a vostedes para preguntarlle algo ou para solicitarlle algunha achega económica, e remítese ós Alcaldes de turno que para iso teñen o Plan Único. Entonces iso é desvirtuar o Plan Único, porque era un plan para os concellos, pero a provincia ten que ter o seu propio plan de provincia, e neste caso podemos coincidir coa do BNG.

E unha última reflexión, e aí si que dende logo unha petición de tódolos Grupos que non estamos no Goberno, tanto o Bloque Nacionalista Galego, coma o Deputado non adscrito, como o Grupo que represento; é verdade que nos teñen demasiado acostumados a que os acordos desta Corporación queden en papel mollado, pero iso tamén ten a súa responsabilidade, e indubidablemente chegará o momento onde iso poda cambiar, quen temos dende logo a posibilidade de facelo cambiar somos os Grupos que estamos na oposición, non porque matematicamente teñamos máis ou menos senón porque nós temos a nosa proposta, temos os nosos programas, que foi cos que nos presentamos ás eleccións, e se alguén nun goberno en minoría, desgastado, sen proxecto, e normalmente con demasiados problemas, e non porque a oposición llos xere, non ten capacidade de resolvelos, teremos que, se non é de xeito amistoso, facerllo cumprir por outros medios. Aí fago un convite a que non caíamos na insubmisión e nos acostumemos a que o traballo que facemos non valia para nada, e un goberno que ten a obriga de escoitarnos e ten a responsabilidade de executar os acordos que toma o Pleno, se non o fai o obriguemos a facelo. Iso é unha suxerencia, este Grupo tamén o intentará facer”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Volver insistir no que dixen na anterior moción, de que as mocións, alo menos pola nosa banda, moitas veces tráense para poñer os problemas enriba da mesa e visibilizar situacións; e neste caso é unha situación que se dá na provincia, que hai nenos e nenas que non teñen acceso a este tipo de actividades e servizos, era unha proposta en plan construtivo para conseguilo.

Dicir tamén que para nada se pretende entrar na autonomía municipal, todo o contrario, aquí ningún concello estaría obrigado a participar xa que sería unha cuestión voluntaria.

E xa para rematar, despois da intervención e a insistencia de incluír isto no Plan Único, quedamos incluso un pouco preocupados porque nos tememos que o camiño sería que o ano que ven se metan programas coma o Musiqueando, Buxiganga, ou mesmamente o programa Movémonos que tamén está lixeiramente vinculado ó deporte, e que segundo ese razonamento tamén tería que estar asumido por cada concello onde se fai a actividade, restándolle o custe desa actividade ó diñeiro que lle corresponde do Plan Único, cuestión que non ten sentido; aquí o que se propón é un novo programa de ámbito provincial dirixido a todos e cadaún dos concellos que non teñen estas instalacións, e quen non queira entrar evidentemente non estaría obrigado.

En canto ás emendas, aceptamos a emenda dúas do Grupo Socialista, e engadir un pundo máis, que é a emenda do Grupo Popular, onde se consultará ou se fará de acordo coas Anpas da provincia que, como dicía, están perfectamente organizadas, co cal non habería ningún problema para facelo”

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 15 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular, do Grupo Provincial do BNG, e do Sr. Deputado non adscrito); votos en contra, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Pleno da Corporación por maioría acorda:

1º.- O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno da Deputación a poñer en funcionamento para o próximo curso un plan global orientado a que todas as nenas e nenos de todos os concellos da provincia poidan acceder ás piscinas climatizadas que existen na provincia de Lugo.

Este plan debería comprender cando menos os seguintes elementos:

- Convenios cos concellos que dispoñen deste tipo de piscinas para que todos os escolares da súa comarca poidan acceder a esas instalacións.

- Convenios cos concellos que non teñen este tipo de piscinas para organizar e publicitar estas actividades de forma que ningún neno ou nena poida quedar sen este servizo.
- Organización dos cursos e actividades necesarias así como dos transportes precisos para que estas actividades se leven a cabo”.

Todo isto se fará de acordo e en comunicación coas Anpas da provincia.

2.- Que a Xunta de Galicia, administración competente no eido do deporte en idade escolar, tal e como se recolle na propia Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, destine máis recursos para mellorar o deficiente funcionamento do programa XOGADE”.

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA A AXILIZACIÓN DA ADXUDICACIÓN E EXECUCIÓN DA OBRA DE REHABILITACIÓN ESTRUCTURAL DO FIRME DA N-642 NA COMARCA DA MARIÑA ENTRE BARREIROS E SAN CIBRAO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Boletín Oficial do Estado publicaba o pasado día 8 de xaneiro de 2018 o anuncio de licitación da *Dirección General de Carreteras* para a rehabilitación estrutural do firme na estrada N-642 na Comarca da Mariña entre Barreiros e San Cibrao.

En concreto a intervención está prevista para os puntos quilométricos 26+950 ao 28+800 que discorre entre a conexión da N-642 coa N-643 e o núcleo de Mañente (situado entre os termos municipais de Barreiros e Foz) e para os puntos 36+500 ao 55+000 entre Fazouro e San Cibrao, que discorre polo termos municipais de Foz, Burela e Cervo. O orzamento de licitación ascendía a 2.920.972,54 euros e contempla tanto a reparación das zonas danadas como a renovación completa da capa de rodadura.

Posteriormente, no mes de marzo o Ministerio de Fomento anunciou o inicio de forma urxente da reparación do firme de varias estradas na provincia de Lugo, entre elas a N-642 entre os puntos quilométricos 2+200 ao 7+900, como paso previo á rehabilitación estrutural do firme. O

departamento estatal explicaba ademais que a obra licitada en xaneiro, de rehabilitación estrutural do firme da N-642 nesta estrada que discorre entre Barreiros e San Cibrao, se atopaba en trámite de adxudicación.

Trátase dunha estrada que presenta un gran desgaste e deterioro, polo que precisa dunha actuación urxente, que ata o de agora non ten sido acometida. As obras son aínda máis necesarias tendo en conta que o tráfico do inverno prexudicou o asfalto enormemente, así como o tráfico de camións que houbo derivado do desembarco de bauxita nos portos da Coruña e Ferrol, o que fixo aumentar o tráfico de transporte pesado nesa estrada e provocou un deterioro da vía aínda maior.

Este Grupo ten trasladado en diferentes ocasións a necesidade de que esta arteria de comunicación da Mariña vexa mellorado o seu estado ao tratarse dunha vía que se atopa nunha zona puxante da provincia e pola que transitan a diario miles de turismos e camións. A última destas manifestacións foi a que trasladamos no Pleno da Corporación Provincial do mes de febreiro apoiando unha moción do BNG para que se actuara na estrada axilizando a licitación, adxudicación e execución da obra de rehabilitación estrutural do firme.

Tras a chegada do novo Goberno non volvemos a ter novidades con respecto ás obras licitadas no mes de xaneiro, polo que consideramos urxente e imprescindible reclamar esta actuación de sumo interese para A Mariña e coñecer os prazos que se manexan desde o Ministerio de Fomento para a execución deste proxecto xa comprometido e que non pode ser paralizado.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a presente Moción para a axilización da adxudicación e execución da obra de rehabilitación estrutural do firme da N-642 na Comarca da Mariña entre Barreiros e San Cibrao, e propónse ao pleno da Corporación Provincial a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Ministerio de Fomento a axilizar a adxudicación e execución da obra de rehabilitación estrutural do firme da N-642 na Comarca da Mariña entre Barreiros e San Cibrao”.

Intervén o Sr. Deputado D. Demetrio Salgueiro Rapa, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Traemos un tema de moita importancia, pero que xa foi debatido en plenos pasados, en concreto no mes de febreiro, no mes de marzo outra vez, e iso denota a importancia que ten esta infraestrutura.

A N-642 é a arteria fundamental de comunicación de toda a Mariña lucense, soporta unha carga de tráfico moi importante, pero moito máis aínda no verán co acceso á costa e ás praias, por iso precisa dunha reforma e unha reparación urxente.

Pódese dicir que o Partido Popular fixo os deberes no seu momento coa publicación no Boletín Oficial do Estado no mes de xaneiro da licitación desa reforma; posteriormente a apertura de ofertas estaba establecida para o 9 de marzo de 2018, e de momento aí quedou todo, chegou o verán e a obra importante alo menos de tapar os buracos máis grandes para que se puidera circular con total seguridade por esta estrada está sen facer.

Quero recordar neste sentido as palabras do Sr. Alvaro Santos naquel Pleno do mes de febreiro, que dicía “non sei que problema hai en axilizar, impulsar, e iniciar”, e unha vez que cambiaron os actores principais responsables de executar a obra debido ó cambio de goberno vemos que a carretera segue igual, hai moitas queixas, e sen adxudicar.

Realmente un dos obxectivos que era coñecer o estado xa se viu cumprido, creo que a raíz de traer hoxe aquí esta moción puidemos ver xa na prensa dous titulares, tanto en La Voz de Galicia coma en El Progreso sae a noticia, distinta, xa que nun dos xornais di que a carretera da costa se rehabilitará en setembro, e outra di que Fomento adxudicará en setembro o arranxo de 20 quilómetros da N-642, digo distinta porque non é o mesmo rehabilitar que adxudicar, porque despois dun proceso de adxudicación provisional a definitiva aínda pode pasar un prazo de tempo, entón se a adxudicación aínda vai ser en setembro ó mellor non vemos iniciadas as obras ata o mes de outubro, non sei que problema hai en axilizar esa adxudicación unha vez que a apertura de

ofertas xa foi no mes de marzo, e polo menos poder facer eses traballos tan importantes e tan necesarios para a Mariña.

O Partido Popular sempre mostrou ese compromiso con tódalas infraestruturas da provincia, e con esta en particular, que saíron aprobadas deste Pleno por unanimidade todas as iniciativas que se presentaron nese sentido, creo que é un sinal de responsabilidade, espero que nesta ocasión así sexa tamén, e que se execute a obra o antes posible.

Hai que recordar tamén que no mes de setembro hai unha proba moi importante, que é a Volta Ciclista a España que pasa pola Mariña, e creo que no estado actual vai ser moi complicado para os ciclistas profesionais que circulan por esa estrada se non se fai algunha actuación o antes posible e con urxencia.

Por tanto pedir a axilización desas obras tan necesarias, e pedir tamén ó novo Goberno de España, e que saia de aquí tamén o compromiso, esa axilización desa parte tan importante como é a nova autovía da Mariña A-74, tan necesaria e que tiña unha parte dotada para este ano nos Orzamentos do Estado, e que para o ano que ven ten unha partida moito máis importante de 30 millóns de euros, para a súa axilización. E mostrar tamén nesta Cámara o compromiso con esa infraestrutura tan necesaria para tódolos veciños da Mariña”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Como dicía o voceiro do Grupo Popular, creo que é un tema de moita importancia para a comarca da Mariña, que foi debatido xa en varias ocasións nesta Cámara, pero chámame a atención que en menos de dous meses da toma de posesión do novo Goberno pidan agora axilidade, cando durante os sete anos nos que estivo gobernando o Partido Popular foron incapaces de facer algo máis aló do rebacheo noutras ocasións, e nesta última que se estiveron a executar nestas últimas semanas.

Non obstante indicarlles que o Voceiro do Partido Socialista mantivo unha reunión de traballo durante a semana pasada no Ministerio de Fomento precisamente para abordar a situación das estradas estatais na nosa provincia; nese encontro confirmaron que estes asuntos estaban totalmente atascados, e o que estaban facendo agora era resolvelos e axilizalos dentro da marxe presupostaria que hai, que é escaso porque está practicamente esgotado e sen folgura orzamentaria.

Aínda así temos boas novas, ademáis do que hoxe saía nos medios de comunicación de que en setembro se adxudicará esta rehabilitación integral do tramo de 20 quilómetros, tamén están redactando o proxecto para a rehabilitación integral dos 30 quilómetros restantes que son os que ten esta estrada.

Polo tanto nos vindeiros meses imos poder ver esta estrada totalmente rehabilitada, que era a necesidade e a reivindicación non só do Partido Socialista senón dos veciños e veciñas da comarca da Mariña que a sufrimos tódolos días cando pasamos por ela. Entónces anunciar o voto a favor desta moción, e ó mesmo tempo tamén darlles a noraboa por acordarse agora tamén desta estrada”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Tamén para anunciar o noso voto favorable, non podía ser doutro xeito cando no Pleno de febreiro esta mesma moción presentada polo BNG tivo a unanimidade deste Pleno.

Só aclarar algunhas cousas, senón aquí parece que estamos debatendo o sexo dos anxos, sempre co tema das infraestruturas. Cando nós pediamos naquela moción instar a axilizar a licitación, adxudicación, e execución da obra de rehabilitación estrutural do firme da N-642, o mesmo que agora din vostedes, o Sr. Demetrio dicíame, eu creo que máis ben daquela era a xeito de escusa, que a Lei de Contratos establece uns prazos que hai que respectar porque están fixados por lei, prazos de exposición pública, fase de alegacións, etc., e que polo tanto habería que axilizar despois de que se asine o contrato; a estas alturas non está asinado o contrato.

Efectivamente tal e como dicíamos naquela moción, e como di tamén o Sr. Demetrio nesta moción, foi publicado no BOE do 8 de xaneiro de 2018, o 9 de marzo foi cando se abriron as propostas presentadas, tiña un prazo de execución e entrega de doce meses, ese prazo de execución e entrega é a partires de que estea asinado o contrato, polo que se o contrato se asina en setembro hai un prazo de doce meses, ou sexa que nos imos ir ao ano 2019; por iso eu daquela dicía que había que axilizar, o mesmo que vostede di agora eu tamén o dicía antes, e tamén o digo agora, antes non coincidíamos porque estaba outro no Goberno; polo tanto dicimos o mesmo porque as mocións son calcadas.

Entonces se tendo sorte se asina en setembro, chegaremos ó mes de setembro do 2019, son doce meses porque é unha obra de envergadura, 2.900.000 euros, nunha estrada que ten unha intensidade media diaria de 15.000 vehículos, unha estrada estreita, onde hai moita poboación ó lado da estrada, hai que regular ese tráfico, ou sexa que vai para longo.

Eses prazos claro que se prolongaron, e unha das cousas que vostedes deberan saber se por parte do Ministerio os informaron, foi unha cuestión técnico, burocrática, administrativa, pero que pode ocorrer, o órgano de contratación correspondente do Ministerio declarou unhas cantas baixas temerarias, e esas empresas alegaron, aínda non están resoltas esas alegacións, e estamos no mes de agosto; polo tanto o de setembro eu non o poñería enriba do papel, oxalá sexa no mes de setembro pero ó mellor nos imos ó outono moito para adiante; eu creo que ese dato tíñano que saber tanto o Partido Popular coma o Partido Socialista, se o sabe o Bloque Nacionalista Galego vía técnicos do Ministerio vostedes terían que sabelo tamén. Polo tanto non se pode enganar á xente, hai que darlle información veraz e obxectiva ó respecto; e as responsabilidades obviamente téñenas uns e outros como dixeran xa na primeira intervención.

É unha historia interminable o tema das infraestruturas, sobre todo neste tema que estamos tratando na comarca da Mariña, onde aló no ano 2001 houbo un señor que mandaba moito, era o Presidente da Xunta de Galicia, e dixo que a Transcantábrica acababa en Barreiros, que tiña que ir por Vilalba, quedando unha parte da Mariña totalmente descolgada; esa parte da Mariña á que despois se lle prometeu por parte do Partido Popular facer ese corredor, do que falei antes, dende San Cibrao ata Ferrol, pero do que só hai dous tramos, o de Xove con sete quilómetros, e o de

Ortigueira oito quilómetros, de oitenta e cinco; ese que dixeran antes que dixeran o Sr. Agustín Hernández que no ano 2017 estaría todo rematado.

O dano que se lle está facendo a esa comarca á brutal, o dano que se lle está facendo á cidade de Viveiro e á súa zona con estas infraestruturas é brutal, e aí a responsabilidade é duns e doutros, eu confíei o mesmo en Ana Pastor ca en Pepe Blanco, que nos deixaron unha herdanza en Mondoñedo, tanto un coma a outra, que foi a herdanza do Fiouco; e dito sexa de paso veu Ana Pastor tamén a Mondoñedo e viñeron os Ministros a Mondoñedo pero ninguén trouxo ningunha solución. Polo tanto confiar en que se vai axilizar este tema, dende aquí berraremos alto e forte, se hai que saír a rúa e coller a pancarta tamén o faremos, pero isto dende logo que hai que solucionalo.

Falaba o Sr. Demetrio tamén da futura A-74 Barreiros-San Cibrao, supoño que será a seguinte moción que traían para setembro, é de libro; porque xa a trouxo o Sr. Barreiro aquí o 21 de febreiro de 2011, pero no 2012 entrou Rajoy e ninguén do PP volveu traela, é unha tomadura de pelo continúa; os que vivimos alí e sufrimos esas infraestruturas, e a Demetrio dígollo con todo o cariño porque é mariñán tamén, igual que Mayra ou que é mariñán o Sr. Presidente, ou nos poñemos todos de acordo e berramos alto e forte ou se seguirán a rir de nós”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Demetrio Salgueiro Rapa, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Reitero o compromiso do Partido Popular empezando pola A-74, creo que xa explicara noutro Pleno como estaba naquel momento, supoño que estará na mesma situación, o tramo ata Foz estaba adxudicado e estaba redactándose o proxecto construtivo, hai uns meses ían certificados máis de 700.000 euros do total, e había unha cantidade orzamentada para o ano que ven de 30 millóns de euros. Os proxectos dos outros tramos estaban tamén en fase de redacción, é dicir estaban seguindo o proceso normal, e espero que eses trámites normais non se paren, que se traten de axilizar o máximo posible; pero o compromiso do Partido Popular con esa infraestrutura estaba enriba da mesa.

Con respecto á N-642, que é o que nos ocupa neste momento, hai unha serie de cousas que se dixeron que hai que dicir que non son de todo certas; agradecer ó BNG a aclaración que fixo con respecto ó tema das reclamacións administrativas que había nesa obra, co cal se ve que non era o anterior Goberno o que tiña bloqueada esa infraestrutura como hoxe di a prensa, senón que era un tema administrativo, e que esperemos que se resolva o antes posible, iso si que é tarefa do actual Goberno.

Pero o Partido Popular nese momento fixo os deberes e foi o que dotou a cantidade económica e que a licitou, por iso tamén hai outra falsidade que hoxe se recolle na prensa que di que se está redactando o proxecto, como se vai estar redactando se xa está licitado?, é algo que non coincide porque non se pode licitar algo sen haber proxecto; o proxecto licitouno o Partido Popular, houbo unha serie de reclamacións, non se resolveron de momento, e agora teranse que resolver; e o que pedimos agora é que se axilice esa obra porque o compromiso do Partido Popular está aí e seguirá estando con tódalas infraestruturas da provincia”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Para reafirmarnos no que dixemos antes; non imos entrar nesas batallas de se tiñan máis culpa uns ou outros; o papel terma do que lle poñen enriba, eu non me fago cargo desas declaracións obviamente nin desa nota de prensa, faceranse cargo os medios ou quen mandou a nota.

Outra cousa que se apuntou que é que o 6 de setembro pasa a Volta Ciclista a España, que é Mondoñedo-Ribadeo-Estaca de Bares, que aproveito de paso para dicir que nos alegamos moito porque a min gústanme as competicións deportivas de alto nivel, e poder ver dende a ventá da casa un espectáculo deportivo desta índole dende logo que é motivo de alegría. Pero obviamente, penso que xa o facería igual o Goberno do Partido Popular, pois antes do 6 de setembro haberá movemento de máquinas supoño que en Cervo, en Nois, en diversos puntos da N-642, e poñerán algo de asfalto se non queremos que caia o pelotón de fuciños alí, supoño que iso o facería gobernara quen gobernara.

Repito, segue sendo difícil, ninguén nos garante que en setembro vai estar asinado o contrato, oxalá me engane; e despois hai doce meses aínda para executar a obra”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“A previsión é a que dan dende o Ministerio de Fomento, entón dado que se nos acusa de enganar e de contar mentiras, vou pasar a ler textualmente o que nos indicaron, e quero deixar moi claro que nós non enganamos a ninguén. E outra cuestión, evidentemente o mellor compromiso que hai non é só proxectar no Presuposto unha cantidade económica, porque sabemos todos que moitas veces quedan sen executar, senón que é executar as obras; e nós en dous meses é o que imos facer.

Paso a ler textualmente porque vexo que non lles queda claro nin ó Grupo Popular nin ó Bloque Nacionalista Galego: “espérase que a adxudicación e firma do contrato sexa en setembro de 20 quilómetros desta carretera que foron licitados en xaneiro, dende o p.k. 26,950 ao 28,800, e 36,500 ó 55,000, por 2,9 millóns de euros; a próxima adxudicación e firma do contrato mostra que as actuacións de rehabilitación estrutural desta vía non se ven afectadas polas obras de urxencia de reparación de firmes en carreteras que comezaron en marzo de 2018, e que afectan a algúns tramos da N-642. Para a rehabilitación integral dos 30 quilómetros restantes”, que é o que nos referimos nesa nota de prensa, “da N-642, estase redactando un proxecto de rehabilitación”.

Polo tanto eu creo que entre este ano e o que ven imos ver esta estrada totalmente rehabilitada, que era a demanda dos veciños da Comarca da Mariña e do Partido Socialista”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Demetrio Salgueiro Rapa, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Agradecer a unanimidade, e esperar poder disfrutar da carretera reparada o antes posible, porque é unha demanda dos veciños da Mariña e todos os que usamos a diario esas infraestruturas, sobre todo agora no verán con todo o turismo que temos”.

Rematado o debate, efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

Instar ao Ministerio de Fomento a axilizar a adxudicación e execución da obra de rehabilitación estrutural do firme da N-642 na Comarca da Mariña entre Barreiros e San Cibrao”.

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN A QUE CORRIXA DE FORMA INMEDIATA AS DEFICIENCIAS QUE ESTÁN A DIFICULTAR E IMPEDIR A APERTURA DO COMPLEXO DE AUGASMESTAS EN QUIROGA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“No ano 1996 a Deputación Provincial de Lugo construíu o complexo de Augasmestas situado no municipio de Quiroga, que ocupa unha superficie de 10 hectáreas na zona onde o río Lor desemboca no Sil, e que incluía na súa oferta cámping, área recreativa, aparcadoiro para autocaravanas, cafetería, piscina, aseos e duchas, entre outros.

Posteriormente, no ano 2004 acometéronse no mesmo obras de ampliación consistentes en cinco bungalós e a rehabilitación de varias edificacións.

Dende esta ampliación o complexo funcionou só durante dous anos.

Coa chegada do bipartito á Deputación o complexo caeu en desgracia sendo saqueado e expoliado.

Se ben o organismo provincial executou obras nas instalacións, a última delas no ano 2017, por importe de 83.656,99 €, coa finalidade de repoñer os elementos afectados polo vandalismo e polo paso do tempo, as mesmas non volveron abrir as súas portas.

E, pese a que no ano 2015 a Deputación adxudicou a xestión do complexo a unha empresa privada a día de hoxe continua pechado e sen data nin previsións para a súa apertura.

Dende que pechou o complexo no ano 2006 pasaron 12 anos.

Tal e como poido saber este grupo, o Concello de Quiroga non ten a responsabilidade de que o complexo permaneza pechado tal e como deu a entender o actual equipo de Goberno provincial nalgunha ocasión.

De feito o complexo está paralizado porque a Deputación non fixo os deberes. Tanto é así que este Grupo nin sequera ten coñecemento de que as instalacións contén co correspondente permiso necesario por parte da Confederación Hidrográfica, paso previo para que o Concello poida conceder a licenza de apertura.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a presente moción para instar ao equipo de goberno da Deputación a que corrixa de forma inmediata as deficiencias que están a dificultar e impedir a apertura do complexo de Augasmestas en Quiroga, e propónse a aprobación do seguinte acordo:

- Instar ao equipo de Goberno da Deputación a que corrixa as deficiencias que están a dificultar e impedir a apertura do complexo de Augasmestas en Quiroga”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Tampouco é a primeira ocasión que traemos a preocupación polo estado no que se atopa Augasmestas a esta Corporación; neste momento, e con fotos tomadas de onte, pódese comprobar,

xa que estivemos falando de piscinas, en qué estado se atopa o complexo de Augasmestas, en que estado incluso de abandono o mantemento máis sinxelo como son os desbroces, en definitiva unha mágoa despois de todo o investimento que se fixo nestas instalacións, e sen ter a curto prazo un proxecto de futuro.

Dende o ano 1996 constrúese no veciño concello de Quiroga este complexo que alcanza unha superficie de 10 hectáreas, ademáis nun entorno medioambiental francamente bonito, nel tíñase previsto unha oferta turística dun camping, unha área recreativa, un aparcadoiro para autocaravanas, cafetería, piscina, aseos, duchas, entre outros. En definitiva unha oferta turística na zona valorada e, porque non dicilo, necesaria.

No ano 2004 acometéronse obras de ampliación, concretamente cinco bungalós e a rehabilitación de varias vivendas. Pero realmente o complexo só funcionou dous anos. Cando chegou o bipartido á Deputación estas instalacións caeron en desgraza e, aínda que é certo que se leva investido bastante nel, por citar un investimento, o último do ano 2017 onde se investiron 83.656 euros, a día de hoxe o futuro é incerto, e fontes consultadas da Confederación nos indicaban que aínda a semana pasada non recibiran a documentación necesaria para o informe vinculante que se precisa para a súa autorización administrativa e a súa posta en marcha.

Dicía na intervención anterior o voceiro do Bloque Nacionalista Galego que á xente non se lle podía mentir, que había que ir coa verdade por diante, pero ó mellor non está de máis a rolda de prensa que no ano 2008 a súa responsable de turismo e homóloga do mesmo Partido Político, concretamente a responsable da área de turismo desta Institución, María Xosé Vega Buján, anunciaba que a Deputación recuperaría Augasmestas cun complexo turístico de benestar social pioneiro en España, un anuncio ambicioso, anunciábo no 2008 e comprometíase a que estivera en funcionamento no ano 2010, e facía unha boa presentación dun proxecto que era moi interesante para a zona.

Cito á Sra. Vega Buján, pero podo citar tamén ó Sr. Besteiro, e concretamente o 12 de xullo de 2014, non está de máis recordar que xa se acercaban unhas eleccións, facía público que a

Deputación aprobaba un concurso para rehabilitar Augasmestas; tamén dedicaba unhas palabras en explicar en que ía consistir, en definitiva tamén un proxecto innovador, ambicioso, etc.

En maio de 2015 anuncian que reabre o Náutico de Augasmestas, as eleccións foron o 27 creo recordar, e tamén se aplaudían dunha brillante xestión dun complexo turístico que por fin quedaba posto en marcha despois dun período de cinco lustros.

Podía seguir, porque certamente anuncios en medios de comunicación houbo moitos dende o ano 2007, pero a realidade é a que temos hoxe cunha cantidade económica importante investida, e dunha maneira construtiva creo que temos a obriga, recentemente viamos tamén un proxecto no veciño concello de Ribas de Sil, ó cal felicitamos e a toda a Corporación, entendemos que é un bo proxecto para a zona, pero evidentemente con estes antecedentes desexámoslle por suposto moita mellor fortuna, pero tampouco podemos deixar caer este investimento e este complexo, por responsabilidade do diñeiro que se leva investido, por responsabilidade dos compromisos públicos que se asumiron cos veciños de Quiroga e da comarca, e porque unha vez máis, e créanme que non é a miña intención ser excesivamente crítica, pero creo que cunha foto e con todos eses anuncios e grandes promesas os feitos falan por si sós sen precisar moito máis na primeira intervención”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Eduardo Vidal Baamonde, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Certamente dixo moitas verdades a voceira do Grupo Popular, pero esqueceu outras; esqueceu que dende o 1996 que se comezou a construción do complexo turístico de Augasmestas, ata 2004 coa ampliación, cando empeza a funcionar durante dous anos, construímos pero olvidámonos de solicitar a licenza municipal de construción e o permiso para a actividade que se quería realizar nese lugar.

O que pasou foi que o concesionario deses dous anos, que non teño eu excesiva información de como se chegou a esa concesión, deixou de telo; ese complexo sufriu o abandono, pasou o tempo, cambiou a lexislación, e chegamos ó momento en que estamos, e pódolle facilitar todo tipo de información neste período, e de informes e proxectos para que os coñeza máis en

profundidade, aínda que debía coñecelos porque vostede foi Presidenta da Deputación e incluso no seu interese estaba a súa apertura, vostede dicía “ábrase” aínda que sexa sen permiso, iso era o que vostede quería que se fixera daquela.

Fíxose un novo proxecto, unhas novas obras en 2016, para adaptar á lexislación vixente as instalacións e repoñer elementos que tiveran caído en desgraza. Ese proxecto contou cos permisos e licenzas municipais oportunos, estes si que se fixeron de acordo á Lei, e pasouse a realizar un proxecto para solicitar a súa licenza de actividade; entre tanto, no 2015, fíxose unha concesión mediante un concurso a unha empresa, e pódolle lembrar o BOP, despois se é necesario lémbrolle as características de en que condicións se produciu esa concesión para ese servizo durante tantos anos, e as obrigas que tiñan tanto a Deputación de Lugo como a empresa concesionaria desas instalacións para a súa explotación.

Solicítanse informes preceptivos á Consellería de Medio Ambiente, e tamén á Dirección Xeral de Patrimonio, sendo ámbolos dous favorables, e tamén á Confederación Hidrográfica por ser informe sectorial preceptivo para poder rematar o expediente para a licenza de actividade.

A Confederación Hidrográfica tiña e ten autorizacións previas para unha serie de elementos desa infraestrutura, pero efectivamente manifesta que non consta autorización sectorial da Confederación Hidrográfica para a captación de auga e para emitir vertidos de excretas residuais ó río, e en caso de que así se produzan terían que ter a oportuna autorización deste Ente, e di que sempre e cando, como así se reflicte no BOP da súa concesión, as excretas residuais vaian a unha fosa estanca e sexan eliminadas dalgún xeito polo sector autorizado, que en todo caso tería que corresponderlle ó adxudicatario, non necesitaría ningunha autorización para os vertidos, si a autorización para a captación de augas; captación de auga que existe, que se mellorou e que está xa a disposición para o momento de solicitar dita autorización da Confederación Hidrográfica.

Con todo isto solicítase no concello de Quiroga a licenza de actividade, e no mes de febreiro deste ano tívose unha reunión coa responsable da empresa adxudicataria nesta Deputación; despois desa reunión o titular desa concesión manifestou que tiña intención de renunciar á concesión que tiña en virtude daquel concurso. Pasaron os días e este Deputado que lle fala púxose

en contacto con el para saber porque non mandaba a renuncia a esta concesión, e dixo que iso era cuestión dos abogados que estaban redactando o comunicado; e uns días antes de que vostedes rexistraran a moción deuse o caso de que o concesionario chamou a este Deputado dicindo que quería unha nova reunión para tratar o tema da apertura do complexo.

Polo tanto nin estamos parados nin caeu en desgraza; evidentemente as fotos que vostede amosa hoxe son así, non ten un mantemento nin teñen unha situación periódica esas infraestruturas; despois lle poderei manifestar, e están á súa disposición tanto os informes como as prerrogativas da concesión desta infraestrutura para que poida cando menos o resultante desa adxudicación solicitar os permisos que por condicións particulares de adxudicación, e así están publicados no BOP, lle competen a el e non a esta Deputación Provincial.

Pero en todo caso coma se fora un rogo que vostede fai a este Goberno, e a min mesmo, imos votar favorablemente a súa moción, como non pode ser doutro xeito, porque evidentemente estamos na idea de que poda abrir canto antes; e estamos pendentes porque, repito, hai catro ou cinco días a persoa adxudicataria volveu dirixirse a esta Deputación para solicitar outra entrevista, non sei se co gallo de reafirmarse na súa renuncia á concesión ou de avanzar na concesión dese permiso de actividade. En todo caso supoño que sairemos de dúbidas en canto teñamos esa reunión para tratar o tema.

E como vostede dicía, podémonos perder en todo este tempo, evidentemente transcorreu moito tempo, e podemos divagar e perdernos en que pasou ou non pasou, o que pasou foi que se fixeron as obras sen licenza municipal, sen permiso de actividade, e que neste momento as actuacións que se fixeron contan con licenza municipal e está en tramitación a licenza de actividade no concello de Quiroga, cunha serie de circunstancias que neste momento só temos esa eiva da Confederación Hidrográfica en tanto en canto non existe a actualización para a captación de auga, pero pódolle dicir que nos pregos de adxudicación da concesión desta infraestrutura semellante autorización correspóndelle solicitala ó adxudicatario e non á Deputación Provincial”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Simplemente para anunciar o meu voto a favor”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Probablemente me esquecera de moitas cousas, é indubidable que os antecedentes do ano 1996 poden servir para contextualizar pero doce anos despois probablemente non sexan os responsables da situación de agora.

Omitín tamén o proceso de desmantelamento que sufriron as instalacións despois do 2008, non foi un caso illado, foron varios os edificios desta Institución, un deles ubicado no meu concello, que sufriron un auténtico abandono e despreocupación por parte da Institución e que acabaron sendo absolutamente pasto de actos vandálicos, e tamén descapitalización, se me permite o termo, do propio edificio levando todo aquilo que podía ser de valor ou que alo menos podía ser transportado, incurrindo por suposto a Institución nunha clara responsabilidade e que incluso corremos o risco agora de que volva producirse.

Agradézolle o esforzo en explicar o pasado e o que ocorreu ata o día de hoxe; permítame que interprete, ten que ter unha parte de subxectividade, pero eu creo que con datos bastante obxectivos, que demostre bastante pouco interese, sobre todo do que vostede me dixo de futuro. Se cita o que pasou no pasado cos correspondentes permisos, parece que aquí non teñen ocasión de botarlle a culpa á Xunta de que lles denegara ou que non lles contestara, cousa que me alegra porque eu son a primeira que me alegro cando a Xunta de Galicia autoriza algo a esta Institución porque é sinal de que está ben feito; pero se dende febreiro ata xullo o único que media entre vostede, xa que o personaliza en vostede, xa me deu mala espiña, cando vin que vostede levaba este asunto xa vin que tiña que ser un marrón.

Se vostede personaliza dende febreiro a xullo unha chamada coa concesionaria, e non quero que mo tome a mal, pero como mínimo demostrou bastante pouco interese, e non quero con iso tampouco prexulgar, supoño que terán outras prioridades e ós feitos me remito, Augasmestas, agás en época electoral, tampouco foi algo que lles preocupou demasiado, probablemente terán as

súas razóns; nós temos a obriga de dicirlle que cambien de actitude e que se impliquen en que, como pon a proposta de acordo, se inste ó Goberno a que corrixa as deficiencias que están a dificultar e impedir a apertura do complexo de Augasmestas en Quiroga.

Sen dúbida é unha obriga deste Grupo, pero é unha obriga da Deputación que investiu alí un diñeiro e que, como dicía, se comprometeu en repetidas ocasións cos veciños da zona; incluso nunha zona, Ribera Sacra, onde son tan importantes tódalas iniciativas públicas ou privadas que se poñen en marcha para contribuír á oferta turística, porque a ninguén se nos escapa que é unha das zonas da que os lucenses temos que sentirnos máis orgullosos por ese traballo coordinado e por ese traballo en positivo.

Esta proposta ven con esa intención, que abandonen os brazos caídos con Augasmestas, que se reúnan coa concesionaria, que lle axuden se é posible legalmente, que eu creo que si, en asesorala nos permisos que teña que presentar que seguramente coa infraestrutura que ten esta Institución lle será máis doado; e que cumpran en primeiro lugar cos veciños de Quiroga, que cumpran co principio de responsabilidade desta importante inversión, pero tamén que cumpran con vostedes mesmos, porque aquí citamos responsables dos dous Partidos Políticos que estiveron no Goberno durante tantos anos, e moitos titulares e moitas promesas, pero os feitos son estes, esta piscina absolutamente sucia e abandonada, e un traballo que cunha desbrozadora e cun mínimo persoal se podía ter alo menos cunha mínima imaxe de limpeza e non de abandono, polo menos que iso se apuren e o fagan agora que estamos nunha tempada na que o número de turistas e visitantes se multiplica.

Se esta moción, e agradézolle ademáis o voto favorable, serve para iso, nós agradeceremos non só que o voten a favor senón que efectivamente se impliquen en poñer isto en marcha canto antes”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Compartindo a necesidade de que calquera actividade ou calquera iniciativa que mellore a actividade económica do sur da provincia é imprescindible, o que se propón é bastante lóxico e coherente, co cal non vai ser o BNG que vai romper a unanimidade que parece que é coa que se vai aprobar esta moción, e votaremos a favor”.

Intervén o Sr. Deputado D. Eduardo Vidal Baamonde, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Así entendemos a súa proposta, e así entendemos seguir dalgunha maneira impulsando dun xeito se pode ser máis rápido e que os atrancos que haxa ou poda haber se subsanen; e como non, con esa obriga que temos de manter ese encrave nunhas condicións óptimas, así o faremos xa de inmediato para que polo menos non dea esa sensación de abandono, que evidentemente, coas fotografías que vostede amosa, así estan. Hai unha entidade encargada de facer eses traballos, que neste momento non está a facer, pero haberá que esixirlle que o faga porque así está establecido”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Agradecer a unanimidade, e que na maior brevidade posible se traduza en feitos porque a Ribeira Sacra e Quiroga nolo agradecerán, pero sobre todo será un exercicio de responsabilidade”.

Rematado o debate, efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

“Instar ao equipo de Goberno da Deputación a que corrixa as deficiencias que están a dificultar e impedir a apertura do complexo de Augasmestas en Quiroga”.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

11.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE XUÑO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Dáse conta das resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ata o vinte e nove de xuño de dous mil dezaoto, números 1203 ao 1635 e que figuran inscritas no Libro de Resolucións. O Pleno da Corporación queda enterado.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan

ASUNTOS DE URXENCIA

O Sr. Presidente manifesta que hai dúas mocións de urxencia presentadas unha delas polo Grupo Provincial Popular e outra polo Sr. Deputado non adscrito, que se tratarán a continuación.

PRIMEIRO.- Moción do Grupo Provincial Popular para esixir que o Goberno Provincial coa maior axilidade posible solvente a situación producida en SUPLUSA para que os traballadores cobren as nóminas que se lles adebedan.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular na Excma. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede, na sesión plenaria que a corporación provincial, celebrará esta mañá a seguinte Moción de urxencia para esixir que O Goberno Provincial coa maior axilidade posible solvente a situación producida en SUPLUSA para que os traballadores cobren as nóminas que se lles adebedan.

Xustificación da urxencia

No día de onte mércores, 30 de xullo de 2018, o Sr. Presidente de SUPLUSA asegurou ante os medios de comunicación que os traballadores da Sociedade non cobrarán as nóminas correspondentes ao mes de xullo do presente ano como consecuencia, segundo as súas propias palabras, das maniobras, coaccións e chantaxes do Goberno provincial do PSOE.

Exposición de Motivos

Visto que D^a Rosa Abelleira Fernández (Interventora Xeral da Deputación Provincial de Lugo) presentou o 1 de xuño de 2018 solicitude para o desempeño do cargo de interventora de SUPLUSA e o 22 de xuño presentou escrito no que se indica que, suscríbense as ordes de pagamento de xestión ordinaria, incluída a nómina do mes de xuño, indicando que é o derradeiro acto que realiza na calidade de interventora da sociedade mercantil.

Visto que o artigo 12 dos Estatutos de SUPLUSA establece que: *“as funcións de intervención realizaranse por profesional de recoñecido prestixio que pertenza ou teña pertencido á escala de habilitación Estatal, subescala Intervención - Tesourería, Categoría Superior, con máis de 10 anos de exercizo profesional en dita Categoría, designado, e removido, previa proposta da Presidencia, polo Consello de Administración quen será substituído nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento legal, de acordo co previsto nas bases de execución do presuposto da Deputación”*.

Tendo en conta que a base 35 de execución do Orzamento provincial 2018 establece que *“Para estes efectos, a interventora xeral pode ser substituída nos casos de ausencia ou enfermidade, sen máis trámite e en calquera caso e órganos, polo interventor/a adxunto, a xefa do servizo de fiscalización ou o xefe do servizo de contabilidade e contas, e de non ser estes persoal de intervención ou da oficina de xestión económica ou órganos de similar competencia no caso dos entes dependentes, co título de licenciado ou diplomado, por esta orde e en función do seu nivel xerárquico”*.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a presente moción de urxencia para esixir que O Goberno Provincial coa maior axilidade posible solvente a situación producida en SUPLUSA para que os traballadores cobren as nóminas que se lles adebedan, e proponse a aprobación do seguinte acordo:

Que a Deputación Provincial de Lugo coa maior axilidade posible solvente a situación producida en SUPLUSA para que os traballadores cobren as nóminas que se lles adebedan”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“A urxencia ven motivada porque no día de onte temos coñecemento polos medios de comunicación que os traballadores de Suplusa non poden cobrar a nómina, creo que é unha das principais prioridades que o que fai un traballo cobre por elo, e dende logo das decisións máis urxentes que debemos tramitar como responsables públicos; eramos coñecedores dunha renuncia presentada pola persoa que facía as funcións de intervención, pero indubidablemente non eramos coñecedores de que esa renuncia non fora cuberta ou resolta, e dende o día de onte non tivemos tempo a rexistrala antes, e esta mañá creo que todos debemos poñernos de acordo en adoptar as medidas de maneira urxente e imperiosa para que os traballadores cobren”.

O Presidente anuncia que se vai proceder á efectuar a votación da declaración de urxencia da moción, e efectuada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 15 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular, do Grupo Provincial do BNG, e do Sr. Deputado non adscrito); votos en contra, 10 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a declaración de urxencia da moción.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Neste primeiro turno voume remitir a ler a proposta de acordo que di que a Deputación Provincial de Lugo coa maior axilidade posible solventa a situación producida en SUPLUSA para que os traballadores cobren as nóminas que se lles adebedan; que interpreto, pola información que se fixo pública onte, que é este mes de xullo que agora remata.

Dende a presentación da renuncia da interventora xeral da Deputación Provincial, en aplicación do artigo 12 dos propios Estatutos onde se establece quen debe asumir as funcións de Intervención, onde se especifica claramente que ten que ser un profesional de recoñecido prestixio, etc.; remitíndonos tamén ás Bases de execución, concretamente á Base 35 que establece os sistemas de substitución.

En todo caso, e da maneira máis construtiva posible, e facendo por suposto recordo de todo o persoal que puidera cubrir estas funcións, pero creo que entre todos unha vez máis temos que minimizar os problemas que podan derivarse dun problema de entendemento que é público e notorio, e que non me gustaría volver incidir aquí, pero que evidentemente cando esas decisións ou eses problemas de entendemento acaban repercutindo en que uns traballadores non poidan cobrar a nómina, creo que tódolos Deputados e Deputadas con responsabilidade debemos buscar a saída de maneira urxente e inmediata para que isto deixe de ser un problema e o persoal de Suplusa poida cobrar polo traballo que desempeñou no mes de xullo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“É claro e notorio, e coñecido por todos, que dende que Suplusa está presidida por esta persoa que lles fala ata o mes de febreiro non houbo problema ningún. A partires de aí, unha vez que vostede mentiu e faltou á súa palabra do comprometido no Consello de Suplusa cos veciños da provincia en Castroverde, que consta en acta; e non mova a cabeza; todo o que vou dicir obviamente é un tema político non é un tema persoal, pero a realidade está aí, igual que cando din que vostede está reprobado, é Dario primeiro o reprobado, qué lle imos facer, está en acta.

Aquí pasa o mesmo, vostede comprometeuse no Consello de Catroverde a traer a ordenanza e o prezo público aquí xa; estamos esperando a que o faga. Pero a partires de aí, non sei porque, terá que explicalo vostede porque eu non o sei, nin o sigo entendendo, iniciuse unha operación de acoso e derribo a Suplusa; eu tamén entendo que como vostede se considera presidente e que vostede é a Deputación, se cadra pensa que Suplusa é o presidente Manolo Martínez, e non é así, Suplusa ten un Consello de Administración onde Manolo Martínez é o 1/9, e na Xunta Xeral o 1/25.

Como iso obviamente non lles funcionou, intentando a través da Xunta de Goberno, con ordes irregulares e presuntamente ilegais, que Suplusa actuara de forma ilegal, agora redobran a aposta. Eu non sei se é, como dixen onte, porque non o sei, non teño datos, e sorpréndeme todo isto, que un Partido Socialista, como se dixo aí, Obreiro, e ó cal pertenzo e estou orgulloso de ter pertencido, non deste social arribismo que hai agora, se olvide dos obreiros, porque estamos falando de 29 persoas de soldos de arredor de mil euros.

Isto continúa, tivemos que facer exercicios de funambulismo, que non sei se terán consecuencias ou non, para pagar o IVE e o imposto de sociedades, porque estes señores que estaban preocupados porque os dirixentes de Suplusa, como se nos puxeramos millonarios alí, resulta que dunha atacada fastidiaban corenta ou sesenta mil euros que nos correspondería de multa por non pagar o IVE e o imposto de sociedades; pero iso non lles preocupaba, o obxectivo era que Suplusa fora presentada como a presentaron dende o principio, como unha sociedade indocumentada, chea de argucias, un chiringuito; e iso debía selo cando estaba vostede porque dende que eu son presidente, e está todo aí, porque ó mellor isto acaba no Xulgado porque non lle vexo outra saída, pois mandaremos a documentación porque Manolo Martínez escrupulosamente cumpriu a legalidade; e non cumpriu as ordes ilegais ou totalmente irregulares que vostedes daban dende a Xunta de Goberno, porque non é competente, e como reconece hoxe incluso un informe do Secretario o Pleno é o que ten a potestade para decidir unha cousa ou outra.

Pero centrándonos no tema, e repito, se hai que facer funambulismo político, porque hoxe xa a persoa que minte, que non cumpre a palabra, que da igual que a escriba ou non, que sexa ante notario ou non, resulta que xa se pasa ó cinismo; e cun cinismo total e absoluto fai unhas

declaracións onde di que Suplusa ten personalidade xurídica propia, benvido á personalidade xurídica propia, porque ata hai dous días vostedes e o seu voceiro estaban dicindo que Suplusa nin tiña presidente nin tiña nada, e non tiña personalidade xurídica ningunha e que dependía de vostedes; e é certo que depende de vostedes, non de vostedes como Grupo, depende desta Deputación, do Pleno da Deputación que ten as competencias totais e absolutas, como di don Lino e asevera coa cabeza, para facer o que considere oportuno con Suplusa.

Di vostede que ten recursos, pois claro que ten recursos, esa é a sorte de Suplusa, porque hai unha boa xestión, e proba diso é que ese IVE e ese imposto de sociedades de preto de trescentos e pico mil euros nun trimestre indica boa xestión, a pesares de vostedes que levan poñendo todo tipo de trabas e de pedras na carreta de Suplusa, non a funden porque non poden aínda que perderan os cartos todos e os recursos que di vostede que ten Suplusa pero que non lles preocupa.

Que queren vostedes?; penso eu, ó mellor equivocadamente, que Suplusa actúe sen fiscalización que, repito, xa o fixemos no tema do IVE, pero cremos que é un imposto que hai que pagar e se hai que asumir responsabilidades asumíremolas, total despois de catorce imputacións defendendo ó Partido Socialista aínda que me caía unha por defender ao grupo non adscrito tampouco vai pasar nada; pero iso é o que buscan vostedes; e despois sair e dicir que Suplusa non quere fiscalización; Suplusa, un chiringuito, un sitio onde se vai forrar a xente, etc., todas esas cousas que vostedes venden, non sei o que fixeron vostedes porque eu tampouco me preocupaba de Suplusa, aínda que era membro deste Grupo, durante os anos que estiveron alí.

Entonces que buscan?, que se fagan as cousas sen fiscalización; din que o pode facer o presidente, claro que podo pero non teño potestade, hai unhas normas xurídicas e legais que me impiden pagar as nóminas sen fiscalización, senón xa o tería feito Sr. Presidente, e se cadra ata o fago, invitado por vostede; pero vostede ó que me está invitando a mín é a cometer un delito, pode vostede empezar a pagar sen fiscalización tamén, pregúntelle á interventora se pode.

E despois volve dicir algunhas cousas que dende logo preocupan, porque di: “el presidente no da superado los problemas que se le acumulan”, problema en Suplusa ningún, os que vostedes

crean; Suplusa ata que vostede incumpriu a súa palabra, mentiu e lle faltou ó Consello de Administración e ós veciños desta provincia, non tiña ningún, funcionaba perfectamente; o que non sei agora este novo problema da interventora, que persoamente non entendo, porque vostede segue a ser interventora da Tic, quizá alí non hai problemas, segue sendo interventora nalgún Concello, quizá alí non hai problemas; o porqué desta escapada, que non prexudica ó presidente, o presidente vai aguantar, se é un problema persoal comigo, que non o sei, espero que non porque eu tampouco o teño con vostede, pero esta decisión nin a entendo nin creo que sexa legal; porque o artigo 12 dio claro, e está feito e redactado para blindar a Intervención porque antes había outra redacción do artigo 12, faise polo Grupo Socialista, no que eu votei a favor, para blindar a Intervención, non sei se a vostede ou a outra persoa, pero faise para iso.

E ó mesmo tempo as Bases de Execución, que deben obrigarlle a facer esa fiscalización, obviamente tampouco as asume, cando calquera organismo que dependa desta Institución sabe vostede que ten que ser fiscalizado por esta Institución, sexa Suplusa ou sexa outro.

Vostedes queren crear un problema en Suplusa a costa de 29 traballadores obreiros, que son mileuristas, e se non pagan e non nomean á Interventora, que nós aceptámoslle a dimisión, pero condicionada obviamente a que a Deputación, que é o organismo que ten a potestade de nomear outra persoa, o faga, nós non temos inconveniente en que sexa dona Rosa ou outra persoa calquera, pero a potestade é desta Institución; se o Pleno ten potestade e hoxe decide nomealo aceptámolo tamén, pero moito me temo que vostedes o único que están facendo é tratando de utilizar ó persoal, porque contra mín política e persoalmente veñan cando queiran, xa o fan, por diante e por detrás, pero utilizar ós traballadores de escudo para dinamitar Suplusa e dinamitarme a min de paso.”

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Comezar xustificando o voto favorable á urxencia, dado que é certo, e por unha vez tráese unha moción que entra dentro dos parámetros do que se deba considerar como moción de urxencia, que é algo que xorde unha vez rematado o prazo de presentar as correspondentes mocións, e que é algo de urxente decisión. E o feito de que hoxe, 31 de xullo, 29 traballadores non

cobren o seu salario creo que hai poucas cousas que poidan xustificar mellor a urxencia cando menos de falar do tema, e logo xa veremos cal é o sentido do voto da proposta.

En primeiro lugar, analizando isto dun xeito rápido, porque non hai outro remedio tendo en conta como foi presentada a moción, lamentar o protagonismo que nunha batalla política, sen cuartel, como se está vendo, toman tanto os 29 traballadores de Suplusa como neste caso unha funcionaria da Deputación que, todo sexa dito de paso, cando menos persoalmente, e creo que dende o conxunto do Grupo do BNG, mostramos non só a comprensión senón que me parece que é a mellor postura que puido tomar dada a deriva que está collendo todo este enfrontamento entre Suplusa e a Deputación.

Eu non sei cal é a solución neste caso, polos propios escritos que presenta a Interventora creo que había fórmulas de solucionar o problema dende hai dous meses que presentou a súa demisión, dende nomeamentos accidentais mentres que non se fai un nomeamento definitivo, e outra serie de alternativas se se quixera facer. Non se fixo dende o Consello de Administración de Suplusa, e non teño nin idea de cal foi o motivo porque neste momento, como é sabido, o BNG non está nese órgano.

En canto a cal é o mecanismo que a Deputación puidera ter para corrixir o erro sinceramente tampouco o sei, pero o que creo que non é moi procedente é que a Deputación pague as nóminas, penso que tampouco se pretende con esta proposta. O que si é certo é que non podemos consentir que nesta batalla, que é unha batalla política, quen pague os pratos rotos e as consecuencias sexan os traballadores, e aí estamos de acordo perfectamente co que dicía o Sr. Martínez de que por término medio andan rondando os mil euros, non son precisamente traballadores de elite que poidan irse de vacacións igual aínda que non cobren o mes de xullo.

É imprescindible solucionalo, pero insisto en que eu sinceramente nin teño coñecementos técnicos nin houbo tempo a estudar cal sería a fórmula de solución; ó mellor unha solución era proceder a que este Pleno recollera a proposta do Sr. Martínez, que supoño que el votaría en contra, ir á disolución de Suplusa e ó mesmo tempo aprobar a absorción ou subrogación do seu persoal

para a Deputación; iso ó mellor era a solución a todo este problema e que non volvera pasar, e cando se constrúa algo similar facelo cunha base sólida para que poda funcionar en condicións.

Sinceramente nós non temos a medida que hai que tomar para solucionalo, pero o que ten que haber é unha solución ó problema; creo que se puido ter feito, e intúo, non vou facer aseveracións sen estar fundamentadas, que se se prevera dende o primeiro momento isto podía estar solucionado, non se fixo; amañouse o tema do IVE, cousa que ten a súa gravidade, é dicir, conseguíuse solucionar como fose o tema do IVE pero sen embargo non se consegue solucionar o tema do salario dos traballadores, tamén me parece cando menos un agravio comparativo bastante importante; como nun caso hai unha multa soluciónase, no caso dos traballadores, é unha medida de presión máis, non se soluciona; sexa cal sexa, por favor, amañémolo e que esta xente poda cobrar o seu salario a poder ser esta mesma semana”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“En primeiro lugar vou xustificar porque non votamos a favor da urxencia. É urxente que cobren os traballadores de Suplusa, iso é diferente ca que sexa urxente que o Pleno da Corporación, que non é o órgano competente para resolver a situación creada polos proponentes desta moción, sexa quen de resolvelo. Pódeno facer no Consello de Administración de Suplusa onde vostedes son a maioría, onde gobernan vostedes, iso sábeno se teñen toda a información de Suplusa, onde teñen a maioría e polo tanto tamén os medios ó seu alcance para telo. Agora ben, é moi fácil tratar de desprenderse das responsabilidades que un ten levando o debate ó órgano que non ten absolutamente nada que ver con esa situación.

O artigo 12 dos Estatutos de Suplusa establece que as funcións de Intervención se realizarán por un profesional de recoñecido prestixio que pertenza ou teña pertencido á Escala de Habilitación Estatal, Subescala de Intervención-Tesouraría Categoría Superior, con máis de dez anos de exercicio profesional en dita categoría, designado e removido previa proposta da Presidencia polo Consello de Administración, quen será substituído nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento legal de acordo co previsto nas Bases de Execución do

Presuposto da Deputación. E aí é onde imos á Base trixésimo quinta do Orzamento da Deputación, que podemos aplicar nestes supostos. Pero a Base trinta e cinco dinos que para estes efectos a Interventora xeral pode ser substituída nos casos de ausencia ou enfermidade sen máis trámite e en calquera caso e órganos por Interventor adxunto, xefe de servizo de fiscalización, etc.; nos casos de ausencia ou enfermidade, e estamos nun suposto de vacante que é moi diferente.

E no suposto de vacante vostedes que teñen maioría, que din que mandan en Suplusa, que anhelaron e hoxe gobernan Suplusa, evidentemente teñen na súa man resolver que cobren os traballadores de Suplusa, e deixar de utilízalos como arma arroxadiza contra este Goberno, porque é no que teñen convertido a Suplusa dende que vostedes a gobernan. Iso non só o pode ler calquera senón que está nun informe que está en poder da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo e que lles pode facilitar. Que por certo conclúe que “polo exposto”, aparte destas cuestións, “a Sociedade poderá proceder á modificación dos Estatutos sociais segundo o manifestado anteriormente, ou ó nomeamento dun interventor conforme ó establecido nos seus Estatutos, e transitoriamente por razóns de urxencia un nomeamento accidental”.

Co cal poden modificar os Estatutos para nomear interventor por outro procedemento; poden facer un nomeamento accidental ou simplemente a través dos Estatutos actuais cubrir esa vacante que se ten producido, e iso coñéceno dende hai tempo, e está nos Estatutos dende hai tempo, co cal puideron telo feito antes de todo isto; é máis, o propio acordo do Consello de Administración da Sociedade, que non se tería dado sen a súa participación e aprobación, di que se acepte a renuncia condicionada; por certo que non é inherente o exercicio da intervención en Suplusa ó exercicio da intervención na Deputación de Lugo, unha cousa é que a Deputación teña que fiscalizar as contas de Suplusa e outra cousa é que a Interventora ou Interventor da Deputación teña que ser tamén quen fiscalice as contas dentro de Suplusa, é moi diferente.

Si que se está facendo ese labor de fiscalización dende a Administración Deputación Provincial respecto á entidade Suplusa, pero non está obrigada a Deputación a designar a quen fiscaliza, a quen exerce a función de Intervención en Suplusa, iso faino o Consello de Administración de Suplusa.

E nese acordo dicían tamén que se procedese á provisión regulamentaria de dito posto ou modificación do artigo 12 dos Estatutos sociais; vostedes propoñían que se cubrise regulamentariamente ou se fixese a modificación dos Estatutos, pero iso non o fixeron; solicitouse á Deputación Provincial que se pronunciase sobre a posibilidade de que ditas funcións de Intervención podan efectuarse a través da figura da substitución prevista nas Bases de Execución de Presuposto da Deputación, aí si que se dirixiron á Deputación e contestouselles iso, que a Base 35 non contemplaba o suposto de vacante que era no que se atopaba, e polo tanto que había as outras vías.

Por iso non é urxente debatelo neste Pleno, de feito eu creo que este Pleno non pode dicir o Interventor ou Interventora de Suplusa é esa persoa, ou é ese posto de traballo, é o Consello de Administración no que votedes teñen a maioría suficiente para gobernala como anhelaron durante tanto tempo”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Eu xa lle dixen nalgunha ocasión que en política non vai valer todo, e neste caso cómpre volver recordarllo. Eu non vou entrar a valorar unha decisión persoal; vostede, como lle recordou o meu compañeiro Ulla, non ten moita responsabilidade de goberno, porque incluso o que fai aquí faino con bastante irresponsabilidade; pero gustárame que se vira na situación de que o seu Secretario ou o seu Interventor de repente de hoxe para mañá deixara, por decisións persoais, que temos que respectar, o seu cargo.

As funcións de Secretaría e Intervención, que esta Institución o sabe porque non en van normalmente colabora cos concellos para aqueles concellos que día a día soen aflorar estes problemas, porque aínda que se puxeron en marcha algunhas medidas que poden corrixir esta carencia de secretarios e interventores, esas listaxes provisionais supoño que o intentarán paliar, pero si que é verdade que é un problema real que ocorre moitas veces.

Neste caso as funcións de Intervención de Suplusa, toda vez que as contas de Suplusa teñen que ser aprobadas polo propio Pleno da Corporación, e de feito dende a súa posta en marcha non houbo ningunha diferenza, en todo caso esta Institución debe implicarse. Eu xa sei, e non basta máis ca escoitalo, que non lle preocupan demasiado eses 29 traballadores; tampouco lles preocuparon ós que lles prometeron traballo e despois non llo deron; é curioso porque hai dez minutos o seu compañeiro, e non sei se o Sr. Lino quere tomar a palabra ou está nervioso”.

Neste momento, dado que o Sr. Deputado D. Lino Rodríguez Ónega está realizando diversas manifestacións sen estar no turno de palabra, o Sr. Presidente indícalle que debe cesar nas súas manifestacións, respectar o turno de intervención e deixar intervir á Sra. Deputada.

Continúa na súa intervención a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Por menos expulsaron a algún compañeiro deste Pleno.

Dito isto, hai escasos minutos o seu compañeiro dirixíase ó Deputado non adscrito e dicíalle que tiña que ir rozar a Augamestas, que para iso tiña a encomenda de xestión; é dicir, vostedes contan con Suplusa para traballar pero resulta que non lle queren pagar.

Á marxe de pelexas e do nerviosismo que impera en D. Lino cada vez que falamos deste tema, hai un problema que vai máis alá da dicotomía Manolo Martínez-Partido Socialista, hai 29 persoas que neste momento non saben cando van cobrar a súa nómina, e aínda que vostede se aplauda e se mire no espello ou pretenda dicir que gobernamos nós, todo iso que vostede sabe que non é certo, e que a xente que sabe o que está pasando non só na Institución provincial senón en Suplusa sabe perfectamente, por moitas páxinas que vostedes paguen para intentar explicar o inexplicable, grazas a Deus a xente ten capacidade de entender o que pasou nesta Institución, e terá capacidade de analízalo como ten moitas veces, e a vostede xa o xulgou en moitas ocasións.

Agora temos a obriga de dar unha solución, xa non se trata de analizar o pasado, que se quere facemos un Pleno monotemático sobre que nos levou a chegar ata aquí, esta moción

preséntase para dar unha solución de futuro, alo menos de futuro inmediato; eu ata podo compartir que se convoque o Consello de Administración e que faga un nomeamento accidental con outro interventor, evidentemente é unha das saídas pero ata agora non se fixo, e o que pedimos é a aplicación da Bases 35 para resolver o problema de xullo; a partires de aí, a través dos informes xurídicos que nos faga o responsable da Institución, nós apoiaremos ben sexa o nomeamento accidental ou calquera outra alternativa que estea dentro da lei.

Pero o que está claro é que agora hai un mecanismo que se podería poñer en marcha, como poñen vostedes cando outra Institución llo solicita con persoal que ten a titulación e a habilitación para facelo; e temos a obriga dende a Deputación, porque non en van cada euro que cobra este traballador sae dos Orzamentos da Deputación Provincial, e agora ben sexa o Presidente de Suplusa ou o Presidente da Deputación, ou os vinte e cinco Deputados, por máis que intenten evadir responsabilidades son responsables de que eses traballadores cobren.

E hoxe este Grupo, con total humildade, tráelle unha proposta que é aplicar a Base do artigo 35; creo que é unha solución máis ou menos inmediata para que esta xente cobre e teñamos unha marxe de tempo para cubrir esa praza. Insisto, non se lle está pedindo ningunha outra colaboración máis da que vostede dá a moitos dos concellos da provincia, non vostede, porque se por vostede fora seguro que non llo daba, pero a Institución provincial; hai moitos concellos desta provincia que recurriron a esta Institución para poder ter ó día labores de contabilidade ou de intervención, e incluso con informes xurídicos, e está dentro da propia entidade desta Institución.

Agora traiolle unha proposta, non vou entrar a valorar o pasado, vostede sabe moito mellor cá min o que pasou e créame que a min deixou de preocuparme hai moito tempo; o que é importante neste momento é resolver este problema, e hai 29 persoas que non están cobrando a súa nómina, e na Deputación Provincial goberna o Partido Socialista, e a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo na súa Xunta Xeral ten Deputados do Partido Socialista, preside o Deputado non adscrito, por certo co voto tamén de vostede”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Nós fixemos requirimentos xa durante o mes de xullo ante este problema. No tema que plantexaba o Sr. Ferreiro do pago de IVE e imposto de sociedades, é un imposto finalista que hai que pagar ou perder entre corenta ou sesenta mil euros que, repito, a este Grupo non lle preocupaba nada. Pero como viron que non funcionaba agora dan outro paso e din “imos chantaxear” como vostede di ós traballadores, pero as nóminas dos traballadores Manolo Martínez tenas firmadas, o Tesoureiro tamén, pero falta que firme a Interventora, sexa a que hai ou sexa outra”.

Neste momento novamente o Sr. Deputado D. Lino Rodríguez Ónega comeza a facer manifestacións sen corresponderlle o turno de intervención, e o Sr. Presidente indícalle que deixe falar ao Sr. Deputado que está no turno de palabra, e que se quere intervir deberá ser despois.

Continúa na súa intervención o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Ó contrario do que di o informe que leu o voceiro do Grupo Socialista, nós entendemos que eses dous artigos, o artigo 12 que ademáis blindo, porque neste momento encontrar unha Interventora con esas características é case imposible, a Intervención, hai que darlle unha solución. Eu non teño ningún problema en firmar eu só, se vostedes, ou a Interventora ou o Secretario, din que é legal, firmo mañá eu só as nóminas sen ningún problema, pero dáme a sensación de que non porque vostedes o que buscan non é iso senón que o que buscan é ter un elemento para que de novo Manolo Martínez estea imputado, pero tampouco me preocupa.

E despois non sei se é ignorancia ou mala fe, ó fin e ó cabo vostede e eu somos dous ignorantes xurídicos, din que se modifiquen os Estatutos, pero cando os modificamos foron correndo recurrido, hai unha sentenza pendiente, e diso xa falaremos despois; e modificar os Estatutos non é *ipso facto*, se fora así tamén estaba feito, vostede sabe que leva o seu tempo porque hai que ir ó Rexistro, ó Notario, etc., teñen experiencia que presentaron un recurso contra iso; e eu vou asumir as culpas que teño sen ningún problema. A renuncia acéptase condicionada a que queden garantidas as funcións de intervención da Sociedade, Suplusa quere que se fiscalicen as

súas contas, non quere que non se fiscalicen, que é o que buscan vostedes, buscan un motivo para seguir criminalizando Suplusa.

Pero aparte olvidouselle, leu o Estatuto, leu a Base 35; o artigo 15, e voullelo ler textualmente, do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, que é o que pide ese artigo 12 dos Estatutos que vostede non pide modificar, establece que: “ós postos de colaboración corresponderanlle as funcións reservadas que, previa autorización do Presidente..”, do Presidente da Deputación ou do Concello, pero non o de Suplusa porque o de Suplusa se pode facelo faino mañá ou ó saír de aquí, “.. lles sexan encomendadas polos titulares dos postos reservados de Secretaría, Intervención, e Tesouraría”; previa autorización do Presidente, que é o que lle estamos pedindo, que se non vai dona Rosa que vaia quen sexa, porque aquí hai quen poda intervir.

O artigo 213 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora da Facendas Locais, establece que se exercerán nas entidades locais coa extensión e efectos que se determina nos artigos seguintes da mesma Lei as funcións de control interno respecto da súa xestión económica, dos organismos autónomos e das sociedades mercantís delas dependentes; Suplusa segue sendo unha sociedade mercantil dependente da Deputación, a pesares de vostedes, que xa sei que non o queren, pero o Pleno que é soberano decide que si.

Repito, “e das sociedades mercantís delas dependentes, nas súas modalidades de función interventora, función de control financeiro, incluída a auditoría de contas das entidades que se determinen regulamentariamente e de función de control de eficacia”.

Intervén o Sr. Presidente, para manifestar o seguinte:

“Quero recordarlle que a Interventora en Suplusa non ten labor fiscalizadora, que quede claro; fiscaliza na Deputación as contas de Suplusa, e iso sábeo vostede perfectamente”

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Para intentar sacar unha solución disto ás veces liámonos máis. Estamos ante unha moción urxente, porque o é, pero os que non controlamos de lexislación nin de como funciona unha Administración encontrámonos sen saber moi ben que facer; por unha banda o Sr. Santos fixo unha intervención razoada no sentido de que era o Consello de Administración de Suplusa quen tiña capacidade para nomear a Interventora ou Interventor que tería que fiscalizar isto; e por outra banda o Sr. Martínez aposta por que ten que ser a Deputación quen ten que nomear esa persoa; e os que non controlamos o tema que facemos?, porque eu podo ter moita confianza no que di Alvaro, de feito razonouno moi ben, e podo ter confianza no que di o Sr. Martínez que, a priori, penso que ningún deba mentir, ou creo que ningún minte sabendo que o está a facer. Pero algunha decisión temos que tomar porque o que non pode ser é que os traballadores pasen sen cobrar.

Eu penso que aquí alguén ten que facer un informe, guste ou non guste quen deba facelo tería que ser a Secretaría Xeral da Deputación, de quen ten a competencia para nomear a persoa que deba facer as funcións de Interventor, e supoño que cun informe nesa liña do Secretario Xeral da Deputación tanto o Presidente da Deputación como o Presidente de Suplusa poderán tomar a decisión coherente con ese informe, sen ter perigo de que se poida estar facendo unha ilegalidade.

Iso había que facelo xa, e en dous días ter o tema resolto, porque senón se se vai ó Xulgado a solucionar isto de que van vivir estas 29 persoas todos estes meses que se alonga?; se eles teñen que demandar para poder cobrar, menos de catro ou cinco meses non van ter un xuízo, que ademáis levaría consigo a extinción do seu contrato de traballo; co cal entenderán que iso non é viable.

A nós así sobre a marcha e en cinco minutos é o que se nos ocorre, e outra solución non a teño, porque non sei se o resto dos Deputados teñen tantos coñecementos como para, a bote pronto, tomar unha decisión, eu sinceramente non teño nin idea de quen ten a competencia, se é Suplusa ou a Deputación; por tanto que informe o Sr. Secretario e quen teña a competencia que nomee unha persoa primeiro para saír do apuro e despois de forma definitiva nas próximas semanas se é que segue existindo aínda a Entidade”.

Intervén o Sr. Presidente, para manifestar o seguinte:

“Eu creo que xa hai un informe da Intervención, pero pódesele pasar”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Eu o que fago é reproducir precisamente iso, un informe de Intervención no que diferenza o artigo 12 da Base 35; no artigo 12 está recollido o suposto de vacante, no 35 non está recollido o suposto de vacante nas Bases de Execución, pero hai recollidas outras fórmulas que son as que se reproducen nese informe que se lle abren a Suplusa, e que en Suplusa saberán porque se adoptaron ou non, ou porque se fai ou porque non se fai.

Dende logo teñen tamén numero suficiente para pedir, téñeno feito noutras ocasións, Xunta extraordinaria e Consello de Administración de Suplusa, teñen a capacidade de facelo e de resolvelo por esa vía, cando lles están indicando que iso pode estar resolto.

Claro que me preocupan moito os traballadores de Suplusa, preocúpanme e danme pena, porque están sendo utilizados por vostedes para poder vir a este Pleno a discutir e a falar sobre o que non xestionan en Suplusa; teñen a capacidade de decidir sobre Suplusa, sábeno perfectamente, ansiárono, e conseguírono, nada lles impide nomear un Interventor, un accidental, mañá, para pagar as nóminas pasado mañá, pódeno facer, iso é o que deduzo deste informe.

A xente sabe perfectamente que o disparate se mantén en Suplusa grazas ó Partido Popular, que sen o Partido Popular non estaría nesa situación a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, situación que é moi clara e moi concisa, e que non admite discusión, niso si que coincide todo o mundo; nin fai polígonos, nin abre as residencias, e agora non paga ó persoal, esa é a situación de Suplusa, é a situación que sen vostedes non tivese sido posible, vostedes, os que propoñen esta moción levaron Suplusa, e na súa man, que crearon o problema, teñen que solucionalo porque non paga ós traballadores porque non adoptan as decisións que poden adoptar, porque lles interesa máis

tratar de trasladar o debate e tratar de responsabilizar a quen non goberna Suplusa, que non é o Grupo Socialista, e sábeo vostede moi ben, non hai tanto tempo que presumía de poder facer o que quixese e de que iso ía ser magnífico para a sociedade, para os traballadores está sendo sensacional que vostedes podan facelo.

Polo tanto nós non podemos votar a favor dunha proposta que di que solvente a situación unha Institución que non ten que resolver esa situación; a situación teñen que resolvela onde a crearon, nos órganos de dirección de Suplusa. Agora, se non teñen quen lles queira fiscalizar as contas de Suplusa, se non teñen quen queira poñer alí o seu nome ou a súa responsabilidade pensen o que está pasando, pero non veñan aquí dicir iso; a Deputación si que fiscaliza as contas de Suplusa, non é quen de nomear a persoa que fiscaliza as contas en Suplusa; vostedes non están pedindo que o Presidente autorice a alguén a fiscalizar, están pedindo que nomee a alguén que vaia fiscalizar, que obrigue a alguén a ir fiscalizar, que é moi diferente; o que queira, se é funcionario da Deputación, terá que contar coa autorización do Presidente, pero iso non é o mesmo ca que o Presidente obrigue a alguén a ir fiscalizar esas contas sexan cales sexan.

Polo tanto máis alá da demagogia que queiran facer, máis alá da perversión que pretendan facer do noso sentido do voto, insistindo en que cremos que non só o Pleno non é o órgano que resolva a situación de vacante de Intervención na Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, e coas reservas de que o pronunciamento incluso poda ser irregular, non imos votar a favor desa proposta”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“O que creo que a ningún cidadán da provincia lle cabe ningunha dúbida é que a esta situación se chegou non dende logo pola irresponsabilidade do Partido Popular, senón polas loitas internas e polo odio absolutamente inexplicable que teñen entre vostedes e que acabaron incluso pagando prezos con persoas que foran seleccionadas en procesos, que por certo postos a preguntarlle á xente o que opinen gustárame que escoitara o que opinan de vostede as representantes das traballadoras do proceso de selección das residencias.

Dito ó paso, que tamén se enlaza con isto, o que tampouco creo que lle quede ningunha dúbida, despois de ler os artigos, é que vostede hoxe tiña a posibilidade de colaborar e resolver esta situación, como fai con moitos concellos da provincia cando por unha ou outra razón se encontran con vacantes de Intervención. Vostede tiña a posibilidade de solucionalo, e vólvolle dicir que non procede, e cada vez que o facemos ademáis é malo para a imaxe da Institución, volver recordar que situación nos levou ata aquí.

Pero si que tamén lle quero recordar que o que preside neste momento Suplusa foi co voto de vostede; estaba vostede de acordo na votación do cambio de Presidente. E dito sexa de paso, sendo absolutamente responsables todos desta situación, xa non só do pasado, que a medida que pasa o tempo e non se colle o touro polos cornos os problemas son máis grandes, ó mellor ata pode estar de acordo co Bloque Nacionalista Galego en que hai que falar dunha integración de Suplusa na Deputación chegados a este punto, porque o que está claro é que os traballadores, ben sexa os que tiñan unha aspiración para traballar nas residencias ou ben sexa os que hoxe están traballando e que non cobraron o traballo de xullo, e en cambio vostedes si que contan con eles para facerlles traballar en agosto, e cito o de Augasmestas. Se alguén está utilizando ós traballadores de Suplusa non foi o Partido Popular, que non goberna Suplusa, como vostede ben sabe, dende o ano 2007.

Hoxe tiña unha ocasión de colaborar, e dende os medios e recursos humanos que ten a Institución poñer a disposición de Suplusa, dito sexa de paso, para un gasto corrente, absolutamente previsible, e que non estamos facendo ningún investimento que puidera ocasionar ningún risco, porque son as nóminas dos traballadores; non lle pediría esta implicación se fora o proxecto da iniciativa que parece ser que se rexistra por urxencia despois, que iso xa sería outro tema. Estamos a falar dunhas nóminas que están presupostadas, Presuposto aprobado por esta Institución da Deputación Provincial de Lugo, e que estaba absolutamente previsto no día a día da Institución, un gasto corrente sen ningunha excepcionalidade.

Vostedes teñen a posibilidade de colaborar con esta Institución, non por facerlle un favor ó Deputado non adscrito, nin tampouco a este Grupo, que dito sexa de paso trouxemos esta iniciativa tan pronto nos enteramos, evidentemente non será a única, haberá que convocar unha Xunta Xeral

e o Consello de Administración, pero igual que modificar os Estatutos porque ó mellor tamén hai que facelo, pero non imos ter os traballadores catro meses sen cobrar. O que se lle pedía neste momento é unha solución inmediata, e que cremos que xurídicamente estamos perfectamente ben asesorados para pedirlle que a Institución podía colaborar, se non o quere facer alá cadaún e a súa responsabilidade; creo sinceramente que se vostede se alegra de que 29 persoas neste momento non ingresen a súa nómina, como mínimo di moi pouco de vostede”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Dicir tamén que hai algún habilitado nacional en Suplusa que podía firmar perfectamente as nóminas. Creo que isto é unha desculpa de mal pagador”.

O Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martíne Núñez, manifesta que o Presidente e o Tesoureiro xa as firmaron e só falta a firma de intervención.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 15 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular, o Grupo Provincial do BNG, e o Deputado non adscrito); votos en contra, 10 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Pleno da Corporación, por maioría, acorda:

Que a Deputación Provincial de Lugo coa maior axilidade posible solvente a situación producida en SUPLUSA para que os traballadores cobren as nóminas que se lles adebedan”.

SEGUNDO.- Moción do Sr. Deputado non adscrito, en relación con encomenda de xestión a Suplusa para intervenir nos setores da xeración e comercialización de enerxía.

Logo de ver a moción do Sr. Deputado non adscrito sinalada no epígrafe, que literalmente di o seguinte:

“Manuel Martínez Núñez, Diputado Provincial, co fin de poder desenvolver as miñas funcións de tal e ao abeiro do disposto no artigo 23.1 da Constitución Española en virtude do que os cidadáns teñen o dereito a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal, ao abeiro do disposto no artigo 130 e seguintes do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, propón ao Pleno a adopción da seguinte Moción Urxente:

Parte Expositiva:

La energía es un elemento clave en la vida de las persoas que supone un motor de la vida, el desarrollo y el bienestar. Su existencia y su control han sido claves para mejorar las condiciones de vida, el progreso y el incremento de la productividad. En la actualidad en nuestro país, el coste de la energía supone un importante capítulo en los presupuestos de los hogares, de las adinistraciones y del sector productivo. El precio de la energía eléctrica en España está por encima de la media europea, de hecho tiene el quinto precio más alto de la Unión.

Además de esto, España, a pesar de su gran potencial para la producción de energías renovables sigue siendo un país con una gran dependencia energética exterior, superando ampliamente la media europea. Esta dependencia tan elevada se debe al gran consumo de combustibles fósiles (sobre todo petróleo y gas natural) que proceden en su totalidad del exterior. El consumo de estos combustibles además tiene grandes y significativas consecuencias negativas sobre el medio ambiente (lluvia ácida, emisión de gases perjudiciales en la atmósfera, efecto invernadero, ruído, etc.).

En el año 1997 y para cumplir con las directivas de la Unión Europea, mediante la Ley 54/1997 de 27 de noviembre del Sector Eléctrico, se liberaliza el mercado eléctrico en España. Tal vez lo más destacable de esta lei sea la desaparición en la nueva lei de la noción de suministro eléctrico como un servicio público.

El sector eléctrico se divide en cuatro fases: generación, transporte, distribución y comercialización.

Con la aplicación de esta ley se establecía un nuevo sistema de regulación técnica y económica basado en la creación de un mercado de generación de electricidad y la liberalización del suministro de energía eléctrica, limitándose las funciones del Estado al desarrollo de la regulación específica necesaria.

La liberalización de la generación y comercialización hace que sea necesaria una nueva metodología de fijación de precios, ya que deja de ser el estado el que fija las tarifas. Por lo que se crean dos mercados.

- Mercado mayorista: Donde las comercializadoras y grandes consumidoras adquieren la energía requerida a los generadores por medio de mecanismos de mercado.
- Mercado Minorista: En el que las comercializadoras en régimen de libre competencia ofrecerán condiciones a los usuarios para definir los términos de los contratos entre ellos.

El artículo 6.1.f) de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico, define los comercializadores de energía eléctrica como aquellas sociedades mercantiles, o sociedades cooperativas de consumidores y usuarios, que, accediendo a las redes de transporte o distribución, adquieren energía para su venta a los consumidores, a otros sujetos del sistema o para realizar operaciones de intercambio internacional en los términos establecidos en la ley.

La Constitución Española en su artículo 128.2 reconoce la iniciativa pública en la actividad económica y la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local en su artículo 86.1 dispone que las Entidades Locales podrán ejercer la iniciativa pública para el desarrollo de actividades económicas, siempre que esté garantizado el cumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria y de la sostenibilidad financiera del ejercicio de sus competencias.

Al amparo de este precepto, hace ya varios años que distintas administraciones locales de diversas comunidades autónomas han iniciado un proyecto de “generación/comercialización” de energía eléctrica de diversas maneras: a través de contratos bilaterales con otros comercializadores

(cooperativa), creando un consumidor directo en mercado (CDM), convertirse en comercializadora en varias etapas etc.

Para que Lugo contribuya a la mejora del medio ambiente, buscando la máxima eficiencia, para contribuir a una mejor gestión de los recursos públicos que pueda significar un ahorro que revierta en su inversión en otras necesidades de la población mejorando su calidad de vida y bienestar, para contribuir a la reducción de la dependencia energética de nuestro país y más concretamente de nuestra provincia y para dar cumplimiento a la obligación establecida por los artículos 36.1.a), 36.1.b) de la Ley de Bases de ofrecer asistencia y cooperación jurídica, económica y técnica a los Municipios, especialmente los de menor capacidad económica y de gestión y la coordinación de los servicios municipales entre sí para la garantía de la prestación integral y adecuada, debe de iniciar un nuevo proyecto, a través de su empresa pública SUPLUSA que consiste en que esta opere como comercializadora de energía entre otras funciones que se irán desarrollando progresivamente.

Por todo lo anterior, propongo al Pleno de la Diputación la adopción del siguiente acuerdo:

Que por el Pleno de la Excm. Diputación Provincial se le proponga y encomiende a SUPLUSA, que proceda a intervenir sin limitaciones en los sectores de la generación y comercialización de energía”.

Intervén el Sr. Deputado no adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para decir lo siguiente:

“Básicamente aquí lo que se trata es de solventar un problema que yo creo que es una decisión injusta; la censura previa, la decisión de no discutir una moción aquí nunca ocurrió en esta Casa, es la primera vez, y creo que yo tengo derecho a que esa moción se debatiera, se aprobara o no, y ese derecho cercenouseme por parte del Presidente.

A la moción obviamente ahora no le urgencia probablemente, porque tenía que estar incluida en el Orden del Día; entonces yo lo que pido es que, dado que se conculcaron los derechos constitucionales de este Deputado, esa moción que tenía que debatirse antes se debata ahora”.

A continuación efectúase a votación da declaración de urxencia da moción, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25, votos a favor, 13 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Popular, e ao Sr. Deputado non adscrito); votos en contra, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); abstencións, 2 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a declaración de urxencia da moción.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Como dixen antes as decisións do Secretario parécenme respectables pero obviamente non as comparto. E unha delas que me chamou a atención é que poña que, despois da sentenza 242/2007 da Audiencia Provincial de Lugo pola que se declaran nulos acordos sociais adoptados pola Xunta Xeral de Suplusa, é algo temeraria esta moción.

Eu quero dicirlle aquí, e entendo eu e moitos xuristas, que a sentenza non é firme, este é un país de dereito onde básicamente hai unha sentenza a favor, outra en contra, hai un recurso de casación que obviamente a parte que queira pode utilízalo e facelo; e as sentenzas non son firmes ata que hai unha sentenza definitiva que non teña recurso, e aquí non ocorre.

Aparte diso, xa dixen antes que tanto o voceiro do Grupo Socialista coma mín somos ignorantes xurídicos por iso ás veces podemos meter a pata, pero non entra no fondo do asunto do que di aquí da modificación dos Estatutos; a modificación dos Estatutos está aprobada no Consello e na sentenza non fala nada de que se anulen nin as decisións do Consello nin as que hai alí, simplemente non entra no fondo do asunto; co cal esta argumentación non me parece de recibo. As outras podo asumilas, que a Lei diga ou deixe de dicir, pero tamén ten que entender que despois de ver que mocións similares a esta se discutiron en centos de concellos deste país, por exemplo o de Avilés, en Navarra, en Cádiz, Barcelona, sen que os habilitados nacionais dixeran nada da súa ilegalidade ou incluso da súa grosería, tamén me parece temerario que aquí non se deixe debater.

Esta moción básicamente busca, dentro da Deputación e de Suplusa e dos organismos dependentes, incluso estendida ós propios concellos no posterior, eliminar a figura do comercializador, que o faga a entidade Suplusa que está preparada para elo, e serviría básicamente para reducir o custe nos alumeados ou na comercialización de enerxía eléctrica nun 20%, afectaría ós edificios públicos da Deputación, á propia Deputación, concellos da provincia, alumeados públicos, etc., cunhas vantaxes que están claras, aforro de custes finais, posibilidade de desenvolvemento de políticas enerxéticas, empoderamento da administración local e cidadanía. Ou sexa camiñar básicamente a un modelo enerxético máis xusto tendo en conta o benestar das persoas e o seu desenvolvemento.

Como creo que esa función a pode facer perfectamente, como fai outras encomendas de xestión, Suplusa, é polo que viña esta moción aquí”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Esta moción que ven de urxencia, que ten unha variación mínima no contido literal pero moi ampla no real respecto da presentada con anterioridade, elimina a limitación do ámbito territorial desa actividade, co cal eu non sei ata se sería normal facelo; na primeira falábase do ámbito provincial e agora xa sen límite ningún nin de cantidade nin do demáis.

Pero máis alá diso, porque eu creo que é un absurdo entrar a debater sobre se entramos na comercialización, na distribución, ou na explotación, porque a proposta non é só habilitarse como comercializador, porque iso dio claramente, nos sectores da xeneración; eu non teño tan claro que unha administración local poda xerar para comercializar enerxía, que é o que estamos aprobando, e sen ámbito territorial definitivo.

Pero o que si temos claro, supoño, será que se trata dunha iniciativa económica, é unha iniciativa económica dunha administración local aprobar esa actividade que, como ben di o informe do Secretario, require uns cumprimentos, un procedemento, un expediente; entre eles o acordo inicial da Corporación previa designación dunha comisión de estudo composta por membros da

mesma e por persoal técnico, non está; redacción pola devandita comisión dunha memoria relativa ós aspectos social, xurídico, técnico, e financeiro da actividade económica da que se trate na que deberá determinarse a forma de xestión entre as previstas pola lei, e os casos en que se debe cesar a prestación da actividade.

Asi mesmo tamén se debe acompañar un proxecto de prezos do servizo para cuxa fixación se terá en conta que é lícita a obtención de beneficios aplicables ás necesidades xerais da entidade local como ingreso do seu Orzamento, sen prexuízo da constitución de fondos de reserva e amortización, non está, non existe; exposición pública da memoria despois de ser tomada en consideración, non hai memoria, non hai nada que expoñer; e a aprobación do proxecto despois de documentalo e despois de facelo como tal.

Pero preténdese que se faga unha encomenda ademáis a Suplusa, independentemente da interpretación que se poda ter de se é medio propio ou non, ou se cumpre ou non cumpre, que non está contificada, non está limitada no ámbito de actuación, e tampouco no do tempo; o que vote isto a favor “bienvenido sea en el mundo de los valientes” porque fai falta ser un heroe para atravesarse a encomendar algo a unha Sociedade sen contificalo, sen delimitalo de ningunha maneira, e asumindo o risco total. É verdade que hai na proposta un chamativo a que vai haber un impacto medioambiental impresionante, supoño que será que se consumirá menos, ou que realmente imos á xeración de enerxía mediante outras alternativas e non nos quedamos na comercialización que é o que se puxo.

Eu creo que isto está inconcreto, que estamos aprobando, se así se entende, unha encomenda de xestión a unha entidade sobre a que polo menos pesa a dúbida de se podemos encomendarlle algo por ter ou non a condición de medio propio, a nosa interpretación é que non o ten porque así se ten dito, pero aínda aceptando esa dúbida, sen contificalo, sen limitalo, sen tan sequera ter cumprido o procedemento para a aprobación da iniciativa económica e posterior aprobación. De verdade, as cousas, aínda podendo coincidir no obxectivo de ofrecer un novo servizo ós concellos, creo que hai que facelas cun pouco de seriedade e rigorosidade; creo que nos termos en que se presenta non pode ser votado a favor, non se pode aprobar porque eu creo que incurrimos incluso en riscos para nós como cidadáns e como políticos”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“É certo que podo coincidir nalgunha valoración co voceiro do Grupo Socialista, e indubidablemente a mesma crítica que fixen no punto un, que faltaba a memoria económica, etc., podo reproducila aquí. Ben é certo que non vin o informe que se fixo para deixar fóra da Orde do Día esta moción; si que vin algún caso, concretamente o concello de Barcelona, unha administración local que puxo en marcha unha iniciativa similar, pero creo que a única posibilidade que puidera ter o respaldo deste Grupo é que se aceptara emendala na proposta de acordo onde quede dunha maneira clara que se siga o procedemento legalmente establecido, e con tódolos informes pertinentes e precisos para poder estudarse este novo servizo prestado por esta entidade.

Se flexibiliza a proposta de acordo e queda explicitamente claro que se seguirán os procedementos legalmente establecidos, que lle adianto que non o traio estudado porque non ía na Orde do Día, entrou por urxencia, non temos ningún inconveniente en que se poda explorar este novo servizo para a provincia; sen dúbida o custe da enerxía é un grave problema para as Administracións, para familias, e para iniciativas privadas, se hai algunha fórmula de que sexa máis económica non imos ser nós quen impidamos que se estude, pero en todo caso sen saltar o procedemento legal”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Coma no caso anterior, en canto ó tema da urxencia, aquí había un sentimento contradictorio por así dicilo, porque se noutros ámbitos como por exemplo no nivel municipal nos “enfadamos” ou protestamos cando algunha moción non foi tratada ou foi pasada a rogo, lóxicamente por pura coherencia cando iso tamén se fai noutro ámbito tampouco nos pode parecer ben; outra cousa é o contido da moción ou que incluso de aprobarse porque fora manifestamente ilegal a súa aprobación non se lle fixera ningún tipo de caso, iso é outra cuestión. Si é certo que a

priori sacala da Orde do Día parécenos cando menos un pouco forte, e sobre todo porque falar nunca fai dano, en todo caso peor efecto ten o de que non se debata.

Outra cousa é que unha cuestión deste calado se poda tratar nunha moción de urxencia, que por iso foi o sentido do noso voto de abstención; porque tamén é certo que é algo que ten tal calado que é completamente imposible poder posicionarse sen un debate profundo, sen un estudo concienciado porque é unha proposta forte, e que ten unhas implicacións económicas e sociais moi importantes; e deixando claro que a priori é algo para estudar, sobre todo a parte comercializadora.

Aparte da comercialización, si é certo que é cando menos unha idea para estudar e incluso para poder plantexarse nun futuro que unha Institución como a Deputación puidera ofertar este servizo ó conxunto de concellos da provincia, eu penso que tamén saírmolos do ámbito provincial case non me atrevo a cualificalo. Pero iso teríase que facer nunha situación política e institucional que nada ten que ver coa actual, que sería unha auténtica temeridade neste momento cando aínda non se sabe moi ben se os actuais estatutos van ser aceptados ou non, non se sabe moi ben se dentro duns meses entrará o antigo Consello de Administración a ser o que leve a Sociedade, non se sabe moi ben que pasará en todos e cadaún dos aspectos do funcionamento de Suplusa, tampouco se sabe moi ben se dentro duns meses existirá a propia Suplusa, e non terá que absorber a Deputación as funcións da entidade co seu persoal; a nós non nos parece nin serio, nin responsable, nin normal, meterse neste momento neste tipo de aventuras.

É verdade que con ese matiz, que é bastante máis ca un matíz, que propoñía a Sra. Candia de “estudarse” xa suaviza bastante a proposta, porque unha cousa é aprobar emprender un camiño e outra cousa é que se estudará se se emprende ese camiño. Aínda así, sinceramente, coa situación política e institucional que temos neste momento sería completamente temerario emprender este proxecto ou calquera outro que non se sabe como vai acabar dentro duns meses”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“O de inconcreto e o da memoria económica foi unha pena que non o aplicara no punto tres da Orde do Día de hoxe referido á Tic, o que pasa é que vostedes utilizan unha cousa e outra segundo lles convén.

Pero antes de nada quixera felicitar ó Grupo Socialista porque a verdade é que están contentos no Pleno, estan rindo, mostrando unha falla de educación total e absoluta, pero tampouco se pode esperar moito máis.

Isto é rigoroso e serio, obviamente se non hai encomenda de xestión non se pode estudar nin se pode facer; o primeiro que ten que haber é unha encomenda de xestión e a continuación Suplusa, ou incluso colaborando coa propia Deputación, poderase estudar e presentar todo isto, que por certo non daría moito traballo porque xa hai traballo adiantado, pero iso é o de menos.

E despois a dúbida que plantexa a voceira do Grupo Popular en canto a dicir que o procedemento sexa completamente legal, eu ata agora aquí non trouxen ningunha proposta que non se poda incluír dentro da legalidade; agora rise o Presidente, están felices, a provincia vai ben, non hai problemas, e a vivir que son dous días!”.

Neste momento intervén o Sr. Presidente para manifestar o seguinte:

“Limítese ó asunto e deixese de tonterías, porque a verdade é que leva un día espléndido”.

Continúa na súa intervención o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Procuro estalo sempre Sr. Presidente, e a mín ó fin e ó cabo nunca me reprobaron.

Eu pediríalles un pouco de seriedade e se aplican unha norma, neste caso á Tic, que a apliquen a Suplusa. A encomenda é totalmente legal, fíxose en cincuenta ou douscentos concellos deste país, estano a facer incluso concellos pequenos; pero, diferindo unha vez máis do Secretario, haberá que facer a encomenda de xestión e despois dar todos eses pasos que, por certo, el nomea no

seu informe a Lei 9/2017 que foi o detonante para iniciar vostedes o asalto a Suplusa, e no artigo 16 di claramente: “Contratos de suministros: en todo caso se considerarán contratos de suministros los siguientes: d) Los que tengan por objeto la adquisición de energía primaria o energía transformada”, artigo 16 da Lei 9/2017.

O artigo 32, que o cita o Sr. Secretario como un inconveniente para poder hacer este encargo a Suplusa, lo dice claramente también; en el primer apartado dice:”... valiéndose de otra persona jurídica distinta a ellos, ya sea de derecho público o de derecho privado”, que sería Suplusa, “..previo encargo a esta..”, “... Tendrán la consideración de medio propio personificado respecto de una única entidad concreta del sector público aquellas personas jurídicas, de derecho público o de derecho privado, que cumplan todos y cada uno de los requisitos que se establecen a continuación: Que el poder adjudicador..”, que es uno de los temas que serían capitales, “... que pueda conferirle encargos ejerza sobre el ente destinatario de los mismos un control, directo o indirecto..”; esta Deputación, les guste o no les guste, tiene control no solo directo o indirecto, más bien directo, sobre Suplusa; pero no son vostedes, el Grupo Socialista, quenes tienen el control, que ya lo quisieran, lo tiene el Pleno, y eso es lo que les molesta.

“Conformidad o autorización expresa del poder adjudicador respecto del que vaya a ser medio propio”. “Verificación por la entidad pública de que dependa el ente que vaya a ser medio propio, de que cuenta con medios personales y materiales apropiados para la realización de los encargos de conformidad con su objeto social”; lo está porque esas modificaciones de Estatutos no están anuladas totalmente.

Y todas las dudas que plantea el Sr. Ferreiro, que me duele políticamente que plantee dudas aquí, cuando en un acto de cobardía y escapismo se marchan de Suplusa, porque por lo menos el Partido Socialista lo que hacen es decir “nos vamos, pero seguimos, cuando hay un tema que nos gusta vamos y cuando no no vamos”, ustedes escapan de sus responsabilidades; a súa responsabilidade é estar controlando Suplusa que tamén loitaron por elo, pero como hai problemas o mellor é escapar.

Esta Entidade pode, coa coletilla que presentou o Partido Popular, porque obviamente eu non veño aquí a facer propostas ilegais, encomendarlle a Suplusa esa función, e despois xa se farán os estudos unha vez encomendada porque se non hai encomenda perder o tempo non creo que sexa a función de ningún organismo público, vostedes parece que si.

Entonces eu pídolle ó Partido Popular e ó resto dos Deputados que lle dean a oportunidade a Suplusa de demostrar que se pode comercializar enerxía eléctrica e redundará nun 20% que gastamos cadaún dos concellos de aforro, non mañá, nin pasado, pero próximamente”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A verdade é que o Pleno ten sido interesante, porque se ten posto de manifesto que Suplusa non pode facer o que lle parece, é bo que se vaia recoñecendo ese escenario; se ten posto de manifesto quen goberna Suplusa, é imposible sen o Grupo Popular, e estámolo vendo con claridade; e téñense posto de manifesto outras cuestións.

Eu de momento as cuestións xurídicas prefiro confiar no criterio de quen está habilitado para facelas ca noutro, e polo tanto sobre esta proposta hai un informe que advirte de que non ten sentido pronunciarse, pola situación de Suplusa respecto da Deputación e pola propia materia ou acordo que se pretende abordar.

Eu entendo que o que se vai votar finalmente é que polo Pleno da Deputación se lle propoña e encomende a Suplusa que proceda a intervir sen limitacións nos sectores da xeración e comercialización de enerxía respectando tódolos criterios legais, con esa engádegas que fai o Grupo Popular. Ata agora do que tiña que facer non deu feito nada, a ver se agora coa maioría do Partido Popular, con ese goberno do Partido Popular, tamén o van facer.

Nós, reservándonos non só da advertencia senón do inconsistente da proposta, porque unha cousa é que o fixera Barcelona, que o fixo, ou que o fixeran outros concellos, que o fixeron, supoño que o farían seguindo o procedemento e cumprimentando os expedientes, e dando tódolos pasos

que tiñan que dar, evidentemente non o imos votar a favor, non podemos apoiar isto que é inconsistente, e que é absolutamente diferente do que se propón no punto tres.

É verdade que vostedes o saben, entónces é escusado intentar convencelos, porque iso xa o saben, o que pasa é que lles interesa soltar outro repertorio; eu pídolles que reflexionen e que muden de actitude, señores Deputados do Partido Popular, porque Barataria tiña que ter quedado no Quijote na época da cabalería andante e non pinta nada no século XXI, e vostedes teñen convertido a Suplusa nun Barataria perfecto”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“O principal exercicio que debe facer vostede cando se levanta debe ser analizar o que foi esta lexislatura dende o ano 2015, e especialmente no que converteron esta Institución, por extensión Suplusa. Vostedes dixeron que asinaban unha moción de censura para restablecer a normalidade democrática nesta Institución, e nin se gañou en democracia, e hoxe temos un claro exemplo, que é a primeira vez que unha moción rexistrada en tempo e forma non se inclúe na Orde do Día para ser votada, poderá ser a favor ou en contra; é a primeira vez que, alo menos dende o tempo que eu estou aquí, nin se gañou en normalidade.

E non sei porque se remite ó Quijote, eu máis ben iría a Valle Inclán, e poucos esperpentos houbo nas Institucións locais dende que temos época democrática; iso só ten un responsable, que son as liortas internas do Partido Socialista que eu sempre dixen que discrepancias internas nun Partido poden ocorrer en calquera forza política, pero a altura de miras e a responsabilidade está en saber resolvelas, especialmente cando esa pelexa e ese enfrontamento vai máis aló dos muros da Institución. Entónces, leccións vostedes sobre normalidade, sobre democracia, e sobre respecto ós compañeiros, as xustas, especialmente por parte de vostede.

Dito isto, este Grupo sempre intenta poñer esa salvidade porque, tamén hai que dicilo, nesta lexislatura temos visto de todo; teño que recordar cando pretendíamos aprobar o

Reglamento Orgánico de Funcionamento e se nos notificou por informe que non fora a unha Comisión cando efectivamente fora a unha Comisión.

Entonces non lle oculto que nos pon certo respecto todo isto porque se ve que non importa que 29 persoas non cobren; non importa que 60 persoas que estean seleccionadas non cobren; non importa que teñamos edificios inaugurados e con tódolos permisos e con todo aberto, pero con tal de que alguén, polas razóns case incomprensibles, non se saia coa súa non abran; non importa calquera cousa; e eu moito me temo que en calquera momento alguén, con todo iso que todos coñecemos, acabemos, por circunstancias coma esta, nun proceso penal, porque todo parece indicar, sobre todo algunhas das advertencias que nos fan; entonces eu, que evidentemente intentamos analizar todo co maior detalle e coa maior responsabilidade, non teño ese informe, eu non vira nunca a posibilidade de que unha moción que se rexistrou en prazo non se inclúa, porque a verdade é que a mín tampouco me pasou e mire que o Goberno que me precedeu en responsabilidade en Mondoñedo non eran dos máis democráticos, pero tódalas mocións que rexistrei se someteron a debate, e non estaba preparada realmente para esta circunstancia. Por iso non lle ten que parecer mal, e tampouco lle ten que parecer mal que indubidablemente se obrigue a cumprir tódolos mecanismos, procesos, e memorias, como dixen no punto un.

Si que canto un máis fala, sobre todo cando conta medias verdades, por non dicir unha afirmación máis contundente, xa afloran as incoherencias, porque na primeira intervención o voceiro do Grupo Socialista dicía que neste tema non coñecía ningún ente que fixera semellante cousa, ningún concello e ningún ente local, cando lle cito o de Barcelona recoñece que o coñece e que efectivamente está funcionando, porque de feito xa está funcionando.

Entonces todo isto, e sirva unha vez máis para centrarnos e intentar apartar aquilo que nos separa, e non sei se isto vai servir para algo; dende logo nós non podemos renunciar a que Suplusa faga as súas funcións, ten un orzamento público, ten uns traballadores, temos a obriga de que sexa un Ente, que é un ente adscrito da Deputación, unha sociedade pública da Deputación, eficiente e eficaz, porque non nos guste ou nos guste menos quen o preside nós temos a obriga de rendibilizalo ó máximo, e eu nesta lexislatura non estou disposta a renunciar a que Suplusa siga cumprindo con Cospeito, que ten quince solicitudes de empresarios para poñer en marcha un polígono; se

efectivamente Castroverde, que agora nos contestarán se lle van ceder ou non o edificio, parece ser que manifestou a vontade de que se xestione con Suplusa e que o faga; non debemos renunciar a iso, aquí non estamos para traballar con amigos senón que estamos para traballar con responsabilidade, Suplusa ten o seu orzamento, non sei se pode entrar na comercialización de enerxía eléctrica ou non, o tempo nolo dirá, pero porque haxa un problema político, onde ademáis están en absoluta minoría, nós temos a obriga de que traballen e que traballen con responsabilidade, se non o fan temos a obriga de facerllo.

Nós temén teríamos unha postura cómoda evidentemente que era abandonalo, pero eu creo que se nos votaron e asumimos o cargo de Deputados, Suplusa existe antes do Deputado non adscrito e existe antes do Grupo que integra hoxe o Partido Socialista, é unha entidade que ten recursos públicos e nós temos a obriga de esixir que funcione con eficiencia igual que a Deputación, e cando non o fai traemos iniciativas.

Por tanto se me acepta iso apoiarémosla, e se non o acepta votaremos en contra”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, quen manifesta o seguinte:

“En canto á emenda, acéptoa, porque repito que ninguén fai propostas ilegais aquí.

A criminalización de Suplusa está clara que está no subconsciente destes señores; e dicir que non xestiona é dunha ignorancia total e absoluta, tamén é verdade que non é conselleiro porque os que son conselleiros non o deben informar, pero xerar unha cantidade de IVE sobre 300.000 euros nun trimestre creo que delata bastante a actividade, se cadra cando gobernaban outros non se preocupaban desas cousas.

Isto é perfectamente legal, e perfectamente factible, e é beneficioso para os Concellos, para a Deputación, para a provincia, e para as persoas, e por iso se se aproba ímolo facer e ímoslle demostrar, como lle estamos demostrando, que a pesares de tódalas pegas que poñen vostedes,

legais, presuntamente ilegais, ou presuntamente irregulares, Suplusa segue funcionando, e os problemas que ten, xa llo dixen antes, tenos polo Grupo social arribista.

E polo que respecta á moción de censura, outro día que haxa máis tempo xa lles explico porque funcionou a moción de censura, porque obviamente non o quero facer nestes momentos pero pódese explicar claramente non só para gobernar esta Deputación senón incluso a Fegamp; pero iso queda para outro día”.

A continuación pide a palabra o Sr. Secretario Xeral, D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo, séndolle concedida pola Presidencia, para dicir o seguinte:

“Vendo a proposta que se plantexa eu, pola miña responsabilidade, teño que facer clara advertencia de ilegalidade da proposta nos termos que se plantexa”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Haberá que levantar o reparo para que non pase como outra vez que se votou e despois, como non se tiña levantado o reparo, había problemas”.

Por parte da Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, maniféstase ó Sr. Secretario se podería repetir o dito.

Seguidamente intervén o Sr. Secretario Xeral D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo, no seguinte sentido

“Digo que, pola responsabilidade que teño, debo advertir da ilegalidade da proposta nos termos que se plantexa”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para preguntar se iso se pode documentar e se se pode ter acceso a ese informe.

A continuación intervén o Sr. Secretario Xeral D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo, no seguinte sentido.

“Emitíuse un informe en relación con este asunto, pero que non está aquí posto de manifesto no Pleno senón que se citou de palabra”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Evidentemente iso teremos que documentalo, se hai un informe sobre a ilegalidade ou se temos que levantar un reparo temos que ter o texto para poder facer un pronunciamento”.

Intervén o Sr. Secretario Xeral D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo, quen manifesta o seguinte:

“Xa lle digo que hai un informe con anterioridade, en base ó cal non se incluíu a moción na Orde do Día do Pleno. Eu só digo que nos termos en que se plantexa a votación eu, pola miña responsabilidade, teño que facer constancia de que é ilegal”.

Pola Sr. Deputada D^a. Elena Candia López pregúntase se nesa advertencia se inclúe tamén a emenda.

O Sr. Secretario Xeral indícalle que a advertencia refírese nos termos en que se presenta.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Nos termos en que se presenta é cumprindo estrictamente a legalidade, Sr. Secretario, non sei se vostede o entendeu. E supoño que haberá que levantar o reparo”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial Popular para dicir o seguinte:

“Como se vai levantar un reparo que non temos?, non podemos votar algo que non temos”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Se el o di ímolo crer”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Votemos a moción tal e como está, e en canto á emenda terá que dicir o Sr. Secretario se se vota a moción coa coletilla esta de que se é legal todo vale, aquí estamos acostumbrados a iso, se é legal vale todo e listo, esa é a coletilla que pon sempre.

Imos votar a moción coa emenda de engádega do Grupo Provincial Popular”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D.Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“A moción é completamente legal, o que creo que é irregular é o informe do Secretario, pero xa se demostrará”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Vostede pensa que o que fan os demais é ilegal, pero o seu non”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D.Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Eu xa dixen que o acepto pero non o comparto. Paréceme moi ben que boicoteen as miñas propostas, están no seu dereito, pero o que se pide aí que é que a Deputación lle encomende a Suplusa, cumprindo a legalidade vixente, a comercialización de enerxía eléctrica, se é ilegal veña

Deus e o vexa, pero xa o veremos noutro lado imaxino. E procedamos á votación pero non me veñan dicindo despois que non se pode cumprir a moción porque non se levantou o reparo”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Aqui non houbo ningún reparo, só se lle dixo que era unha moción ilegal; se acepta a emenda do Grupo Popular na que xa lle di que non é ilegal, xa está. Por tanto imos pasar á votación da moción coa emenda do Grupo Popular”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“O Partido Popular non lle dixo que era legal, o Partido Popular emendou a proposta de acordo dicindo que o compromiso que asuma esta Institución sempre se enmarque dentro da legalidade”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular e ó Sr. Deputado non adscrito); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Por tanto o Pleno da Corporación, por maioría acorda:

Que polo Pleno da Excma. Deputación Provincial se lle propoña e encomende a SUPLUSA, cumprindo a legalidade vixente, que proceda a intervir sen limitacións nos sectores da xeración e comercialización de enerxía”.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Por parte do Sr. Presidente maniféstase que hai dúas Preguntas formuladas polo Grupo Provincial Popular, ás que se dará resposta a continuación.

Así mesmo o Sr. Presidente recórdalles ós señores Deputados que está publicado o novo Regulamento e que está en vigor.

PREGUNTAS

Primeira.- Formulada polo Grupo Provincial Popular, relativa aos permisos dos catamarán, do seguinte teor:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ó abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

A Excma. Deputación Provincial de Lugo xestiona as rutas fluviais en catamarán ao longo dos ríos Miño e Sil.

Este servizo entrou en funcionamento, nesta tempada, unha vez que na Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo celebrada o día 6 de abril de 2018 adxudicouse a contratación das prestacións necesarias para o funcionamento das rutas fluviais nos encoros de Santo Estevo (río Sil-embarcadoiro de Doade) e os Peares (río Miño-embarcadoiro de Belesarpobo), na tempada 2018.

Así, o Grupo Provincial do Partido Popular traslada a seguinte pregunta:

- ¿Os catamaráns contan con todos os permisos e autorizacións en regra necesarios para poder estar en funcionamento e prestar o servizo?”.

Intervén o Sr. Deputado D. Eduardo Vidal Baamonde, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Con data 18 de febreiro de 2016 a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil dictou a seguinte resolución: “Expediente de autorización para la navegación de una embarcación a motor,

catamarán Pelegrín II, por el embalse de Os Peares en el río Miño, provincia de Lugo, peticionario Diputación Provincial de Lugo, autorización para la navegación válida hasta el 31 de diciembre de 2018”.

Esta misma autorización repítese para cadaún dos barcos a que fai mención o Partido Popular na exposición de motivos da súa pregunta; e están a disposición de calquera persoa que queira consultar as autorizacións que están en poder deste Servizo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Simplemente unha aclaración. Dinos que efectivamente tanto o Pelegrín coma o resto dos barcos contan coa autorización da Confederación Hidrográfica, pero estes barcos están sometidos a ITVs por parte do Ministerio de Industria e outras cuestións; tamén alcanzan que contan con tódalas ITVs e permisos?. Nós facémolles esta pregunta porque no sector se poñen dúbidas; nós se cumpren con tódolos permisos nada máis que aclarar. Quero dicir, aparte da Hidrográfica, teñen as ITVs e demáis permisos de navegación ó corrente?”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Eduardo Vidal Baamonde, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Tódalas autorizacións necesarias emitidas polo Ministerio de Agricultura e Medio Ambiente, no seu nome a Confederación Hidrográfica en data 28 de febreiro de 2016, que é a entidade que autoriza ou denega a navegabilidade das embarcacións; a presente autorización está vixente ata 31 de decembro de 2018. Están todas na mesma circunstancia”.

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa á residencia e centro de día de Castroverde, do seguinte teor:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ó abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

Visto o acordo do Pleno do concello de Castroverde de data 12 de xullo do 2018, no que se solicitaba:

1. Solicitar da Deputación Provincial de Lugo, a entrega e cesión ó concello de Castroverde, tanto da edificación, residencia e centro de día, para persoas maiores, Residencial O Castro, co seu respectivo amoblamento como dos terreos sobre os que se asenta esta edificación, e todo elo nos mesmos termos nos que Suplusa os entregou e cedeu a esa Deputación mediante acordo adoptado polo seu consello de administración en reunión celebrada o 8 de marzo do 2018.
2. Solicitar da Deputación Provincial de Lugo, que se aplique a este concello o réxime económico da achega financeira da deputación, prevista para o resto de concellos da rede de residencias dependentes da Deputación Provincial de Lugo

Pregunta:

¿ Ten previsto o A Deputación cursar esta solicitude e en que data?”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“A petición creo que entrou a semana pasada, eu non a vín pero xa teño falado co Alcalde de que non habería problema en cederlle a residencia ou facer o convenio como tiñamos planeado cos outros concellos”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as dezaseis horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.